



Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

Estudos de Onomástica Galega X Os nomes do mar

Edición de Ana Boullón e Luz Méndez



REAL ACADEMIA GALEGA

Estudos de Onomástica Galega X

Edita:
Real Academia Galega

ISBN:
978-84-17807-53-5

Depósito Legal:
C 1882-2025

<https://doi.org/10.32766/rag.456>

© Real Academia Galega, 2025

Deseño da colección:
Grupo Revisión Deseño

Maquetación:
Real Academia Galega

Impresión:
Sacauntos Cooperativa Gráfica
www.sacauntos.com



**REAL
ACADEMIA
GALEGA**



**Deputación
Pontevedra**

Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

Estudos de Onomástica Galega X

Os nomes do mar

Xornada de estudo

4 de outubro de 2025

Edición de Ana Boullón e Luz Méndez



REAL ACADEMIA GALEGA

Limiar

Ana Boullón

ORCID: 0000-0001-9949-0035

Luz Méndez

ORCID: 0000-0003-2455-0616

Real Academia Galega

Arredor do 70 % do planeta Terra é auga, e desta o 95 % é auga salgada. Galicia conta cunha enorme extensión de costa: 1498 km (INE), o que dá idea da importancia do sector marítimo no país. Toda esta costa e o mar que a rodea están nomeados, pois as persoas que os habitaron ó longo dos séculos consideraron útil indicar de maneira precisa todos os accidentes de relevo ou outras realidades xeográficas que eran importantes para a súa vida: os nomes das pedras, os baixos perigosos para a navegación, os lugares con interese pesqueiro, marisqueiro ou con argazo, os puntos dos naufraxios...

Dos nomes do mar, dos accidentes xeográficos e dos elementos relacionados con el, tratou a X Xornada de Onomástica da Real Academia Galega, concretamente da talasonimia e a naonimia.

O Grupo de Expertos en Nomes Xeográficos da ONU (UNGEGN) non recolle aínda no seu Glosario Terminolóxico o termo *talasónimo*. O Grupo de Traballo en Terminoloxía Toponímica da UNGEGN propuxo en 2019 a súa inclusión, coa seguinte definición para a edición en inglés: “*thalassonym*: A subset of *macrotoponym*: the name of an ocean or large sea. Examples: *Atlantic Ocean*, *Pacific Ocean*, *North Sea*, *Bay of Bengal*”.¹ O termo está constituído polas palabras gregas *thalassa* ‘mar’ e *onimia*, un derivado de *onoma* ‘nome’. Esta definición, ó noso ver, é demasiado xeneralista e non ten en conta a riqueza toponímica das sociedades que, coma a nosa, viven do mar e que o nomean, como fan coa superficie terrestre, para orientarse nel, nin a toponimia invisible, submarina, que antes era imprescindible para os pescadores.

A talasonimia galega está aínda pouco rexistrada e estudada, pero non podemos deixar de lembrar importantes traballos neste eido como os de Vilar (2008, 2010, 2013, 2016), Martínez Baleirón (2007), Nieto Novoa (2008) e Garabana

1 https://unstats.un.org/unsd/ungegn/sessions/3rd_session_2023/documents/GEGN.2_2023_31_CRP31.pdf

(2014), ou a experiencia didáctica dirixida por Diéguez Pardo, Arias Chachero e Fernández Cabanelas (2013). E son tamén salientables iniciativas de recollida en liña, como *Galicia Nomeada*,² ou outras particulares, como a incentivada polo Instituto de Estudos Miñoráns para a microtoponimia, onde se presta tamén atención á do litoral.³ En todo caso, estas ferramentas están deseñadas máis para a toponimia terrestre; a do litoral ou a subacuática requirirían unhas características técnicas específicas.⁴

Pola súa parte, a *naonimia* consta dun primeiro elemento, tamén grego, *naus* ‘nave’, ‘barco’, ‘buque’, contido tamén en voces como *nauta* ‘navegante’ ou *náusea*, orixinariamente ‘mal do mar’. Esta rama da onomástica estuda, pois, os nomes das embarcacións que sucen o mar. A naonimia pode entenderse como unha parte da talasonimia e así se fai en ocasións, igual ca outros elementos asociados á vida dos mares e océanos como os faros ou as construcións portuarias. En Galicia hai censadas 3 681 embarcacións de artes menores e 1 278 buques auxiliares da acuicultura,⁵ cifras que mostran o peso económico deste sector e tamén, para o que aquí nos atinxe, a súa riqueza onomástica.

Aínda son menos os traballos sobre naonimia. Foron pioneiros os de Ferreira Priegue (1998), centrado na Idade Media, Ferro Ruibal (2007), con perspectiva xeral e Acea Méndez (2007), focalizado nos nomes dos barcos de Vigo; moi recente é o de Fernández Otero (2024), que trata os do Grove.

O estudo dos nomes do mar precisa dun pulo forte en Galicia por varios motivos. O principal, e compartido pola microtoponimia, é a urxente necesidade dun labor de recollida, polo risco de caer no esquecemento e de desaparecer. Agora ben, os talasónimos posúen unhas características específicas: o uso destes nomes restrínxese habitualmente ás comunidades marítimas e ás xentes que traballan e viven dos recursos do mar; por outra parte, para aqueles que non os coñecen e non os aproveitan, os espazos da superficie e do fondo mariños son difíciles de localizar e precisar; e, finalmente, o seu rexistro escrito é escaso e limitado a usos de navegación ou de defensa, coma nos portolanos e cartas náuticas.

2 <https://galicianomeada.xunta.gal/sixtop/inicio>

3 <https://iem.gal/toponimia/toponimia-recollida-polo-iem/>

4 Por exemplo, deberían estar marcadas as liñas isóbatas. Ademais, no mar non están claras as asignacións aos concellos nin ás parroquias, o que é obrigado en *Galicia Nomeada*.

5 <https://www.pescadegalicia.gal/informe-rexbuq/agregacion>. Só se indican as categorías máis importantes cuantitativamente. Data da última consulta: 31/12/2025.

Nesta X Xornada da Onomástica da Real Academia Galega quixemos traer á fronte estas ramas da onomástica dende diversas aproximacións: a cartografía, a recollida, a vinculación coa nosa cultura, a divulgación e o aproveitamento didáctico nas aulas.

Ángeles Piñeiro Antelo, profesora da Universidade de Santiago de Compostela, ofrécenos neste volume unha visión xeral da situación da cartografía histórica de Galicia, incluíndo os actuais repositorios dixitais. Céntrase nos rexistros da toponimia marítima, moi escasos na cartografía oficial, pois xeralmente só recollen nomes de portos e accidentes xeográficos costeiros, polo que cómpre botar man de fontes complementarias elaboradas para garantir a seguridade na navegación. Incide a autora na necesidade de rexistrar todos eses nomes que utilizan as xentes que traballan e aproveitan o mar e de integralos na cartografía oficial, correctamente homoxeneizados e estandarizados, segundo os requirimentos dos modernos Sistemas de Información Xeográfica.

Helena Domínguez García, da Universidade de Vigo, preséntanos a súa experiencia na recollida de campo da toponimia marítima da Illa de Arousa, da cal extrae unha pormenorizada descrición das características da talasonimia galega e os procedementos precisos para o seu estudo: a necesidade de coñecemento do territorio estudado, a selección dos informantes e as técnicas da recollida de datos, o material complementario (cadernos de marcas, por exemplo) e, finalmente, unhas pautas para o estudo e interpretación dos talasotopónimos.

Un magnífico exemplo das persoas que atesouran o coñecemento onomástico do mar de Galicia é o mariñeiro guardés José Benito Rodríguez Álvarez, “Tito O Chirro”, que nos ilustra sobre os mares que navegou e que coñece, nomea e cartografa na súa memoria. Explícanos tamén como os mariñeiros delimitan e bautizan ese territorio somerxido que lles dá sustento e que aman e respectan con temor e bravura: as marcas, mediante as cales nomean e localizan puntos de posicionamento óptimos para a obtención dos recursos dos que viven.

Ben sabe do tesouro patrimonial destes nomes Xosé Lois Vilar Pedreira, do Instituto de Estudos Miñoráns, pois dedica unha gran parte do seu tempo á recollida, rexistro, estudo e divulgación da talasonimia galega. Cóntanos aquí a súa experiencia nas viaxes que levan anos facendo ó mar de Baiona e Panxón para explicar os nomes do mar, acompañados de intérpretes de lingua de signos que fan accesible estes saberes tamén ás persoas xordas. Fálanos nesta ocasión dos saberes mariñeiros, de cales elementos xeográficos estuda a talasonimia e de

como se debe preservar e divulgar todo este coñecemento para que a cidadanía sexa consciente da importancia deste ben patrimonial.

Como xa se dixo, non só os accidentes xeográficos marítimos son obxecto da talasonimia. Lucía López Lires e Aarón Otero Ferrari, da Universidade de Santiago de Compostela, expóñennos o seu traballo de estudo dos nomes de barcos e das bateas das Rías Baixas (concretamente, da ría de Noia e da costa de Cangas de Morrazo). Parten do Rexistro de Buques de Galicia destas áreas, a través da plataforma *Pesca de Galicia*, que permite unha recolla exhaustiva, e analizan o corpus dos nomes das embarcacións menores desde varias perspectivas: lexislación que atinxe ao nome, linguas usadas, clasificación dos nomes... Sempre é difícil establecer unha tipoloxía semántica nun corpus onomástico de forma autónoma e asemade guiada se non se ten información das persoas que puxeron os nomes; neste traballo dáse un paso máis nas principais motivacións que levaron os donos a escoller nomes para as súas embarcacións.

Xosé Manuel Dopazo Entenza, do IES Antón Alonso Ríos, en Tomiño, levou a naonimia ás aulas e presenta aquí a súa experiencia docente na aplicación desta rama da onomástica á didáctica. Nela, o alumnado enfrontouse á recollida e análise dos nomes dos barcos da súa localidade, de maneira que contribuíu a fixar contidos da materia de lingua e galega e literatura, pero tamén demostrou a transversalidade propia dos estudos de onomástica, pois puido desenvolver competencias en matemáticas e ciencia, en conciencia e expresión cultural ou comunicación lingüística, entre outras.

En definitiva, todos estes estudos contribúen a analizar o estado da cuestión, detectar as carencias no seu estudo e abrir novas vías de traballo, o que vén sendo o obxectivo destas xornadas desde hai xa dez anos. O campo da onomástica segue revelándose como un eido inesgotable e fundamental para a nosa cultura e identidade.

Bibliografía citada

- Acea Méndez, Isabel (2007). Naonimia galega. Denominación dos barcos de pesca rexistrados en Vigo desde 1876. En: Luz Méndez e Gonzalo Navaza, eds. *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica “Frei Martín Sarmiento”*. Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 531-550.
- Diéguez Pardo, Natividade; Arias Chachero, Patricia; e Fernández Cabanelas, Arximiro (2013). *A talasonimia do Grove*. [Recollida feita por alumnas e alumnos de 2º de ESO durante o curso 2011-2012 no IES As Bizocas do Grove]. Ourense: Difusora de Letras, Artes e Ideas.
- Fernández Otero, Rosa M. (2024). Eu só... falaba de barcos. *Nova Ardentía*. 16, 110-116.
- Ferreira Priegue, Elisa María (1998). El Patrón Santiago: aproximación a la onomástica de los buques. En: *Actas del II Congreso Internacional de Estudios Jacobeos: rutas atlánticas de peregrinación a Santiago de Compostela. Ferrol, setembro de 1996*. Santiago de Compostela: Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago, vol. II, 41-54.
- Ferro Ruibal, Xesús (2007). Reflexións verbo da naonimia de Galicia. En: Luz Méndez e Gonzalo Navaza, eds. *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica “Frei Martín Sarmiento”*. Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 581-612.
- Garabana Barro, Vitor (2014). Os talasónimos da Costa Ártabra, colleitas de nomes mediante entrevistas a xentes do mar. *Madrygal*. 17, 163-171. Dispoñible en <https://revistas.ucm.es/index.php/MADR/article/view/46291/43517>
- Martínez Baleirón, Monica (2007). Aproximación á microtoponimia da beira do mar no Concello de Ribeira. En: Luz Méndez e Gonzalo Navaza, eds. *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega “Frei Martín Sarmiento”*. Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002. Santiago de Compostela, Asociación Galega de Onomástica, 377-389.
- Nieto Novoa, Beatriz, coord. (2008). *Os nomes do noso mar*. [s.l.]: Xunta de Galicia / Confraría de Pescadores de Lira.

- Vilar Pedreira, Xosé Lois (2008). *Talasonimia da costa sur de Galicia. Da Punta do Caranguexo (Panxón, Nigrán), ó Regueiro da Gándara (Salcidos, A Guarda)*. Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos (IEM). Dispoñible en http://ronsel.uvigo.es/images/Documentos/talasonimia_.pdf
- Vilar Pedreira, Xosé Lois (2010). Os nomes do mar. Talasonimia na costa sur galega. En: Xulio Sousa, ed. *Toponimia e cartografía*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 309-326. Dispoñible en <http://consello-dacultura.gal/publicacion.php?id=904>
- Vilar Pedreira, Xosé Lois (2013). Aceite, madeira e boinas. Talasonimia dos naufraxios do mar dos galegos. *Escrita contemporánea*. 19 [Número monográfico: *Actas da VI Xornada de Literatura de Tradición Oral: Historia, mitos e monstros do Mar de Galicia*], 13-51. Dispoñible en <http://www.aelg.org/resources/publications/1388410686429VIXornadaLiteraturaTradOral-AELG.pdf>
- Vilar Pedreira, Xosé Lois (2016). Recoller talasonimia en Baiona. En: Xesús Ferro Ruibal, ed. *Estudos de Onomástica Galega. Microtoponimia: experiencias de recolla, didáctica e codificación Xornada de estudo. Pontevedra, 17 de setembro de 2016*. A Coruña: Real Academia Galega, 9-21. DOI: 10.32766/rag.307

I

Talasonimia: estudo, vivencia, divulgación

Evolución dos topónimos e talasónimos na cartografía de Galicia
/ MARÍA DE LOS ÁNGELES PIÑEIRO ANTELO

Lance á talasonimia popular: o traballo de campo
/ HELENA DOMÍNGUEZ GARCÍA

Coloquio con Ángeles Piñeiro e Helena Domínguez

As marcas do mar dos guardeses
/ JOSÉ BENITO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, “TITO O CHIRRO”

Un tesouro do patrimonio cultural inmaterial:
a talasonimia. Estratexias de difusión
/ XOSÉ LOIS VILAR PEDREIRA

Coloquio con Tito O Chirro e Xosé Lois Vilar

Evolución de topónimos e talasónimos na cartografía de Galicia

María de los Ángeles Piñeiro Antelo
Universidade de Santiago de Compostela
ORCID: 0000-0002-8837-989X

Estreita relación entre cartografía e toponimia

Desde a aparición da linguaxe, o ser humano ponlles nomes aos lugares que o rodean. A toponimia constitúe unha lingua funcional dentro da propia lingua dun territorio, destinada a identificar lugares e espazos xeográficos, de gran valor para a investigación académica pola importancia dos topónimos como testemuños históricos (Coseriu 2000). A toponimia tradicional forma parte esencial do patrimonio dun pobo; fai patente o decorrer histórico dos seus asentamentos humanos,¹ ao tempo que funciona como ferramenta para a concreción da denominación xeográfica dos territorios.²

Dende os primeiros mapas, os cartógrafos amoreaban topónimos, acumulando información que en ocasións resultaba complexa de manexar. De facto, a forte relación entre toponimia e cartografía apóiase en tres pilares: os mapas e cartas como fontes de información toponímica; os mapas como instrumentos para localizar e inventariar topónimos; e os nomes xeográficos como parte fundamental dun mapa, o que permite individualizar e localizar elementos do territorio de xeito inequívoco (Rosselló i Verger 2010). Con todo, a toponimia foi tradicionalmente un dos elementos en discordia para topógrafos e cartógrafos, mesmo máis que a planimetría, as curvas de nivel ou a proxección cartográfica (CNIG 2017, p. 99).

A produción cartográfica non se comprende sen os nomes de lugares. A toponimia contextualiza os mapas e require de normas e estándares que garantan a uniformidade na representación dos topónimos, orónimos, hidrónimos, talasónimos ou fitónimos entre outros, especialmente nun mundo globalizado,

1 Decreto 132/1984, de 6 de setembro, que establece o procedemento para a fixación e recuperación da toponimia de Galicia.

2 Artigo 2, Lei 10/2015, de 26 de maio, para a salvagarda do Patrimonio Cultural inmaterial.

hipercomunicado e cada vez máis dependente da información xeográfica dixital. Esta relevancia converte os topónimos nun dos compoñentes máis vulnerables da cartografía (Bolòs 2020), xa que a presenza de nomes incorrectos, discrepantes ou modificados dificulta a identificación precisa de lugares e accidentes xeográficos. Os erros ou alteracións nos usos toponímicos oficiais xeran problemas que van máis alá do valor do mapa como instrumento de localización, para situarse nunha dimensión cultural e identitaria, sobre todo cando estes nomes son traducidos de forma pouco axeitada ou se alteran sen respectar a normativa e os usos tradicionais.

A toponimia na cartografía histórica de Galicia

No eido da xeografía, téñense feito esforzos notables por recompilar e estudar a cartografía histórica de Galicia. Sen pretender ser exhaustivos, destacan os traballos de Andrés Precado (1998) e Gonzalo Méndez (1994, 2005). O traballo dirixido polo primeiro contén un capítulo dedicado á representación de Galicia nos mapas antigos, no que recolle cartas, planos e mapas datados entre 1560 e 1880 (Precado 1998). Méndez, por outra banda, completa a compilación de mapas de 1994 cunha posterior de 2005 no catálogo da exposición *Cartografía de Galicia [Séculos XVI ó XIX]*, centrada en documentos cartográficos antigos pertencentes á colección Puertas-Mosquera, que abarcan do século XVI ao XIX. Entre os atlas queremos destacar pola súa singularidade o *Atlas de paisajes de la memoria*, que propón unha distinción entre mapas do territorio e mapas da paisaxe a través da interpretación dalgúns mapas históricos de Galicia, e que revela innovadoras maneiras de representar o mundo e a toponimia (Conde-García 2015).

Existen numerosos traballos que poñen especial fincapé en inventariar e analizar a toponimia galega nun contexto cartográfico. Citamos aquí os de Luís Montegudo (1947), centrado na localización dos lugares de Ptolemeu en Galicia, ou xa máis recentemente, o do xeógrafo Vicenç Roselló i Verguer (2010) sobre a evolución dos topónimos na cartografía histórica de Galicia desde finais do século XIII ata a *Carta xeométrica de Galicia* de Domingo Fontán (1845). A partir desta investigación, Roselló elabora un inventario de 35 topónimos para os que rastrexo a súa evolución na cartografía e o momento no que os nomes de lugares se incorporan aos mapas. Como exemplo, pódese citar como o cabo Fisterra aparece en todas as cartas examinadas, aínda que con diferentes formas

(*finibus terre, finistera, finibuyzterra, finibusterra...*), mentres que outro topónimo como *O Grove* non se documenta ata 1462 (coa forma *Grova*) e algúns aparecen con múltiples variantes (*Corrubedo* consta como *carbonero, corundedo, corouedre, cotovedro, corouedro* ou *cotouedro*).

Na actualidade, o uso da cartografía como fonte toponímica apóiase no estudo de imaxes en alta resolución, onde cobran especial relevancia os repositorios dixitais que custodian versións electrónicas de mapas e cartas históricas, poñéndooas á disposición dos investigadores e do conxunto da cidadanía. Estas cartotecas e fototecas dixitais, centralizadas nas Infraestruturas de Datos Espaciais de España (IDEE) e de Galicia (IDEG), permiten acceder a documentos de moi alta resolución; como exemplo, os recursos da cartoteca do Instituto Xeográfico Nacional,³ a Cartoteca Histórica de Galicia,⁴ e incluso outras IDE locais galegas como a do Concello de Vigo (Cartografía histórica de Vigo).⁵ Alén destes recursos oficiais, nas últimas décadas cobran protagonismo os proxectos de investigación e aplicacións tecnolóxicas derivadas orientadas ao estudo dos topónimos e á transferencia de resultados á sociedade. É o caso de *Toponomasticon Hispaniae*, proxecto de ámbito estatal onde un equipo centrado na toponimia galega e portuguesa procura novas metodoloxías para o estudo da toponimia (Boullón 2023), ou o do *Inventario Toponímico da Galicia Medieval e Moderna* (ITGM) do Instituto da Lingua Galega, que mantén un módulo cartográfico a través do seu portal web.⁶

O interese pola conservación dos topónimos e a cartografía colaborativa

Entre os mapas da organización territorial en España, os máis coñecidos son os de escala autonómica, provincial e municipal, pola súa forte presenza nos currículos escolares e nos medios de comunicación (Otero 2025). Moito menos coñecida é a escala comarcal, e dentro dela, divisións históricas xa extinguidas como os correxementos, alcaldías reais ou partidos xudiciais. Estas demarcacións, instauradas a comezos do século XIX, tiveron a capacidade de xerar identidades territoriais colectivas, ás que autores como Alejandro Otero (2025) atribúen grande

³ <https://www.ign.es/web/catalogo-cartoteca/>

⁴ <https://mapas.xunta.gal/visores/historico/>

⁵ https://hoxe.vigo.org/historia/hv_catografia_historica.php?lang=gal

⁶ <http://ilg.usc.es/itgm/>

importancia no imaxinario galego. Mais a súa desaparición levou ao esquecemento de moitos topónimos asociados. As demarcacións históricas de división e control territorial, ao tempo que foron evolucionando, perdendo relevancia ou substituíndose, foron acompañadas pola caída en desuso dos nomes que lles permitían definirse. Porque o comportamento dos topónimos aos longo dos séculos é similar nalgúns aspectos ao doutros elementos dos mapas, como os límites ou os camiños: só perduran aqueles que resultan útiles para as persoas, e canto máis antigo é un topónimo, máis coñecido e utilizado foi (Bolòs 2010, p. 45).

O mapamundi de Fra Mauro, encargado polo rei Afonso V de Portugal e elaborado entre 1457 e 1459 no mosteiro de San Michele di Murano en Venecia (Almagià 1944; Winter 1962), constitúe unha das pezas máis destacadas da cartografía medieval. O monxe cartógrafo combinou para a súa elaboración información proporcionada polo estudo de documentos antigos co coñecemento achegado de primeira man por estudiosos, exploradores e comerciantes que o visitaban no seu mosteiro coa esperanza de contribuír e deixar pegada na obra que estaba elaborando. Grazas a institucións como o Museo Galileo de Roma, podemos coñecer e estudar este mapa, hoxe perdido, mediante imaxes en alta resolución, traducións e interpretacións de todos os textos, cartelas e elementos artísticos.⁷ Entre os topónimos figuran 49 reinos, 221 provincias, 1296 cidades, ademais de nomes de montañas, ríos e lagos, estradas e pontes. Con todo, o uso dos mapas históricos como fontes toponímicas atópase coas limitacións impostas pola escala (Rosselló i Verger 2010), que neste mapa só permite identificar cinco cidades galegas: A Coruña, Santiago, Baiona, Pontevedra e Betanzos (Figura 1). Podemos considerar o mapa de Fra Mauro como un protoexemplo de mapa colaborativo, elaborado a partir de información xeográfica recollida e compartida voluntariamente, á maneira de proxectos de cartografía colaborativa actuais nos que podemos contribuír a través de OpenStreetMap.⁸

A maior parte da cartografía mundial é producida por organismos e institucións públicas, o que garante fiabilidade, mais limita a súa dispoñibilidade e a súa calidade, condicionada polos recursos do Estado. Nas últimas décadas a información xeográfica medrou de xeito exponencial, e os métodos de xeración e difusión de cartografía teñen experimentado grandes avances aproveitando as novas tecnoloxías e a difusión das ferramentas de estandarización e de protocolos

7 <https://mostre.museogalileo.it/framauro/en/interactive-exploration/explore.html>

8 <https://www.openstreetmap.org/>



Figura 1. *Mapa mundi de Fra Mauro* [ca.1459]. Biblioteca Nazionale Marziana

de interoperabilidade. Os sistemas de posicionamento global (GPS) e a obtención de imaxes por teledetección proporcionan na actualidade datos xeográficos abundantes, inmediatos e precisos, o que contribúe a reducir de xeito significativo os custos asociados á produción cartográfica. No obstante, moita información require do factor humano xa que non pode ser extraída nin procesada automaticamente, como aquela de carácter ambiental, demográfico ou cultural, e entre esta atópanse os topónimos e os demais nomes xeográficos. A súa obtención e actualización por parte das axencias gobernamentais adoita ser complexa e custosa, e os gobernos están cada vez menos dispostos a absorber eses custos (Goodchild 2007).

Neste contexto, a participación voluntaria da cidadanía representa un activo moi valioso. A cartografía colaborativa parte dunha tecnoloxía que permite integrar as observacións de maneira eficaz e dispón de ferramentas axeitadas para garantir a calidade dos datos, para identificar e corrixir posibles erros e asegurar así os niveis necesarios de confianza e fiabilidade na información xeográfica (Goodchild 2007). A través da cartografía colaborativa, persoas con pouca ou

ningunha formación cartográfica contribúen na elaboración e difusión de información xeográfica en proxectos que benefician a comunidade, en ámbitos como xestión de epidemias, catástrofes ou eventos extremos, así como na recuperación e identificación de elementos do patrimonio cultural. Un exemplo destacado é a plataforma Galicia Nomeada, iniciada en 2019, onde a cidadanía colabora coa Administración e coas institucións culturais e do estudo do idioma na conservación do patrimonio cultural inmaterial toponímico a través da recollida de topónimos e microtopónimos (Figura 2). Esta plataforma aspira a salvagardar máis de dous millóns de topónimos, nun exemplo de colaboración horizontal, onde os usuarios proporcionan información a un servizo central, ao tempo que ven como esa información se recompila e se pon a disposición do conxunto da cidadanía, respectando os estándares que permiten que estes topónimos sexan interoperables nas infraestruturas de datos espaciais a nivel mundial.⁹

A necesaria homoxeneización dos topónimos

Coa ampliación dos intercambios económicos, científicos e culturais ao longo de todo o mundo medrou o interese por homoxeneizar os nomes xeográficos co gallo de facilitar a identificación sen dúbidas dos lugares. Xa desde comezos do século XIX existen intentos de estandarizar a nomenclatura mundial, conscientes da súa incidencia nos sistemas de comunicación, no turismo, na xestión das cuestións ambientais e das emerxencias, na calidade dos censos e estatísticas, e tamén na conservación do patrimonio cultural.

Este obxectivo foi recollido pola Conferencia das Nacións Unidas sobre a Normalización dos Nomes Xeográficos, e polo Grupo de Expertos das Nacións Unidas en Nomes Xeográficos (UNGEGN),¹⁰ creado en 1973 e encargado de orientar o proceso mundial de normalización dos topónimos, que desde 2007 a ONU considera parte do patrimonio cultural inmaterial.¹¹ As conferencias celebráronse con carácter quinquenal desde 1967 ata 2012, e a partir de 2017 deron paso á renovación do UNGEGN que na actualidade segue traballando na normalización a través da publicación de guías e manuais, entre eles o *Glosario*

⁹ <https://galicianomeada.xunta.gal/>

¹⁰ <https://unstats.un.org/unsd/ungegn/>

¹¹ Resolución IX/4 da 9ª Conferencia da ONU sobre Normalización dos Nomes Xeográficos (2007)



TOPONIMO	SUBTIPOLOXIA	CONCELLO	PARROQUIA	LATITUDE	LONXITUDE
As Subidiñas	Camiño	Muros	Abelleira (Santo Estevo)	42,807605	-9,024655
Costiñas	Cultivo	Muros	Torea (San Xíán)	42,819969	-9,030803
Espigariñas	Cultivo	Muros	Serres (San Xoán)	42,794486	-9,061414
Antre os Camiños	Monte baixo / Matogueira	Muros	Esteiro (Santa Mariña)	42,80194	-8,985123
A Pareda Nova	Cultivo	Muros	Louro (Santiago)	42,759017	-9,088933
O Niño da Augia	Accidentes naturais	Muros	Torea (San Xíán)	42,845085	-9,042955
A Poiaida	Accidentes naturais	Muros	Esteiro (Santa Mariña)	42,816592	-8,988838
Subarreiro	Aldea	Muros	Abelleira (Santo Estevo)	42,807605	-9,024935

Figura 2. Imaxe creada a partir dos datos da plataforma xeográfica Galicia Nomeada
Fonte: elaboración propia

de termos para a normalización dos nomes xeográficos (UNGEGN 2002, 2007) ou o *Manual para a normalización dos nomes xeográficos* (UNGEGN 2017).

En canto á escala estatal, Nacións Unidas recomenda que cada país conte cun órgano encargado de coordinar a normalización toponímica. En España, esta función recae na Comisión Especializada en Nomes Xeográficos (CENG),¹² creada en 2007 no marco do Sistema Cartográfico Español¹³ e integrada no Consello Superior Xeográfico. O seu obxectivo é impulsar a normalización dos

12 <https://www.transportes.gob.es/organos-colegiados/consejo-superior-geografico/csg/comisiones/comisionespecializada-de-nombres-geograficos>

13 Real Decreto 1545/2007, de 23 de novembro, polo que se regula o Sistema Cartográfico Nacional.

nomes xeográficos, promover o seu coñecemento e defender o seu valor en tanto patrimonio cultural, prestando especial atención á diversidade lingüística existente derivada da presenza de varias linguas oficiais e linguas rexionais (CENG 2022). Para iso, fomenta a coordinación entre administración públicas, universidades, academias das linguas e outras institucións relacionadas coa toponimia, contribuíndo ademais como órgano consultivo para entidades públicas e privadas en temas relacionados coa toponimia. O seu labor é esencial para a integración e a interoperabilidade dos Sistemas de Información Xeográfica (SIX), IDE e outros conxuntos de datos dixitais, que traballan con topónimos normalizados nas linguas cooficiais (CENG 2022). A CENG fixa os criterios que permiten seleccionar as denominacións incluídas no Nomenclátor Xeográfico Nacional,¹⁴ rexistro dinámico que recolle as denominacións que deben incluírse na cartografía oficial a escala 1:25 000 e menores, e a súa localización espacial exacta en coordenadas. Este nomenclátor harmoniza o Nomenclátor Xeográfico Básico de España e os nomenclátors xeográficos de cada comunidade autónoma.¹⁵

Na cartografía oficial española, constituída polas bases topográficas e cartográficas de ámbito nacional, o mapa topográfico nacional (MTN) e a cartografía temática de apoio aos programas de actuación específica da Administración Xeral do Estado, están normalizados os nomes das CC.AA., das entidades locais inscritas no Rexistro de Entidades Locais¹⁶ do Ministerio de Política Territorial e os nomes recollidos oficialmente en nomenclátors ou publicacións das CC.AA., así como nomes de entidades xeográficas xestionadas por organismos oficiais. Non están normalizados aqueles de uso tradicional non incluídos en rexistros ou nomenclátors oficiais. Neste último caso, a cartografía oficial recolle o nome de uso máis estendido (IGN 2019).

As competencias na normalización dos nomes xeográficos están ben definidas e distribuídas entre as diferentes administracións. A estatal, para nomes de interese xeral ou que afectan a varias comunidades autónomas (CC.AA.) como parques nacionais ou portos do Estado. As CC.AA. teñen competencias para fixar a oficialidade dos nomes de entidades locais inscritas no Rexistro de

¹⁴ <https://www.ign.es/web/rcc-nomenclator-nacional>

¹⁵ Para Galicia <https://www.xunta.gal/nomenclator>

¹⁶ <https://registroentidadeslocales.mpt.es/>

Entidades Locais,¹⁷ e dos elementos xeográficos de titularidade ou xestión autonómica, como os que forman parte do patrimonio cultural, espazos naturais protexidos, ou portos autonómicos (Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana 2024). As CC.AA. tamén teñen competencias para normalizar a toponimia menor, constituída entre outras por nomes de serras, picos, ríos ou fontes. Por último, a Administración local pode nomear as entidades do seu ámbito territorial e as rúas e vías urbanas (CNIG 2011).

Con todo, a lexislación de aplicación para a cartografía oficial non é de aplicación na cartografía privada, de gran difusión e impacto na actualidade. É o caso da fornecida por Google Maps, que iniciou na década pasada un proceso (aínda inconcluso) de substitución dos topónimos en castelán polas formas oficiais en galego, vasco ou catalán. No caso de Galicia, onde no ámbito da toponimia só é oficial a lingua propia da comunidade,¹⁸ este proceso de actualización foi animado desde organismos e asociacións como a Mesa pola Normalización Lingüística, pero aínda persisten erros.¹⁹

No caso dos exónimos, as competencias para a súa normalización e uso non están oficialmente establecidas (Azcárate e Alonso 2022). Aínda que a globalización favorece o uso de endónimos, cada vez máis difundidos, Nacións Unidas aproba a utilización de exónimos como parte do patrimonio cultural dunha lingua, e considérase máis apropiado o seu uso cando a publicación se destina a unha comunidade lingüística concreta (Jordan e Woodman 2016). Deste xeito, e para normalizar os exónimos utilizados na cartografía española, o Instituto Xeográfico Nacional (IGN) elaborou unha lista de nomes de países e capitais que se actualiza de xeito periódico, cos endónimos nas súas linguas locais e os correspondentes exónimos en español (Azcárate e Alonso 2022). Na actualidade non existe unha listaxe equivalente de exónimos en galego que poida guiar a elaboración de cartografía oficial, aínda que se teñen realizado esforzos de recollida dos exónimos máis utilizados en atlas, dicionarios e guías de recomendacións, publicados por organismos e institucións en Galicia.²⁰

17 No Rexistro de entidades locais de Galicia inclúense as entidades territoriais e non territoriais indicadas na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia. Está accesible dende <https://datos.gob.es/es/catalogo/a12002994-registro-de-entidades-locales-de-galicia>

18 Artigo 10.1 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística.

19 Como no caso de “Isla de Arosa”, ou “Puenteareas”. Consulta realizada o 24/IX/2025.

20 Na Galipedia existe una entrada que proporciona unha listaxe de exónimos en galego onde se realiza un estudo comparativo do uso de exónimos en quince fontes bibliográficas e cartográficas.

Os nomes do mar na cartografía oficial

A normalización da toponimia mariña na cartografía oficial é un ámbito específico que recibe menor atención que a terrestre. As indicacións establecidas polo Centro Nacional de Información Xeográfica fan referencia só aos nomes de portos e accidentes xeográficos costeiros. Para un estudo exhaustivo dos topónimos mariños e litorais é necesario recorrer a fontes complementarias como cartas náuticas, portolanos ou mapas elaborados por institucións como o Exército ou a Armada, que durante séculos tiveron a misión de garantir a seguridade na navegación e a coherencia na representación dos accidentes costeiros. Estes documentos históricos, dispoñibles para a consulta e descarga a través da IDEE, permiten rastrexar a evolución dos nomes de rías, golfos, cabos, illas, praias e bancos mariños, e constitúen un complemento imprescindible á cartografía terrestre para comprender a dinámica toponímica da costa galega.

A integración destes nomes na cartografía oficial e dixital é especialmente relevante nun contexto de globalización e navegación electrónica, onde a precisión e a uniformidade dos topónimos son vitais para a planificación marítima, a xestión ambiental, a pesca profesional, o turismo e a protección do patrimonio cultural inmaterial (Figura 3).

Pero os nomes do mar van máis alá: son formas de apropiación dos lugares para a pesca, para a recollida de marisco e argazo, ou a extracción de percebeles. Advirten de perigos para a navegación a través da identificación de baixos e pedras, e sinalan puntos en terra que contribúen á localización das marcas no mar (Vilar 2010, p. 312). Para que a cartografía oficial poida participar no camiño da recuperación e conservación destes nomes precísanse iniciativas que, ademais de apoiarse en recursos documentais e bibliográficos, se acheguen ás comunidades costeiras a falar coas persoas que alí viven, traballan e lembran os nomes do mar que lles ensinaron os seus maiores. Na actualidade están en marcha numerosos proxectos impulsados por asociacións culturais, de veciños, e por equipos de normalización lingüística dos centros de ensinanza primaria e secundaria, a través dos que o alumnado e as súas familias se involucran na conservación do patrimonio toponímico galego.




Figura 3. Toponimia dos mares algarvíos. Fragmento
Centro de Ciencias do Mar (CCMAR). Geoportal do Mar Português, DGRM




Figura 4. Estrutura de Missão para a Extensão da Plataforma Continental (EMEPC)
<https://www.emepc.pt/>

Para rematar: o mapa como instrumento político

A cartografía non é un simple reflexo neutro do territorio; constitúe unha poderosa ferramenta política e simbólica. A linguaxe cartográfica facilita o acceso inmediato á información representada, nunha primeira ollada, permitindo posteriormente explorar detalles específicos e comprender progresivamente os contidos do mapa. A autoridade dun mapa non reside só na súa precisión, senón tamén na súa capacidade de amosar información de forma rápida e sinxela (Godlewska 1995; Otero 2024). Deste xeito, o mapa ten unha enorme capacidade de comunicar e persuadir, que lle confire un rol destacado como instrumento de lexitimación (Harley 2001). Como exemplo, o mapa de Portugal confeccionado pola Estrutura de Missão para a Extensão da Plataforma Continental (EMEPC) como aval das aspiracións estatais de ampliación da plataforma continental ao amparo do dereito do mar, e difundido en escolas públicas e privadas co amparo do Ministerio de Educación portugués (Figura 4).²¹

Os nomes dos lugares forman parte desta dimensión simbólica. Poden lexitimar certas narrativas e ocultar outras: ao nomear e representar un territorio, a toponimia contribúe a consolidar narrativas históricas e políticas, ao tempo que pode ocultar outras perspectivas. Mudan os topónimos, mudan as xerarquías e mudan os nomes con presenza nos mapas, e estes cambios reflicten transformacións na relevancia política, social ou económica dun lugar, así como cuestións ideolóxicas e de poder. Para J. B. Harley (2001), a toponimia nun mapa actúa como unha ferramenta de construción do poder estatal, xa que ao nomear e representar un lugar outórgaselle un significado e un espazo dentro dunha narrativa específica, ocultando unha intencionalidade detrás da aparencia neutral do mapa.

A toponimia, como a historia, adoita escribirla quen exerce o poder, converténdose nun campo de conflito nas chamadas “guerras lingüísticas”. Estas confrontacións poden verse entre colonizadores e colonizados, invasores e vencidos, ou entre distintas comunidades lingüísticas e políticas dentro dun mesmo territorio (Mingorance 2012). Así, os nomes dos lugares nos mapas non só sinalan o espazo físico, senón tamén o poder, a identidade e a memoria cultural dunha sociedade.

21 <https://www.publico.pt/2014/04/02/ciencia/noticia/mapa-que-mostra-que-97-de-portugal-e-mar-chega-as-escolas-1630635>

Bibliografía

- Almagià, Roberto (1944). *Monumenta Cartographica Vaticana*. Vol. I. *Planisferi, carte nautiche e affini dal secolo XIV al XVIII*. Città del Vaticano: Biblioteca Apostolica Vaticana, 32-40.
- Azcárate Luxán, Margarita e Alonso Tagle, Bárbara (2022). *Los exónimos en español. Criterios y usos en la cartografía*. Madrid: Instituto Geográfico Nacional.
- Bolòs, Jordi (2010). Cartografía, toponimia e historia medieval. En: Xulio Sousa Fernández, ed. *Toponimia e cartografía*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 41-71.
- Boullón, Ana (2023). Toponomasticon Hispaniae: presentación del proyecto. En: Dolores Corbella, Josefa Doreta e Rafael Padrón, eds. *Perspectives de recherche en linguistique et philologie romanes*. Société de Linguistique Romane. Strasbourg: Éditions de Linguistique et de Philologie, 417-430.
- CENG = Comisión Especializada de Nombres Geográficos (2022). *Importancia de los nombres geográficos y necesidad de su uso normalizado*. Madrid: Instituto Geográfico Nacional.
- CNIG 2011 = Centro Nacional de Información Geográfica (2011). *Directrices toponímicas de uso internacional para editores de mapas y otras publicaciones*. Madrid: Instituto Geográfico Nacional.
- CNIG 2017 = Centro Nacional de Información Geográfica (2017). *Toponimia: Normas para el MTN25. Conceptos básicos y terminología*. Publicación Técnica nº 42. Madrid: CNIG.
- Conde-García, Jesús (2015). *Atlas de paisajes de la memoria. Galicia 1579-1865*. Tese de doutoramento. Universidade da Coruña.
- Coseriu, Eugenio (2000). Andrés de Poza, lingüista del Renacimiento. En: Mikel Gorrotxategi Nieto e Henrike Knörr Borrás, coords. *Actas de las Segundas Jornadas de Onomástica*. Orduña, 1987. Bilbao: Euskaltzaindia / Real Academia de la Lengua Vasca, 31-77.
- Godlewska, Anne (1995). The Idea of the Map. En: Susan Hanson, ed. *Ten Geographic Ideas that Changed the World*. New Brunswick (EUA): Rutgers University Press, 17-38.
- Goodchild, Michael F. (2007). Citizens as Voluntary Sensors: Spatial Data Infrastructure in the World of Web 2.0. *International Journal of Spatial Data Infrastructures Research*. 2, 24-32.

- Harley, John B. (2001). *The New Nature of Maps: Essays in the History of Cartography*. Baltimore: John Hopkins University Press.
- Instituto Geográfico Nacional (2019). *Cartografía general de referencia y toponimia. Atlas Nacional de España*. Madrid: Instituto Geográfico Nacional.
- Jordan, Peter e Woodman, Paul, eds. (2016). *Criteria for the Use of Exonyms. Proceedings of the 17th UNGEGN Working Group on Exonyms Meeting, Zagreb, 14-16 May 2015*. Hamburg: Verlag Dr. Kovač.
- Méndez Martínez, Gonzalo (1994). *Cartografía antigua de Galicia*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.
- Méndez Martínez, Gonzalo (2005). *Cartografía de Galicia. [Séculos XVI ó XIX]. Colección Puertas-Mosquera*. 2ª edición. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Mingorance, Fidel (2012). El mapa es un artefacto político. *Geoactivismo.org*. 16/IV/2012. Disponible en <https://geoactivismo.org/el-mapa-es-un-artefacto-politico/>
- Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (2024). *Normativa sobre Nombres Geográficos en España*. Madrid: Instituto Geográfico Nacional.
- Monteagudo, Luis (1947). Galicia en Ptolomeo. *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Fascículo VIII, 608-653.
- Otero Varela, Alejandro (2025). El partido judicial: una división «infravalorada» con capacidad para generar identidades territoriales colectivas. El ejemplo de Galicia. *Documents d'Anàlisi Geogràfica*. 71(1), 121-151. DOI: 10.5565/rev/dag.926
- Precedo Ledo, Andrés, dir. (1998). *Cartografía de Galicia. Galicia*. XXII. A Coruña: Hércules de Ediciones.
- Rosselló i Verger, Vicenç M. (2010). Toponimia, geografía y cartografía. En: Xulio Sousa Fernández, ed. *Toponimia e cartografía*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 23-37.
- UNGEGN 2002, 2007 = United Nations Group of Experts on Geographical Names (2002, 2007 Addendum). *Glossary of Terms for the Standardization of Geographical Names*. Naciones Unidas. Disponible en https://unstats.un.org/unsd/ungegn/pubs/documents/Glossary_of_terms_rev.pdf

- UNGEGN 2017 = United Nations Group of Experts on Geographical Names (2017). *Toponymy Training Manual*. Nacións Unidas. Dispoñible en <https://unstats.un.org/unsd/uneggn/pubs/documents/Training%20Manual.pdf>
- UNGEGN 2021 = United Nations Group of Experts on Geographical Names (2021). *Plan Estratégico del UNGEGN y Programa de Trabajo 2021-2029*. Nacións Unidas. Dispoñible en https://unstats.un.org/unsd/uneggn/UNGEGN_Strategic_Plan_Programme/documents/UNGEGN_Strategic_Plan_April_2021_final_sp.pdf
- Vilar Pedreira, Xosé Lois (2010). Os nomes do mar. Talasonimia na costa sur galega. En: Xulio Sousa Fernández, ed. *Toponimia e cartografía*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 311-338.
- Winter, Heinrich (1962). The Fra Mauro Portolan Chart in the Vatican. *Imago Mundi*. 16, 17-28.

Lance á talasonimia popular: o traballo de campo

Helena Domínguez García
Universidade de Vigo

Este relatorio presenta as aprendizaxes adquiridas durante o desenvolvemento dun traballo de campo de recolleita dos nomes do mar na Illa de Arousa, no período 2023-2025. O propósito é sinalar as principais características da talasonimia galega, que teñen o seu impacto na recolección de datos e na confección do corpus, así como os procedementos e técnicas para entrar en contacto coas comunidades mariñeiras e obter información relevante de topónimos, localizacións e motivacións.

O estudo da talasonimia aínda está pendente de despegar en Galicia, e cando o faga daralle moitas alegrías á lingüística galega, pois os nomes do mar teñen moito que mostrarnos en canto a substratos lingüísticos, procedementos morfolóxicos e sintácticos, dialectoloxía e léxico aínda non rexistrado nos dicionarios.

Tendo Galicia preto de 1500 quilómetros de costa e un repertorio talasónico cuxo potencial se deixa entrever, cómpre preguntarnos por que ata o de agora existen tan poucos traballos sobre os nomes do mar e ningunha obra que aborde de forma conxunta os nomes propios empregados no litoral galego. Ocorrensen varias hipóteses explicativas. Poderíase argumentar, por unha banda, que non é un problema específico da talasonimia, senón da onomástica en xeral, que estaría escasamente investigada. Sospeitamos que a onomástica non é unha rama da lingüística en tendencia, mais, así a todo, contamos xa cunha ampla tradición de estudo, iniciada no XVIII con Sarmiento e que continúa ata a actualidade con grupos de investigación vinculados tanto ás universidades coma á Real Academia Galega. Dispoñemos, ademais, dunha bibliografía elemental en permanente construción, na que figuran tratados de antroponimia, dicionarios onomásticos, estudos etimolóxicos e obras divulgativas.

Neste campo do saber, o estudo dos nomes do mar quedou desde o principio relegado a un segundo plano, ben por falta de interese ou por descoñecemento. Pode que operasen aquí, tamén, prexuízos relacionados co alcance e prestixio da realidade estudada, pois a maioría das veces a talasonimia preséntanos

accidentes con nomes non normalizados, só coñecidos por unha pequena comunidade local e de escala minúscula. Non obstante, tanto desde unha perspectiva lingüística coma etnográfica, o nome dun conciño chantado no medio dun porto arousán adquire a mesma importancia ca o nome dun océano ou dunha gran capital.

Doutra banda, o acceso ao coñecemento da microtoponimia mariñeira presenta dificultades específicas que non se dan, por exemplo, na microtoponimia do mundo labrego. Os nomes da terra, en tanto que delimitan propiedades, aparecen rexistrados nas fontes históricas, como os arquivos eclesiásticos e notariais, o Catastro do marqués de la Ensenada e os censos catastrais, que adoitan despexar dúbidas etimolóxicas e ortográficas. As realidades que non poden ser propiedade transferible están moi pouco rexistradas por escrito, polo que resulta complexo conseguir repertorios e atestacións documentais dos nomes do litoral. É certo que dispoñemos, aínda así, de mapas, cartas náuticas e libros de derrota que proporcionan información sobre os accidentes costeiros máis importantes, pero a súa antigüidade non vai máis alá do século XVIII e deixan fóra unha gran maioría de pequenos elementos xeográficos.

Neste contexto, no estudo da talasonimia devén fundamental o contacto coas fontes orais, que permitirá compilar nomes nunca antes rexistrados por escrito e corrixir erros de interpretación e deturpacións. É urxente poñer os esforzos na recollida de campo, mentres sobreviven as últimas xeracións de mariñeiros e mariscadoras que accederon ao caudal toponímico mediante a transmisión oral. Iso si, a preparación do traballo de campo esixe unha fase previa de documentación, investigación e inmersión no mundo mariñeiro.

I. Características da talasonimia galega

Os nomes do mar, en tanto que obxecto de estudo, presentan algunhas particularidades que exemplificaremos con casos tirados da ría de Arousa:

I.1. Polimorfismo

Un mesmo obxecto xeográfico pode recibir denominacións diferentes segundo a procedencia dos falantes: *O Con Caghado* da fala da Illa de Arousa corresponde á *Mesa de Con* dos mariñeiros do Grove e de Cambados. As *Pedras Sálvores* ou

Salvas do Grove son as *Pedras Albas* para os da Arousa. E as insuas do Galíñeiro, arquipélago pedregoso ao sur da Illa de Arousa, noméanse na illa de forma diferente ca en Cambados.

Desde unha perspectiva lingüística todos os nomes son igual de importantes e interesantes, pero a creación de nomes é unha forma de apropiación do espazo con múltiples implicacións —políticas, culturais, identitarias—, que deben terse en conta á hora de conformar o corpus dun lugar.

Os estudos toponímicos non teñen establecido un procedemento ante a variación dentro dunha mesma lingua, como si ocorre coas diferentes formas que adquiren os nomes nas distintas linguas. Sobre todo cando se trata de toponimia maior, existen normas ditadas por organismos gobernamentais que fixan as denominacións oficiais e os criterios que deben seguirse na cartografía. Por exemplo, a ONU recomenda na cartografía internacional o uso de *endónimos*, é dicir, o nome utilizado na lingua local, fronte á proliferación de *exónimos*, nomes que recibe un elemento xeográfico nunha lingua diferente á falada no lugar en que se atopa. Na mesma liña, na variación interna consideramos que deberían primarse na fixación do corpus os nomes creados polas comunidades que habitan o territorio nomeado. Isto evitaría que se normalizasen e espallasen formas alleas que non responden á experiencia cultural da veciñanza.

Un exemplo paradigmático de substitución da microtoponimia local é o caso das praias de Carreirón, no sur da Illa de Arousa. Comprobamos que existe unha nomenclatura común e compartida entre os habitantes arousáns para nomear os areais, que é a seguinte, de leste a oeste: *Xastelas*, *A Arnela*, *A Lameira*, *A Lontreira*, *As Margaritas* e *O Rebello*; mais esta relación non figura en ningún mapa ou carta de ningunha época. En cambio, atopamos para o mesmo lugar nomes como *Porto Grande*, *Porto Pequeno* e *Porto das Mulleres* (Melero e Pérez 1909), que na Arousa non se recoñecen. Isto é así porque o cartógrafo utilizou probablemente informantes do Grove, xa que os veciños mecos desembarcaban en Carreirón para extraer pedra destinada a construción e as mulleres ían apanhar cunchas para facer colares e vendérllelos aos visitantes da Toxa; de aí a existencia deses tres portos.




Figura 1. Mapa de Carreirón. Fonte: Melero e Pérez (1909)

Os falantes locais non deberían deixarse á marxe na creación dos corpus toponímicos, por moito que se dispoña doutras fontes. En todo caso, na compilación debe indicarse a perspectiva xeográfica da que se parte. E cando un accidente pertence á esfera de dúas ou máis comunidades, como ocorre con frecuencia no mar, deberían consignarse as distintas formas e vincular cada unha delas á procedencia dos informantes.

1.2. Fronteiras difusas

Na investigación da toponimia adoita tomarse como unidade de análise o municipio —velaí a colección Terra Nomeada da RAG— ou a parroquia —como na pioneira colección Toponimia do Val de Frago, editada polo Servizo de Normalización da Universidade de Vigo—. No mar, o acoutamento xeográfico non se atén ás divisións administrativas, pois as rías constitúen espazos xeográficos de seu, que reúnen portos de diferentes concellos e mesmo provincias, como ocorre na ría de Arousa, onde a beira do norte pertence á Coruña e a do sur á provincia

de Pontevedra. Deste xeito, se facemos unha recollida na Illa de Arousa van xurdir nomes de fenómenos xeográficos que pertencen administrativamente a Cambados, Ribeira ou Vilanova de Arousa, xa que forman parte do universo cultural dos mariñeiros da Arousa. Por exemplo, a Illa de Rúa, integrada no concello de Ribeira, é lugar frecuentado polos mariñeiros arousáns, que coñecen ben os seus principais accidentes: o con máis alto, pola ría, é *O Folante* e ao sur está *A Carabeliña*; fronte a estas pedras hai unha poza, *A Poza da Carabeliña*, que cría camarón.

Unha compilación exhaustiva non ten por que peneirar estes nomes, cuxa inclusión se pode xustificar por razóns históricas e culturais que se deben explicar en cada caso.

1.3. Fenda entre tradición escrita e oral

Os nomes da cartografía, derroteiros e documentos históricos difiren moitas veces das formas en uso na oralidade. *A Lampa* dos mariñeiros da Arousa é o *Baixo Ter* nas cartas náuticas, desde que no século XIX embarrancou no lugar un barco do mesmo nome. E as tradicionais *abras*, baías resgardadas para o fondeo de embarcacións, figuran na documentación náutica como *ensenadas* ou *fondeaderos*, malia termos a ría ciscada delas: *A Abra de Aguiño*, *A Abra de Palmeira*, *A Abra de Cabío*, *A Abra da Toxa*... É común que os mariñeiros sexan coñecedores das dúas formas e pode darse o caso de que perciban como errada a denominación popular e transmitan como lexítima a forma da cartografía. Para evitalo, hai que interrogar os informantes sobre o nome que eles usan na súa vida cotiá: “Ti como dis?”.

En ocasións, a confección do corpus obrigará a facer escollas entre as formas dominantes na oralidade e as da tradición escrita. Por exemplo, o arquipélago dos Guidoiros está formado, segundo a documentación histórica, por dúas insuas: *O Guidoiro Areoso* e *O Guidoiro Pedregoso*. Non obstante, para a veciñanza da illa, un dos illotes denomínase *O Areoso* e o outro, máis pequeno e pedregoso, *Ghidoiros*, sen artigo. Esta solución foi a que seguimos, aínda sabendo que non é a normalizada.

1.4. Mudanza dos nomes

Ao igual que ocorre na toponimia de terra, os talasónimos non son inmutables e os nomes dos lugares poden cambiar por diversas razóns. *O Portiño do Mallón* converteuse na *Praia do Peixe* desde a aparición dun cetáceo de grandes dimensións a mediados do século xx; e *O Portiño da Arruda* recibe nos últimos anos o nome *Praia de Quilma* desde que se incrementaron no areal as actividades turísticas. Observamos que as mudanzas de nomes son bastante comúns nas praias; na Arousa, onde hai aproximadamente 75 areais, na súa maioría de pequeno tamaño, mesmo existen praias sen denominación fixada.

As mudanzas poden permanecer ou estaren vixentes durante un período de tempo concreto, mentres aínda se recorda a orixe da nova motivación. Durante unha época, o Faro das Lobas era coñecido como o *Faro do Targa*, porque nese punto foi ao fondo o barco gardacostas *Targa* durante unha cacería de arroaces a canonazos, a finais de 1930. Hoxe o *Targa* é un referente descoñecido do que só teñen noticia os máis vellos.

Outra propiedade dos topónimos é que poden emigrar e ampliar ou reducir os seus límites. É o que ocorreu coa *Praia do Faro*, que nomeaba nun primeiro momento o pequeno areal de Punta Cabalo orientado a Cabo de Cruz, mais acabou dislocándose para designar outro areal próximo, de maior tamaño, que apunta a Palmeira e que antes era coñecido como *Sualaxe*. Á súa vez, a Praia do Faro ou de Sualaxe tamén é coñecida por algúns veciños como a *Praia das Pombas* e antigamente era nomeada *O Mar da Escorregadoira*, tal e como comprobamos na documentación do século xvi. A diacronía non sempre se mostra clara.

1.5. Xenéricos específicos

Entendemos por *xenérico* aquela parte da estrutura do topónimo que serve para designar todas as realidades dunha mesma categoría, clase ou xénero e que se distingue do elemento específico, cuxa función é identificar unha realidade concreta. Por exemplo, no topónimo *As Pedras de Polbar*, *pedras* é o elemento xenérico e a frase *de Polbar*, a parte específica, que diferencia este accidente doutros centos que tamén presentan no seu nome a palabra *pedra*.

A talasonimia tradicional manexa unha serie de xenéricos específicos, entre os que destacamos termos recorrentes como *punta* e *carreiro*. Unha *punta* ou *puntal* é un saínte de terra que se mete no mar; rara vez atoparemos o termo

cabo. Pola súa parte, un *carreiro* é un paso estreito libre de pedras que permite a navegación de embarcacións pequenas. Todos os mariñeiros atravesan por carreiros nas súas zonas de traballo, pero ao non afectaren as grandes rutas comerciais, non adoitan figurar nos mapas. Na Illa de Arousa, por exemplo, que presenta unha costa moi lixosa, rexistramos unha ducia: *O Carreiro da Palghasa*, *O Carreiro da Cheirosa*, *O Carreiro da Lontreira*...

Ademais, destaca a ampla serie de termos referidos á pedra, con nomes como *baixo*, *boi*,¹ *cabeza* ou *cabezo*, *cuberto*, *con*, *mesa*, *meixón* e *laxe*.² Dentro deste gran campo semántico poden facerse outras clasificacións atendendo, por exemplo, á morfoloxía da pedra: *laxe* ou *mesa* se é plana, e *con* ou *cabezo* se é redondeada; tamén atopamos distincións segundo a visibilidade do accidente, de xeito que temos nun extremo os que nunca son visibles, como os *cubertos*, e noutro os que sempre están á vista, como os *petóns*; nun punto intermedio estarían os *meixóns*, que emerxen en media marea.

Os xenéricos cambian dun lugar a outro da costa galega, de xeito que se podería establecer unha variación dialectal. A modo de ilustración, o termo *con*, que é un dos máis produtivos na formación de topónimos nas Rías Baixas, non é común na costa Cantábrica. E o xenérico *brugal*, que recolle Vilar Pedreira (2008, p. 71) no sur de Galicia para designar unha zona do fondo do mar con cunchallo, non se recoñece na ría arouzá. Unha identificación previa dos xenéricos locais contribuirá a facer as preguntas axeitadas no traballo de campo.

1.6. Proliferación de microtopónimos

A talasonimia é unha ciencia de precisión: nun conxunto de pedras, cada unha ten o seu nome atendendo ás súas características orográficas. Por exemplo, nas pedras do Camallón, insua pedregosa ao noroeste do Areoso, diferénciase entre o propio *Camallón*, *As Laxes do Camallón*, entre as que se distinguen as *do Sur* e as *do Norte*, *O Cuberto das Laxes do Camallón* e *O Consiño do Camallón*.

A adición de datos de *posición relativa* tamén é un procedemento habitual de formación de talasónimos. É frecuente a diferenciación e identificación de

1 Cabeza Quiles sinala que o termo *boi*, frecuente na toponimia, sempre nomea penedos terrestres e marítimos e que podería estar constituído dunha posible base **boi* co significado de pedra (2008, p. 110). Non descartamos, tampouco, que o termo estea relacionado cunha analoxía metafórica co animal. Na ría de Arousa atopamos pedras no medio do mar nomeadas *Os Bois*, na Illa de Arousa, e *O Cagaboí*, en Ribeira.

2 Máis información sobre estes xenéricos no artigo “Cada pedra con cadanseu nome. Talasónimos xenéricos da Ría de Arousa” (Domínguez 2025).

pedras, touzas e insuas baseándose na distancia á que están de terra ou na súa situación respecto doutros elementos próximos; así, distinguimos entre o sinal de *Xestas de Terra* e *o de Fóra*; e nas Touzas das Señas distinguimos *A Touza do Medio*, *A de Dentro* e *A de Fóra*. Na mesma liña, tamén se usa a distinción baseada na posición cardinal; por exemplo, nas insuas do Galiñeiro, diferenciamos *A Insua de Leste*, *A Insua de Noroeste* e *A Insua de Sur*.

Ademais, como ocorre coa toponimia terrestre, tamén se crean topónimos replicantes doutros mediante a adición de sufixos diminutivos ou adxectivos, como é o caso desta serie de praias contiguas: *Camaxe*, *Camaxe Pequena* e *Camaxiñas*.

2. Coñecemento do territorio estudado

Antes de iniciar o traballo de campo, é preciso facerse con cartas náuticas, libros de derrota e mapas detallados da área de estudo, a poder ser, de distintas épocas. Moita desta documentación está dispoñible en liña, en arquivos como Galiciana, a Biblioteca Digital Hispánica e o Instituto Geográfico Nacional. O baleirado dos nomes da cartografía permitirá confeccionar unha primeira lista de talasónimos, que logo se contrastará coas fontes orais.

Os nomes poden clasificarse en realidades xeográficas —mares, puntas, insuas, cubertos, praias, pedras— ou facer agrupamentos por zonas, tal e como se localizan nos mapas. Esta última solución permite segmentar e planificar o estudo da liña de costa completa, e pode resultar útil cando as fontes son coñecedoras só dunha determinada parte dun lugar. Ademais, ante certos informantes é recomendable manter unha coherencia xeográfica, pois os topónimos van asociados á representación mental do lugar designado e algunhas fontes fican desconcertadas cando un pregunta por unha punta que está no norte e logo fala doutra que está ao sur, e despois sae o nome doutro accidente no noroeste, de xeito que se percibe o cuestionario como desorganizado.

A información toponímica das cartas náuticas non sempre coincide cos nomes en uso nas comunidades locais. Ante a disparidade de nomes, a experiencia amósanos que as formas lexítimas adoitan ser as recollidas oralmente, pois os mapas conteñen erros de interpretación e deturpacións. Algúns exemplos son as referencias a *La Gederá*, en vez da *Laxe da Eira* (Melero e Pérez 1909), ou *O Freu*

do *Carreiro de Xidoiro* (IGN 1985), nome que substitúe o orixinal *O Carreiro de Guidoiros* e que debeu ser introducido por algún cartógrafo catalán, visto ese *freu*.

Noutras ocasións, os mapas fallan na localización exacta dos topónimos: en varias cartas da ría de Arousa do XIX (Fernández Flórez 1833; Coello e Madoz 1856) aparece no sur da Illa de Arousa unha descoñecida *Punta Castrelo*. O topónimo *Castrelo* designa unha parroquia do veciño concello de Cambados, visible desde ese lugar, polo que conxecturamos que se produciu un desprazamento do rótulo no mapa cara á esquerda. Así e todo, partir dunha lista de talasónimos das fontes escritas contribúe a estimular a memoria dos informantes e nalgúns casos tamén axuda a escoller a forma etimolóxica, fronte ás varias realizacións dun mesmo nome.

As características da fala do lugar obxecto de estudo tamén deben terse en conta, pois teñen un impacto directo na forma e na realización dos talasónimos. Nas áreas lingüísticas seseantes pode resultar difícil determinar se a evolución etimolóxica dun nome é *Pedraserrada* ou *Pedracerrada*, xa que ambos os compostos poden ser explicados e motivados, tanto co participio *cerrada* como *serrada*. O resultado do seseo pode producir equívocos, como ocorre co topónimo *Rosíña das Laxes*, que parece remitir a unha veciña do rueiro das Laxes, cando en realidade estamos ante unha derivación do substantivo *roza*. O rotacismo tamén pode dificultar o recoñecemento dos topónimos, ata o punto de facernos dudar se a forma para referirse a un cuberto ao nordeste da Illa é *Ardora* ou *As da Ola*. E non faltan casos en que a gheada dá lugar a hipergaleguizacións, como o mencionado *Guidoiros*, que chegou a aparecer nalgúns cartas de comezos do XX como *Jidoiros* (Melero e Pérez 1909) e posteriormente foi galeguizado como *Xidoiros* no mapa do Instituto Xeográfico Nacional de 1985.

Na ría de Arousa son relevantes outros fenómenos como a terminación *-an* para o feminino, presente, por exemplo, no talasónimo *As Irmáns*, en Vilanova, ou a realización dialectal en [ɔ] (*o* aberto) do encontro vocálico *-oa*, en nomes como *As Tres Mos*.

Á parte da variación dialectal no eido fonético e morfolóxico, en cada lugar atoparemos localismos e xerga mariñeira. É sabido que os nomes das especies animais e vexetais presentan unha gran variedade de formas ao longo do litoral. A este respecto, resulta de utilidade a consulta da nomenclatura da flora e fauna de Galicia de Ríos Panisse (1977, 1983), pois algúns destes nomes aparecerán reflectidos en zootopónimos e fitotopónimos abundanciais. Con respecto

á xerga, os mariñeiros da Arousa utilizan, por exemplo, a expresión ‘da ría’ para referirse ao ‘norte’ e así aparece en moitos topónimos. E para eles, a *raposa* é un aparello con ganchos que permite rescatar obxectos caídos ao fondo do mar.

Finalmente, a análise da talasonimia ten que ir da man, necesariamente, da etnografía mariñeira. É preciso documentarse sobre os principais oficios do mar que se practican nun lugar, así como as artes de pesca dominantes. Cada oficio presta atención aos elementos do medio que lle interesan. O marisqueo a pé céntrase nas realidades dos areais cando a marea está baixa e manexa termos como *lombo*, *valo*, *poza* ou *touza*; a pesca do polbo, de crustáceos e de peixes de pedra, como o congro, o escarapote, o pinto ou a maragota, identifica os *cu-bertos*; as artes de pesca como o xeito, coa que capturan sardiña, faena no *limpo*, libre de pedras. E os mariñeiros que andan ás nasas procuran os *pozos* submarinos que funcionan como refuxio dos camaróns.

Unha recolleita exhaustiva debe ter en conta os diferentes oficios do mar, polo que debe facerse unha busca de informantes que inclúa todos os especialistas.

3. Selección dos informantes e técnicas de recollida de datos

En canto ao perfil etario do informante, a experiencia na Illa de Arousa amósanos que é preciso falar con persoas de máis de setenta anos, se queremos acceder a toda a riqueza talasonímica do lugar. Nas xeracións máis novas aínda quedan en activo algúns mariñeiros coñecedores dos nomes das pedras, que aprenderon o oficio sen instrumental de navegación, polo sistema de marcas herdado dos pais e avós, mais xa se percibe unha mingua no repertorio de talasónimos manexados.

O traballo de campo con xente maior condiciona as técnicas de recollida de datos, pois obriga a cultivar a conversa sen présa. A memoria actívase pouco a pouco e é recomendable máis dun contacto cos informantes, xa que comprobamos que nos segundos encontros e posteriores achegan novos datos, froito da reflexión sobre as cuestións formuladas anteriormente. Sexa por falta de costume ou por dificultades na visión, a lectura de mapas non resulta frutífera con este tipo de informantes, que dan conta da situación dos elementos xeográficos mediante descricións.



Figura 2. A autora deste artigo conversando sobre talasónimos co mariñeiro José María Vázquez, ‘Saldaña’, nacido en 1930. Foto: Luis Berroy

Neste contexto, é importante seleccionar en cada comunidade algún mariñeiro novo con coñecementos da talasonimia tradicional que poida asistir na investigación, para xeolocalizar os accidentes e complementar as explicacións dos informantes máis vellos. Así, unha das accións que realizamos con este perfil de colaboradores foi a distribución de imaxes de satélite impresas en formato A3, desprovistas de información toponímica, para que anotasen sobre elas os nomes de puntas, abras, praias e pedras. Tamén recorremos ao intercambio de imaxes dixitais por WhatsApp para solucionar dúbidas sobre localizacións. O acceso aos informantes destas características pode ser facilitado polos pósitos.

Para entrarmos en contacto cos informantes maiores cómpre coñecer os puntos de reunión veciñal das vilas e aldeas; normalmente, lugares abrigados con sitio para sentar. Na Arousa, por exemplo, ao mediodía xúntanse os mariñeiros xubilados na lonxa vella. Pola tarde, a partir das seis, énchese o parladoiro veciñal da Abilleira. O diálogo en grupo dos informantes resulta moi produtivo, pois permite medir o grao de coñecemento dun topónimo, rexistrar distintas

realizacións e asistir en directo á discusión sobre significados e localizacións. Como inconvenientes, sinalamos que debe planificarse o traballo de campo coincidindo cos meses de bo tempo, pois no inverno desaparecen os encontros na rúa, e que deben facerse varias visitas ao grupo para poder levar a termo a pescuda. Os datos rexistraranse por escrito en cadernos ou mediante gravacións, sempre co consentimento dos participantes.

O establecemento de relacións de confianza pode dar pé a entrevistas persoais no domicilio dos informantes, co fin de afondar nalgún aspecto concreto. En xeral, a veciñanza mostra unha gran receptividade a compartir os seus coñecementos, aínda que temos que aclarar que no noso caso somos nativas do lugar e existiu desde o comezo un clima favorable á colaboración. A pertenza á comunidade proporciona, desde logo, moitas vantaxes no traballo de campo, entre as que destacamos os coñecementos previos, que permiten, poñamos por caso, discernir se un topónimo leva artigo ou se se realiza con vogal aberta ou pechada, e as facilidades para accedermos en calquera momento ás fontes orais.

A selección de informantes debe incluír mariñeiros e mariscadoras especializados en diferentes artes e aparellos, como xa sinalamos, e procurar tamén unha representación por barrios ou lugares de traballo. Na illa existen accidentes marítimos de coñecemento xeral e praias con nomes moi populares, pero tamén rexistramos moitos outros elementos xeográficos só nomeados polas xentes que os frecuentaron. Así, no percorrido de recoñecemento que realizamos por todo o perímetro da costa da Illa de Arousa fomos asistidos por diferentes mariñeiros, atendendo ao seu coñecemento do lugar, xa que uns faenaban pola zona do Faro e outros polos cubertos do Verde.

A visita aos lugares nomeados é fundamental na investigación toponímica e debería facerse, sempre que sexa posible, con acompañamento de guías autóctonos. A orografía, a morfoloxía e a situación proporcionan pistas sobre as motivacións, aínda que sabemos que non sempre serven para esclarecer topónimos escuros. Á hora de planificar o recoñecemento do terreo, non debe obviarse a flutuación das mareas, pois se queremos ver pedras marítimas hai que agardar á baixada do mar. No noso caso, mesmo organizamos os percorridos coincidindo coas grandes secas do ano, que teñen lugar en febreiro e setembro.

A medida que os informantes van sinalando e nomeando accidentes, é boa idea levar un rexistro fotográfico que seguramente sexa necesario completar con

anotacións e debuxos que faciliten a identificación de pedras, laxes e cons, unha vez que nos enfrontemos en solitario ao material gráfico.

3.1. Os cadernos de marcas

Unha fonte de información moi valiosa desde o punto de vista toponímico son os cadernos de marcas, un xénero discursivo do mundo mariñeiro tradicional, que contén anotacións persoais manuscritas que orientan a navegación e a localización dos bancos pesqueiros.

Un caderno de marcas pode gardar cerca dun centenar de talasónimos, que normalmente remiten a un pedregal mergullado —un cuberto— ao que se chega trazando enfilacións, calculadas mediante a observación do horizonte. Por exemplo, para xeolocalizar un cuberto no medio do mar, o mariñeiro de antes fixábase no cume dun monte e trazaba un liña recta imaxinaria entre o cume e o lugar que interesaba; esta liña imaxinaria non era dabondo para localizar o




Figura 3. Caderno de marcas de Francisco Dios Fernández, ‘Cuco O Martiñán’, nacido en 1943. Foto: Helena Domínguez

punto de interese, cuxa posición relativa muda cando se move a persoa observadora; precisábase unha segunda enfilación que, ao combinarse coa primeira, producía unha intersección, isto é, un ángulo; o vértice proporcionaba o lugar exacto do cuberto. Canto máis recto era o ángulo, máis precisión se lograba na localización da realidade procurada.

Esta información que se gardaba mentalmente pasou, coa extensión da alfabetización, a pequenos cadernos en que os mariñeiros rexistraban celosamente as súas marcas e que se resistían a compartir. Hoxe xa non é preciso tomar nota das enfilacións, xa que os modernos sistemas de navegación baseados en tecnoloxía GPS mostran detalles da topografía submarina en tempo real. Aínda así, algúns mariñeiros que conservan as anotacións poñen reparos en divulgalas, xa non por medo a ficar sen peixe, senón polo pudor que senten ao expoñer a súa ortografía.

Durante o traballo de campo que realizamos na Illa de Arousa conseguimos acceder a catro cadernos de marcas de mariñeiros de diferentes xeracións. A forma en que se anotan as enfilacións segue unha fórmula estereotipada: dúas frases substantivas ou nominais enlazadas mediante a preposición *a*. Por exemplo, O Con do Corvo aparece referenciado no manuscrito de Cuco O Martiñán con estas dúas enfilacións: “Meda Martiño a Faro de Rúa” e “Tres Montíños ás laxes da praiña de Guidoiros”. Esta información complétase ás veces con indicacións da orientación, introducidas cunha frase preposicional con *por*, tal e como vemos neste exemplo tirado do caderno de José María Oubiña: “O faro de Rúa pola ría da Cuña grande”.

Os manuscritos proporcionan nomes de cons, carreiros, insuas, faros, cumes, piñeirais e capelas, que, en moitos casos, non figuran na cartografía. A meirande parte das denominacións son compartidas por unha ampla comunidade de mariñeiros que as incorporou por transmisión oral, pero outras son de coñecemento restrinxido ao ámbito familiar ou mesmo persoal. Isto é así nos abondosos casos en que as pedras están identificadas co nome dalgún mariñeiro aínda recoñecible polo creador das marcas: *A de Valentín*, *A de Facundo*, *A de Ramón da Chepa*. Antes de rexistrar estas achegas no corpus débese valorar o seu alcance, para evitar a inclusión de microtopónimos sen tradición popular.

3.2. Outros creadores de talasónimos

Os talasónimos non responden unicamente á creatividade dos mariñeiros e das mulleres do mar. Tamén existen outros colectivos creadores de nomes, como os nenos e nenas, que establecen unha relación lúdica co mar. Así, na Illa de Arousa existen en varias praias *chumbadeiros*, pedras apropiadas pola súa forma e situación para lanzarse ao mar nas tardes de verán. Normalmente, son lugares onde se aprende a nadar.

Na praia das Rubas, por exemplo, establecíase unha gradación das pedras segundo as habilidades de cada un. No *Chumbadero*, cerca de terra, permanecían os que estaban aprendendo a nadar; o paso seguinte era chegar a nado ata *O Con do Queimacasas*, próximo ao *Chumbadero*; a seguinte escala establecíase no *Con das Rubas*, máis lonxe de terra, e *O Con do Nabal* xa era para nadadores avanzados.

Todos os mariñeiros e mariscadoras foron antes meniños que desfrutaron da praia, polo que non se debe esquecer preguntar polos nomes usados na infancia durante as interaccións co medio.



Figura 4. Talasónimos usados polos nenos e nenas dos anos 50, na praia das Rubas (A Illa de Arousa). Foto: Helena Domínguez

4. A interpretación e as motivacións

O obxectivo do traballo de campo na investigación da talasonimia é confeccionar o corpus dun determinado espazo, compilar nomes, dar conta das distintas variantes, da realización fonética e da localización. A interpretación dos nomes e a súa etimoloxía forman parte dunha fase posterior da investigación e corresponde a un coñecemento lingüístico especializado.

Con todo, non debe desaproveitarse a oportunidade que brinda a relación cos informantes para interrogar sobre motivacións e significados. En moitos casos non obteremos resultados, “son nomes que puxeron os vellos”, noutros emerxerán etimoloxías populares, pero tamén conseguiremos desentrañar algúns microtopónimos aparentemente escuros que non o son tanto para as comunidades locais.

Os dialectalismos léxicos, a xerga e as metáforas poden dificultar a explicación sobre a orixe dos nomes se non se comparte o mesmo código lingüístico. *A do Feo*, pequeno cuberto no illote do Areoso, refírese a un tipo de planta; o *Cuberto das Porqueiras* indica abundancia en peixe porco ou roncón; e *As Vellas* están relacionadas cun tipo de peixe do mesmo nome, semellante aos serráns.

As motivacións que dan orixe aos talasónimos son múltiples e calquera clasificación, sempre convencional, deixa fóra algúns nomes. Propoñemos unha relación de motivos frecuentes que detectamos na ría de Arousa e que seguramente é válida para outros contextos:

1. Paisaxe terrestre: nos talasónimos é frecuente que se tome o nome da paisaxe terrestre que se divisa desde o mar. Iso explica, por exemplo, que atopemos na ría tantas pedras marítimas chamadas *Figueiras* e *Abelleiras*.
2. Nomes de mariñeiros. Igual que ocorre no mundo labrego cos agros, que reciben o nome de antigos propietarios, no mar as pedras son bautizadas cos nomes dos mariñeiros que as frecuentaban, xa sexan nomes propios, como *O Con de Vicente* ou *A de Martín*; apelidos, como *O Petón do Roche* ou *A Vaamunde*; ou alcuños, como *A Laxe do Moraño* ou *O Con do Negriño*. Posto que o marisqueo e a pesca a flote son oficios masculinizados, a antroponimia dos accidentes marítimos é na súa meirande parte masculina; non obstante, cando as pedras se atopan na ribeira, próximas ás casas, poden levar o nome dalgunha veciña, como *As Laxes da Chacona* ou *Os Cons da Peixiña*, ambos os dous microtopónimos compostos con alcuños.



Figura 5. O Con do Chinchorreiro, visto desde As Rubas (A Illa de Arousa),
co monte da Muralla ao fondo. Foto: Helena Domínguez

3. Características das pedras. As formas, cores e outras características das pedras tamén dan orixe a varios nomes, como *O Con Escachado* de Rúa, *O Seixo* en Vilanova, *O Con Negro* no Grove e *O Con Branco*, no Galiñeiro, ao sur da illa.
4. Flora e fauna do lugar: exprésase en topónimos abundanciais. Algúns zootopónimos son moi recorrentes, como as ostreiras e corveiros: *A Insua da Ostreira*, na Pobra, *A Ostreira* en Cambados; *A Illa do Ostral*, en Boiro; *O Corveiro* ao sur do Areoso, *A Punta do Corveiro* en Noalla... Entre os fitotopónimos podemos mencionar estes da Arousa: *As Golfeiras*³ de *Barbafeita*, *A Seba*⁴ e *O Cuberto das Barbas*.⁵

3 Derivado de *golfo*, unha alga parda mariña da familia das laminariáceas formada por láminas longas, duras e grosas unidas a un talo pequeno (DRAG).

4 Realización dialectal de *ceba*, planta acuática mariña, da que existen diversas especies (DRAG).

5 Denominación local da especie *Claphodora rupestris* (Ríos Panisse 1983).

5. Artes de pesca. Conforman unha categoría propia de talasónimos, como demostran os nomes *O Con do Chinchorreiro*, *A Area da Secada* ou as pedras chamadas *Papacambelos*. O *chinchorro* e a *secada* ou *sacada* son dous tipos de redes; e o *cambelo* é un antigo aparello para a pesca do polbo.
6. Naufraxios. O talasónimo recolle o nome do barco accidentado, como *O Baixo Ter* e *o Faro do Targa*, ou outro tipo de referencias ao afundimento, como *As Laxes do Abade*, en San Vicente do Grove, que lembra o infortunio do párroco, ou o cuberto *Carga de Trigo*, no norte da Arousa, que rememora a mercadoría perdida.
7. Metáforas. algúns conxuntos de pedras noméanse a partir de analoxías con grupos familiares, como *As Novias* ou *As Irmáns*, en Vilanova; ou de animais, como *Os Bois* ou *Os Gatos*, na Arousa. Outras veces constatamos que os elementos da realidade labrega se trasladan ao mar de forma metafórica, de xeito que atopamos *hortiñas*, *camallóns* e *careixos*.

A costa galega está salpicada de topónimos que se repiten de punta a punta, algúns de forma idéntica e outros con pequenas variacións: *Furado*, *Roncadoira*, *Cova*... Por iso é imprescindible consultar outras recolleitas de talasonimia, que nos permitan establecer comparacións, resolver etimoloxías e establecer regularidades. O cruzamento de datos sempre conduce a bo porto.

Bibliografía e cartografía citada

- Cabeza Quiles, Fernando (2008). *Toponimia de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- Coello, Francisco e Madoz, Pascual (1856). *Pontevedra*. [Mapa; escala: 1:200 000]. Madrid: [Imp. del Atlas de España]. Dispoñible en <https://www.ign.es/web/catalogo-cartoteca/resources/html/001808.html>
- Domínguez García, Helena (2025). Cada pedra con cadanseu nome. Talasónimos xenéricos da Ría de Arousa. *Nova Ardentia*. 17, 121-124.
- Fernández Flórez, Ignacio (1833). *Plano de la Ría de Arosa*. Madrid: Dirección de Hidrografía. Dispoñible en <https://bibliotecavirtual.defensa.gob.es/BVMDefensa/es/consulta/registro.do?id=1064455>
- Instituto Geográfico y Catastral (1985). *Santa Eugenia de Ribeira 151-IV*. [Mapa topográfico nacional. Escala 1:25 000]. Madrid: Dirección General del Instituto Geográfico y Catastral.

- Melero Moreno, J. E., Pérez Pérez, E. (1909). *Carta de la parte SW. de la ría de Arosa que comprende el fondeadero de Santa Eugenia de Riveira y las ensenadas de Cambados y El Grove* [Carta náutica]. Madrid: Sección de Hidrografía. Disponible en <http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000243507>
- Ríos Panisse, María do Carme (1977). *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I. Invertebrados y peces*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela
- Ríos Panisse, María do Carme (1983). *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. II. Mamíferos, aves y algas*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela
- Vilar Pedreira, Xosé Lois (2008). *Talasonimia da costa sur de Galicia*. Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos.

Coloquio con Ángeles Piñeiro e Helena Domínguez

Moderador: Gonzalo Navaza

Participantes: Ángeles Piñeiro, Helena Domínguez, Fernando Cabeza
e José Benito Rodríguez Álvarez, ‘Tito O Chirro’

Fernando Cabeza

Helena, gustoume moito a túa intervención. Recolles o microtopónimo *A Tasca* na Illa de Arousa?

Helena Domínguez

Non.

Fernando Cabeza

Non existe?

Helena Domínguez

Non.

Fernando Cabeza

Porque eu vino nun mapa. Hai *A Tasca* en Aghiño de Ribeira, entón quería saber se pode ser un invento ou é un fallo do...

Helena Domínguez

Pero *A Tasca* está situado na Arousa?

Fernando Cabeza

Si, si.

Helena Domínguez

Non, non o teño.

Fernando Cabeza

Aparece nun libro que publicara o seminario de Santiago, Fontán. Aparece *A Tasca*.

Gonzalo Navaza

*Hidrotoponimia de la ría de Arousa.*¹

Fernando Cabeza

Hidrotoponimia, xa é moi vello. Entón quería saber, que eu tiven medo, sospeitei que fose un fallo, unha equivocación ou que realmente existira porque eu tratei de estudar *A Tasca* de Aguiño. Quedou como o que parece pero non estou moi seguro que na *Tasca* de Aguiño podía haber unha tasca de mariñeiros. Pero esa *Tasca*, que son unhas pedras, sospeito que podería ser un catalanismo, como o que comentaches ti antes.

Helena Domínguez

É que ademais *tasca* non o utilizamos; diríase *taberna*. Quero dicir, a palabra *tasca* non aparece na fala local. Non dis “hai unha tasca”, dise *taberna*. Non o sei.

Fernando Cabeza

Debe ser unha equivocación.

Gonzalo Navaza

Na tradición das cartas náuticas, polo menos dende Tofiño,² hai moita terminoloxía do Mediterráneo ausente do noso léxico habitual. É probable que sexan cartógrafos os que imponen eses nomes que non son propios da lingua. É dicir; non que fosen recollidos, senón que fosen impostos polos cartógrafos. Ao final ha de ser algo parecido o que pasa con ese.

Fernando Cabeza

A *tasca*, non sei se en catalán antigo ou actual,³ é unha especie de carreiro, de paso, para circular cunha embarcación pequena. Hai unha novela, *A catedral e o mar*,⁴ que fala disto.

1 Rodríguez Rodríguez, Manuel (1976). *Hidrotoponimia de la Ría de Arosa: accidentes costeros, emergentes y submarinos con sus coordenadas*. Santiago de Compostela: Seminario Fontán-Sarmiento de Hagiografía, Toponimia y Onomástica de Galicia, Colegio Mayor Gelmírez.

2 Vicente Tofiño de San Miguel, mariño e cartógrafo español do século XVIII, autor de *Derrotero de las costas de España en el Océano Atlántico, y de las Islas Azores ó Terceras, para inteligencia y uso de las cartas esféricas* (1789).

3 Dicionari. cat s.v. *tasca*: “Barra de sorra a l’entrada d’un port”.

4 Falcones, Ildefonso (2006). *La catedral del mar*. Barcelona: Grijalbo.

Gonzalo Navaza

Emprégase como xenérico aquí nalgún sitio en Galicia *tasca* con ese valor de carreiro, de paso?

Fernando Cabeza

Non, non, non. Sería o caso de *freu*, pero tamén atendería a un detalle natural desde a perspectiva dun catalanfalante, non?

Gonzalo Navaza

Eu creo que pode ser obra de cartógrafos. Tamén podería darse o caso de que haxa nomes no litoral, dalgunha zona, que realmente respondan a informantes doutra zona. Xa comentamos aquí o que sucedeu con Galicia Nomeada: había moita información recollida por informantes creo que eran do Morrazo que tamén coñecían o litoral de zonas máis ao norte. Pero logo, cando se contrasta coa información dada polos veciños desas zonas, ás veces eles mesmos sabían: “Ah! iso é como lle chaman os de Beluso”. É dicir, que coñecían que era un nome alternativo pero imposto por outra xente.

José Benito Rodríguez Álvarez, ‘Tito O Chirro’

Para nós, na Guarda, a palabra *tasca* si que a temos, tanto pola parte do norte coma pola parte do sur: temos un *seco*,⁵ é dicir temos unha... (*tasca*), vinte metros e logo temos polo norte doce metros e polo sur outros doce metros. Entón, cando navegamos un día de mal tempo ou que hai algo de perigo, dicimos: “Oe, ten coidado coa *tasca*”; “Non veñas por riba da *tasca*. Ven máis de oeste e enfía a sueste”. E os do sur igual: “Oe, que vés por riba da *tasca* do sur, ábrete máis para fóra”, e tal.

Esa palabra, *tasca*, é un *seco grande*, un anaco longo de pedra onde o fondo sobe moito para arriba e, se hai algo de mar, hai perigo de que podes romper. Entón usamos esa palabra: *a tasca do norte* e *a tasca do sur*, que son as dúas zonas de perigo.

5 *Diccionario de diccionarios*. Constantino García s.v. *seco* -> *sequeiro* ‘terreno que se queda seco cuando baja la marea’ (Cuveiro Piñol).

Gonzalo Navaza

Pois varía a cousa se realmente se usa como termo habitual. O que non quere dicir que non poida ser de orixe foránea. Pero se se usa como xenérico; se chamam *tascas* a diferentes, non a unha concreta.

Helena Domínguez

Fernando, hei de preguntalo porque ao mellor non o recollín; pero se pregunto por el se cadra dinme: “Ah, si, está alí”. Hei de preguntar.

Fernando Cabeza

O que di ese señor coincide con esa novela *La catedral y el mar*, con que eran lugares por onde tiñan moita dificultade para entrar, eran carreiros moi falsos. Podería coincidir.

As marcas do mar dos guardeses

José Benito Rodríguez Álvarez
Mariñeiro maior

O porto da Guarda

O último treito da costa atlántica galega é lineal entre Silleiro e A Barbela na Barra do Norte do Miño; uns 28 km con moi poucos sitios onde botar unha gamela ó mar, só cos entrantes de Mougás, Oia, A Guarda e A Barra do Miño. A serra da Groba sitúase moi preto do mar, con pouca plataforma habitable e cultivable, maior na zona de Mougás, pero con alturas de case 600 m no Alto do Carroubelo, a 2,5 km do mar.

A plataforma continental submarina está a 15/16 millas de terra, con distancias variables nunha costa moi aberta ó océano, e con moitas dificultades para traballar debido ós ventos de S/SO, ás correntes máis superficiais e ás correntes oceánicas, máis profundas, a partir das 70 brazas.

Son condicionantes orográficos e climáticos que determinan moito o traballo dos mariñeiros, que crearon ó longo da historia recente unhas estratexias para adaptarse a un medio hostil, cambiante, difícil de predicir e do que dependen o traballo e o sustento dunha comunidade enteira.

O porto da Guarda está situado nesta costa aberta ó océano pero, en palabras dos mariñeiros, “non é un porto, é unha poza, son catro pedras e máis nada”. Son visibles as estruturas portuarias de defensa do porto para poder crear un espazo recollido: unha rampla, un fondeadoiro e unha lonxa que non poden coa forza do mar; o fondeadoiro non é válido para embarcacións superiores ás gamelas.

As embarcacións empregadas no porto da Guarda até o primeiro cuarto do século xx foron diminuíndo de tamaño. Ata 1905-1906 as embarcacións de maior tamaño eran os lanchóns ou botes volanteiros, que cando tiñan bo tempo asegurado largaban as volantas da pescada no bordo da plataforma continental, a 30 ou 40 millas do porto. Eran embarcacións movidas a vela e a remo de 13 ou 14 m de eslora, 3 ou 4 m de manga, 1,75 ou 2 m de puntal e máis de 10 t. Levaban unha tripulación de 14 ou 15 homes, necesarios para levantar o mastro, largar e halar o aparello, levar o temón, gobernar o pano da vela etc. As volantas

largábanse ata fondos de entre 130 e 170 brazas no Cantil, na parte máis exterior da plataforma continental, en fondo de area para evitar a rotura dos aparellos.

O problema apareceu coa chegada de barcos estranxeiros (O Reino Unido, Bélxica) que eran arrastreiros que lles levaban as redes, o que provocou o repregamento cara a zonas máis achegadas á costa con botes angarelleiros de 8 ou 9 m de eslora que traballaban co palangre do pincho para a pescada, o xeito da sardiña e as rascas da lagosta.

Os vapores estranxeiros e do estado español, ó baixar a produtividade no Cantil, viñeron pescar no sitio ocupado polos angarelleiros, o cal provocou a substitución por botes máis pequenos (6,5 ou 7,5 m de eslora), con seis ou sete homes a bordo e que, construídos entre 1917 e 1924-25, traballaban coas volantas, que sufriron tamén o arrastre dos vapores e tiveron que cambiar de estratexia e desprazarse outra vez cara ó leste, a 7 ou 8 millas, á Serra ou á Nosa Serra, perigosa para o arrastre. Eran os chamados *botes molleiros*, xa que o *mollo* era cada peza da rede da volanta achegada por cada tripulante (Beloso 1990).



Figura 1. O porto da Guardia [ca. 1892]. Pequeno, moi protexido e moi aberto ó Atlántico. Arquivo Fotográfico Pacheco. Concello de Vigo

O mar dos guardeses

Denominamos así as zonas de pesca habituais dos mariñeiros da Guarda, que ían desde Silheiro até Aveiro, xa en Portugal. Coa chegada dos barcos a vapor, de maiores dimensións, e logo cos barcos a gasóleo, foi ampliándose o ámbito pesqueiro até chegar a toda a costa portuguesa e prolongarse cara ó sur até as illas Canarias, Marrocos, Mauritania... e todos os mares do mundo.

Os mariñeiros que se movían en embarcacións de madeira, fosen lanchóns volanteiros, angarelleiros, molleiros ou gamelas, facíano con propulsión manual —a remo— ou coa axuda do vento, que era aproveitado polo pano da vela. Aquí contaba o esforzo físico para vogar e a habilidade no dominio da vela, co engadido da dificultade para saír e para arribar ó porto guardés debido á estreiteza da entrada e á perigosidade por estar arrodeada de pedras e baixos.

Estes mariñeiros tiñan que moverse pola súa área natural de traballo sen máis axuda ca un compás e unha carga intelectual que combinaba a experiencia propia coa bagaxe do saber acumulado e transmitido polos proxenitores. Xa dicía o poeta Xosé Iglesias que na pía do bautismo había auga de mar. O neno mariñeiro vivía desde o berce no medio de aparellos, bicheiros, espello, compás, pía de encascar, agullas de atar... Esta transmisión de saberes aprendíalle que peixes se daban no bioma desta costa sur galega e do norte de Portugal, polo que era necesario aprender cal era a natureza do fondo e a profundidade en brazas para determinar que animais frecuentaban os distintos sitios en que largar as trampas adaptadas para cazalos, para matalos. Nun principio e durante moito tempo, até mediados do século xx, os materiais eran fibras naturais (algodón, cânabo, *vimbe*, tellas, cortiza, seixos, chumbo, area gorda...) para inventar, fabricar, armar redes, palangres, arrastóns etc. adaptados ás distintas especies que habitaban este mar. Cando o inverno era duro e se facía moi difícil traballar en mar aberto, unha parte dos mariñeiros traballa no río, o Miño, á pesca do meixón, o sable e o salmón.

A zona de traballo entre Silheiro e Aveiro até o Cantil son varios centos de quilómetros cadrados, con maior densidade de coñecemento do mar canto máis preto do porto. Sen os medios modernos de xeolocalización, un mariñeiro tiña que emprazarse no punto de pesca empregando puntos nun sitio determinado onde largar a arte. Este sistema utilizado por mariñeiros de todo o mundo require coñecer a orografía terrestre que lle é válida para este cometido e memorizar as marcas para poder volver ó sitio para recoller aparellos ou para largalos.




Figura 2. A Pasante entre os baixos do Rinchador e A Morosa.

Debuxo: Tito, O Chirro. Plano con moitísima información: a costa, o fondo, os pasos, os peixes e onde abundan, as illas e os illotes

As marcas

A costa guardesa é rectilínea. Non é comparable á costa das Rías Baixas, con illas por diante e por detrás dos pesqueiros, penínsulas, entrantes etc. que dan máis posibilidades para escoller as marcas. Pero a pesar das limitacións, os mariñeiros adaptáronse e marcaron o seu mar de traballo con máis dun cento de puntos en terra. O xeito de facelo, nunha liña de costa disposta de norte a sur e o mar a oeste dela, foi buscando unha liña imaxinaria a nordés e outra a sueste. O primeiro punto en terra, a primeira marca é un sitio lonxe, decote un monte, do que se tira a liña que ten que pasar por outro punto, o máis próximo á costa; canto máis agudo (faro, campanario, outeiro, poste...) mellor porque dá unha marca máis precisa. Temos así unha marca que a bibliografía balear chama “senya mestra”; á segunda marca chámalle “senya accesoria” (Ordinas 2001, p. 254). Esta liña, para que non se prolongue de maneira infinita, hai que cortala




Figura 3. Monte Seco e Biduídos. Debuxo: Tito, O Chirro Illas, terra firme, enfilacións, baixos e mares de rodaballo, lagosta, lumbrigantes, badexos, linguados

con outra liña, a marca de sueste, que conflúe onda o observador, o mariñeiro. Dixemos que pode haber unha terceira marca; a bisectriz do ángulo formado polas catro marcas anteriores, que vale para precisar máis o pesqueiro. Buscar estes puntos en terra e cruzar as dúas liñas creadas require dunha posición móbil e un bo coñecemento da realidade orográfica. O ángulo formado é aconsellable que non sexa inferior a 45° nin superior a 90° . Ser moi agudo ou moi aberto vai en contra da precisión da marca.

Para comprobar a profundidade e a natureza do fondo emprégase, ou emprégabase, un aparello de feitura caseira, de pedra ou chumbo, ou incluso un tubo que levaba o cabo nun extremo e na outra parte, cóncava, levaba sebo animal. Largábase pola borda até bater no fondo, logo halábase con dúas funcións: a de medir a profundidade (en brazas) e a de saber de que estaba constituído o fondo (pedra, area, cuncha, areón, lama... ou o ferro dun barco afundido), porque dependendo disto e así se criasen uns animais ou outros, así serán os aparellos e as precaucións para traballar cunha arte ou outra e non danalas ou perdelas.

Non temos que esquecer que traballaban en fondos de 10 ou 20 brazas, pero tamén de 70 ou 80 e no Cantil de 130 ou 170, polo que había que contar coa corrente de superficie, coa corrente oceánica e a deriva que isto crea ó largar redes ou palangres para evitar que caían fóra do sitio desexado.

As marcas teñen vida, móvense e hai que buscalas. O mariñeiro dálles personalidade, caracterízaas, sabe que mellor se localizan no verán, porque non están ocultas polo neboeiro, pola chuvia, pola falta de luz. A marca anda ou desanda, é lenta e pesada ou é rápida, lixeira, ben afinada; tamén pode ser boa, mala ou dubidosa dependendo da exactitude, da fiabilidade.

Para tirar a liña hai que buscar que as marcas prefixadas coincidan no espazo, e esta busca está descrita cun vocabulario específico, rico e preciso. Cando un punto se vai arrimando a outro, para coincidiren e tirar a liña, dise que está *encostado*, *abicado*, *aberto por*, “*salido*”, *por fóra*... Cando, no canto de estaren a aproximarse un polo lado do outro, o que está é un punto sobre outro, os guardeses din *montado*, *enriba de*, *a pique de*... Se unha ladeira dun monte ou dous lombos aparecen por detrás só un pouquiño, cando xa se comeza a ver sen descubrirse por enteiro, é cando din *vexo non vexo*, *a barbear*, *largo* ou *larguiño*. Se o movemento da observación provoca que se vexa máis ou menos o lombo ou ladeira que está por detrás, dise que *abre* ou que *cerra*.

As realidades xeográficas usadas, dependendo da forma que teñan reciben diversos nomes: *aro*, *curupela*, *mama*, *mamota*, *banqueta*, *lombo*, *cornio*, *corniño*, *chepa*, *gancho*, *petouco*, *penedo*, *cortada*, *punta*... Así temos *As Mamotas de Oia*, *Os Lombos do Frade*, *Os Corniños da Silveira*, *A Mamota de Caralladas*, *As Dúas Mamas*.

As marcas producen unha gran cantidade de talasónimos porque hai que nomear catro ou seis puntos en terra e hai que nomear o propio pesqueiro. Estes sitios en terra, cando son grandes unidades orográficas destacadas, o máis habitual

é que por parte do mariñeiro reciban os nomes coñecidos, como *Arga*, *A Groba*, *Silleiro*, *O Faro Vello*, *Bazar*, *Lousado*, *O Gagán*, *O Facho* ou *San Francisco*. Poden ser construcións na liña de costa, como o mosteiro de Oia, o santuario de Santa Luzia (Viana do Castelo), A Casa do Viñadouro, as chemineas da fábrica da Catanga, A Casa de Manolo O Zapateiro, o convento de Caminha, o faro de Montedor.

Son moi usadas marcas moi próximas á Guarda ou na propia vila, ou no monte do Trega: *O Terroso* ou *Torroso*, *As Loucenzas*, *O Castro*, *O Castrón*, *a torre da igrexa*, *O Redondo* (*O Castelo*). En Santa Trega empréganse *O Facho*, *San Francisco*, *A Cova da Loba*, *O Muíño do Merouco*, e máis ó sur, *O Porto Real*, *O Balueiro Vello* etc.

O sitio marcado tamén recibe o seu nome, que ten unha orixe moi variada:

- O nome do descubridor ou dalgún mariñeiro que frecuenta moito o sitio: *A Pedra do Ceregas*, *A Pedra do Patita*, *A Pedra do Pixota*, *A Pedra do Cagueira*, *O Cabezo do Lolo*, *O Cabezo do Germán*.
- O apelativo recibido pode depender da constitución do fondo do mar. Ó *Brugal de Oia* chámase así porque un *brugal* é unha zona de cunchas ou area gorda, mentres que *O Seco de Viana* é de pedra corrida e no *Limpo de Sanín* o fondo é de area.
- É moi usado no topónimo a realidade física do sitio nomeado. Temos *A Beirada da Agoeira*, *A Beirada de Portocelo* e *A Beirada da Cortada*, en que *beirada* é o límite dunha zona determinada onde comeza outro tipo de fondo ou a confluencia do limpo de area cunha zona de pedra. Pero a *beirada* é tamén a parte máis externa da plataforma continental onde comeza O Cantil a 30 ou 40 millas do porto. Hai *O Cabezo Gardel*, *O Cabezo do Lolo*, *A Pedra da Balea*, *A Pedra da Gorda*, *A Pedra da Rodiña*, *A Pedra das Mamas*, *A Pedra do Maíxo*, *O Petón das Mamas*, *O Petón* (no norte da Serra), *A Serra* ou *A Nosa Serra* ou *A Serra das Bruxas*.
- Outros xeradores de talasónimos son os afundimentos de barcos ou algún tipo de accidente sen afundimento, como lle pasou ó *Cabo Oropesa* que bateu nuns baixos polo sur de Ribel, ou *Rebel*, e desde aquela ficou co nome dos *Baixos do Oropesa* (21 de agosto de 1917). Non moi lonxe, no cabo Silleiro, os mariñeiros de Baiona chaman *O ABC* ó sitio preto do Lobo onde se afundiou no 1931 o barco homónimo, que era de

Bouzas e facía parella co *Rosita*. Morreron todos os tripulantes. A uns centos de metros, o 25 de xaneiro de 1906, ó pé da Atravesada, afundiuse o barco inglés *Collingham*. Hoxe o sitio chámase *O Cunichán* (Vilar 2008, pp. 79-81).

A definición que os mariñeiros teñen do fondo do mar, pola natureza del ou pola forma, crea unha gran cantidade de xenéricos, que así chamamos á maneira particular que cada comunidade mariñeira ten para denominar unha realidade orográfica ou mesmo a composición do fondo mariño: *garfo*, *ratadas*, *casco*, *banco*, *seco*, *cabezo*, *petón*, *limpo*, *beirada*, *beiril*, *cantil*, *pozallo*, *laxe*, *castizal*, *coral*, *brugal* etc.

As marcas eran memorizadas polos mariñeiros e houbos máis desconfiados da súa memoria que os escribiron en cadernos ou follas soltas como loita contra o esquecemento.

En 1932 António Santos Graça, no libro *O Povoeiro*, un estudo etnográfico da “comunidade piscatoria” da Póvoa de Varzim, sinala abondosas marcas dos mariñeiros. Foi Joana Lopes Alves quen publicou, xa no 1958, un *Roteiro de Pedras da Costa da Ericeira do pescador Firmino Francisco Santos* e, en 1999, os roteiros de Fernando Brites e do seu fillo Francisco Brites (Lopes Alves 1999).

É Enric Moreu-Rey quen en 1982, nun vocabulario de “noms de lloc” baleares, dedica un espazo á talasonimia e define as marcas, “la senya o enfilall”. Será Maria-Teresa Montaña quen, na súa tese de doutoramento de parte da costa de Tarragona, defina polo miúdo o significado e uso das marcas (1991, vol. 1, pp. 11-12).

As marcas son tratadas por Miguel Martínez González na súa tese de doutoramento sobre os mariñeiros guardeses (1999). Calo Lourido fala das marcas e especificamente da existencia nas familias de derroteiros (1996, pp. 48-49) e incluso confesa que ten no seu poder dous exemplares, un pertencente a un antepasado del do Porto do Son, feito para a pesca do congro, con 64 postas, onde podemos ler: “Cadeliña. Ten o rebordiño afiado por montelouro e ten a mama a basoña” ou “Con. Ten aginchoeira de grallo, e ten o cabrón abeira da terra do neixón negro”. Outro balear, Antoni Ordinas Garau, define amplamente a “senya” (2001, p. 254).

Xa no 2008 será Xosé Lois Vilar Pedreira quen publique a talasonimia entre O Puntal das Argazosas (A Guarda) e A Punta do Caranquexo (Nigrán) e, no mesmo volume, inclúe o caderno de marcas de Selegante, un mariñeiro

de Baiona nacido en 1916. Da Guarda publicou os topónimos do río e da costa, pero non as marcas e os fondos da plataforma continental.

A recollida da costa de Oia fíxoa Roberto Rodríguez Álvarez, de Pedornes, e foi incluída no mesmo libro (Vilar 2008). Este mesmo autor está a preparar a publicación do caderno de marcas escrito en 1955 polo Majinó, nacido en 1930. Como o de Selegante e o sinalado por Calo Lourido, están escritos en galego e denotan o vocabulario propio dos mariñeiros ó falaren de marcas: “Fandiña. Jaliñeiro do sur avicado e a torre a rapachaquetas” ou “O buraquíño, a Pedra que Bole a boca do río e o mojote da marca de rabudasnos abicado por monteferro”. O Majinó é o alcume de Fernando Acevedo Acevedo.

Os mares do sur

Ó indicar atrás que o mar dos guardeses ía desde Silheiro a Aveiro referiámonos á zona de traballo de volanteiros, angarelleiros ou molleiros; maiormente dos primeiros, que polo seu volume tiñan máis autonomía. Está acreditada a irmandade entre *poveiros* (da Póvoa de Varzim) e guardeses, debido á dependencia que ambas as comunidades de pescadores tiñan da meteoroloxía, polo que non era raro que tripulacións enteiras tivesen que agardar en terra o cambio a tempo favorable para volver á Póvoa ou á Guarda. Hai quen busca a orixe etimolóxica do nome *Malteses*, rúa da Guarda, na palabra portuguesa *malta* como ‘grupo de persoas de baixa condición ou partido de traballadores de outra região’, en referencia ós grupos de homes a deambular pola Guarda, matando o tempo á espera de melloría climática.

Concíbíase que os guardeses traballaban da Póvoa para o norte e os *poveiros* para o sur, e uns a outros avisábanse cando tiñan artes perdidas, xa que chegaban a coñecer as marcas que cada familia tiña nos aparellos (e en todas as pertenzas da embarcación). Cando se metía mal tempo, había que deixar as redes e marchar a fuxir para terra; as volantas, rede móbil, co maltrato recibido polo mar, ían perdendo pedras da chumbada e gañando mobilidade, polo que tiñan, cando melloraba o tempo, que ir buscalas polo mar abaixo seguindo o rumbo das correntes ata dar con elas, cando non recibían aviso dun guardés ou dun *poveiro* que as ollara antes.




Figura 4. Montes e fondo do Seco de Champaña, onde se indica o seco (pedra), os pozallos de limpo, o rego de area e as marcas: Gaioso arriba de Moledo e Santa Lucía abicada por Arga. Debuxo: Tito, O Chirro

O meu pai, home nacido en 1902, coñecía moitas marcas das familias *poveiras* e tamén as persoas. Queremos dicir con isto que os mares, até A Póvoa, e coa motorización ata Sines e San Vicente, eran territorios moi frecuentados polos guardeses e onde marcaban co mesmo sistema que na costa guardesa.

Coa motorización tamén pasaron ó norte de Silheiro até Aguiño e traballaban no Cantil, tamén chamado *A Beirada de Fóra*, que agora dicimos plataforma continental pero que os vellos, cando esta plataforma se fai máis profunda, din que *descantila*, pasa de súpeto das 130 ou 170 brazas ás 300 e máis. É o sitio que chamaban *O Bordo*. Para os volanteiros, traballaren a fonduras de máis de 130 ou 170 brazas supuña que tiñan que halar un aparello con centos de quilos de peso, polo que a única maneira era xuntárense dúas tripulacións con bo tempo recoñecido, con peixe recoñecido na cala e ían sondando e comprobando que viña peixe para non faceren esforzos en van.




Figura 5. O Pozo do Aveiro, San Pedriño e a Punta Noroeste do Pozo da Nazaré con marcas, liña de costa, fondos e tipos de peixe. Debuxo: Tito, O Chirro

A parte galega de Aguiño até a altura da Guarda, o chamado *Canto da Illa*, comezaba no *Pozo de Aguiño*, *O Pozo do Norte*, *O Pozo do Medio*, e remataba no *Pozo do Sur* marcando con *Gaioso* ó *Lago*, que era a marca xa extremando en Portugal no *Mar do Naro* na *Punta do Sur* do Cantil, e aquí comezaban os mares portugueses no *Pozo de Viana*. Chámanlles *pozos* porque se pasa das 170 ou 180 brazas a 300 e logo volve subir ás 170 ou 180. Pode ser que haxa esta caída e non sexa un *pozo* senón un *puntal* enriba do cantil; así despois do *Pozo de Viana* vén *O Pozo da Póvoa*, *O Puntal de Nordeste*, *A Volta de Terra*, *A Punta* e *A Volta de Sudoeste*, *O Pozo de Leixões*, *O Pozo de Espinho*, *O Pozo de Aveiro*, *A Cara Sur do Pozo*, *O Pozo de San Pedriño*, *O Puntal da Nazaré*, *O Pozo da Nazaré*, *A Pedra da Nazaré*, *O Puntal da Venia*... así marcando ata San Vicente.

Estamos a enumerar os mares do Cantil, do Bordo, da Beirada de máis de 130 ou 170 brazas, pero a zona das 80 brazas para terra era tamén traballada desde *A Nosa Serra*, *A Beirada de Áncora*, *O Mar do Achadizo*, *O Mar de Montedor*,




Figura 6. O Pozo da Nazaré, coa costa de Peniche, Nazaré, San Martiño e As Berlingas até o Puntal da Venia, con fondo de 300 brazas. Debuxo: Tito, O Chirro

A Beirada de Montedor, O Seco da Champaña, que ten como marca de nordeste “Gaioso arriba de Moledo” e a marca de leste “Santa Luzia abicada por Arga”, e os mares continúan cara ó sur co *Mar das Pedras, O Secallón de Viana, As Zumaias, O Mar de Viana, A Pedra da Galega, O Balón* e así até *O Mar de Mira* e as súas *ratadas*.

E de todos estes sitios hai que saberlle o nome, a profundidade, a formación do fondo (*cabezo, ratada, rego, pozallo, serra...*) e a súa constitución, se hai cunchas, area gorda, area fina, coral, lodo ou barro liso, duro que non deixa pegada no *sebeiro*, que non deixa indicios no aparello e que os guardeses chaman *salón*, outro xenérico máis; e saber que peixe dá cada zona e en cada época do ano.

Bibliografía

- Beloso Quiñones, Juan S. (1990). Embarcaciones y artes de pesca tradicionales en el puerto de A Guarda. En: José Manuel Vázquez Varela, coord. *El hombre y el mar en la costa suroeste de Pontevedra*. Pontevedra: Deputación provincial de Pontevedra, 57-230.
- Calo Lourido, Francisco (1996). *Xentes do mar: traballos, tradición e costumes*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.
- Graça, A. Santos (2005) *O Poveiro: usos, costumes, tradições, lendas*. Póvoa de Varzim: Edição do Autor.
- Lopes Alves, Joana (1999). *Roteiro de pedras: das costas da Ericeira e Cascais pelo pescador Fernando Brites*. Ericeira: Editora Mar de Letras.
- Martínez González, Miguel (1998). *Gamelas y pescadores de A Guarda (Pontevedra). Estrategias adaptativas y gestión de pesquerías en la pesca costera del sur de Galicia*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.
- Montaña i Martí, Maria-Teresa (1991). *Els noms de llocs sotaiguats de la mar sitgetana a la rapitenca*. Tarragona: Diputació de Tarragona.
- Moreu-Rey, Enric (1999). *Els nostres noms de Lloc*. 2.^a ed. Mallorca: Moll.
- Ordinas Garau, Antoni (2001). *Geografia i toponímia a les Illes Balears. La terminologia geogràfica en els noms de lloc*. Mallorca: Moll.
- Vázquez Varela, José Manuel, coord. (1990). *El hombre y el mar en la costa Suroeste de Pontevedra*. Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra.
- Vilar Pedreira, Xosé Lois (2008). *Talasonimia da costa sur de Galicia*. Gondomar: Instituto de Estudos Miñoráns.

Un tesouro do patrimonio cultural inmaterial: a talasonimia. Estratexias de difusión

Xosé Lois Vilar Pedreira

Instituto de Estudos Miñoráns

ORCID: 0000-0001-5823-3008

Para Marta Souto, incansable promotora da recollida, difusión e publicación da toponimia en xeral e da vigaes en particular.

A Gito que, co seu pai Luís o Calvo, Pablo e Silverio, naufragaron o 11 de outubro de 1958 a bordo do *Cabo Villano* por terra do Lobo de Silheiro. Deixounos hai pouco, logo de armar millóns de brazas de rede.

Un tesouro do patrimonio cultural inmaterial: a talasonimia

É serodio o interese pola recollida, estudo, publicación e divulgación dos nomes do mar en Galicia. É certo que en 1976 o *pater* Manuel Rodríguez Rodríguez publicou *Hidrotoponimia de la Ría de Arosa. Accidentes costeros, emergentes y submarinos con sus coordenadas*, que reconece no prólogo que só ordenou os nomes que aparecen nos mapas topográficos, cartas náuticas, derroteiros e outras fontes de información, incluída a observación directa. No oriente de Iberia, Illes Balears incluídas, a recollida e estudo de talasonimia xa se facía nos anos 70 e 80 do século pasado. En Galicia, Gerardo Sacau Rodríguez publicou catro libros (1997-2007) con talasónimos das dúas beiras da ría de Vigo; o último deles dedicado á talasonimia entre Silheiro e A Guarda, mais coa mesma chata que a publicación da Arousa, sen traballo de campo ou moi escaso, baseado nos topónimos das cartas náuticas ou das recollidas feitas nas confrarías de Baiona e A Guarda, e sen citar os autores.

Foi no comezo do novo milenio cando as citadas confrarías publican os topónimos da costa sobre fotografía aérea e Roberto Rodríguez Álvarez e Xosé Lois Vilar Pedreira, membros do Instituto de Estudos Miñoráns, recollen máis de 1200 talasónimos entre O Miño e O Caranquexo (Nigrán) que publican en artigos (Rodríguez e Vilar 2006; Vilar e Rodríguez, 2005) e en forma de libro no 2008. Ese mesmo ano, a confraría de Lira (Carnota) publica *Os nomes do*



Figura 1. Publicacións do Instituto de Estudos Miñoráns

noso mar, con base fotográfica e recollida de María Isabel Lago Noceda e Juan B. Caamaño González, nun proxecto coordinado por Beatriz Nieto Novoa (2008), bióloga que xa coordinara na confraría de Baiona a *Aeroguía litoral do ámbito territorial da confraría de Baiona* (2004). No 2011 a confraría de Bueu publica tamén *O Buraco do Inferno. Toponimia mariñeira do mar de Bueu* (Garazo 2011), sobre fotografía aérea e coa explicación dalgúns topónimos, que inclúe a talasonimia de Ons e Onza.

Na primeira década deste século, a Sociedade Cultural Columba de Covas (Ferrol) tiña, e ten, na súa páxina dixital unha magnífica recollida de talasónimos e tamén de topónimos da parroquia, así como un mapa dos numerosísimos naufraxios da súa costa.

Existen moitas máis iniciativas particulares de recollida ó longo da costa galega, que temos que ordenar e publicar. Entre elas, Mónica Martínez Baileirón (2007) fixo recollida e publicación dos nomes do mar de Ribeira; Carlos Lixó (2016) recolleu os topónimos de Sálvora; Adrián Abella Chouciño os das Sisargas; Vitor Garabana (2014) na Costa Ártabra; Iván Méndez recolleu a talasonimia do mar do Orzán (2019); tamén Helena Domínguez que está a facer

a tese de doutoramento sobre a talasonimia da Illa de Arousa, onde naceu e imparte clases.

A talasonimia como patrimonio cultural inmaterial divulgámola en cursos, conferencias, visitas guiadas, no XXIV Congreso Internacional de ICOS (International Council of Onomastics Science), celebrado en Barcelona en setembro de 2011, en artigos e mesmo nun libríño: *Os nomes do mar de Baiona e Panxón. Toponimia marítima para xente miúda* (2008), con ilustracións de Pepe Carreiro, editado pola ANPA do pequeno colexio rural da Cruz (Camos, Nigrán) e financiado cos fondos obtidos ó gañar o 3º Premio Didáctico Antonio Fraguas, dedicado á toponimia do Val de Miñor en 2006-2007.

Outro dos xeitos de divulgar a talasonimia son as visitas en barco ó mar de Baiona e Panxón organizadas dende o Instituto de Estudos Miñoráns (IEM), que saen do porto ás 10 h da noite e volven dúas horas máis tarde. Son barcos con capacidade para 250 persoas que se enchén as máis das veces, malia non ser unha actividade gratuíta. A temática é o mundo do mar centrado na talasonimia. Nos últimos anos interpretáronse en lingua de signos para darlle acceso á xente xorda a este eido raro da cultura.



Figura 2. O barco *Piratas de Ons* nunha travesía cultural polo mar de Baiona e Panxón. Foto: Bruno Centelles

Contar a talasonimia

Un micro e unha gorxa cos que dicirlle á xente que non está nunha visita turística con mexillóns e albariño. Non imos ver o fondo do mar coa imaxinación nin van poñer música tropical para bailar en grupo. A primeiros de xullo, o Sol estase poñendo polo oeste e xa nos cadrou a Lúa chea emerxendo por detrás da serra do Galiñeiro. Á xente advertímoslle que está nunha derrota cultural polo mar de Baiona e Panxón, e que lle imos contar o froito dos traballos de recollida e investigación en arqueoloxía, bioloxía, represión franquista e talasonimia dos agora 26 anos de existencia do IEM.



Figura 3. Atlas de España (provincia de Pontevedra) que acompaña o *Diccionario geográfico-estadístico-histórico* de Pascual Madoz. Mapa de Francisco Coello (1856)

Pero os nomes do mar, do mar miñorán, non abonda con procuralos nos mapas topográficos e cartas náuticas nin só nos derroteiros (libros de derrota) que indican como arribar a un porto, porque en todas estas fontes bibliográficas hai poucos nomes mariños; só os necesarios para indicar a entrada ó porto ou para sinalar pedras perigosas para a navegación. Nós temos a sorte de vivirmos rodeados —cada día menos— de mulleres e homes maiores que foron acumulando

experiencia e saber debaixo do pano da cabeza, debaixo do sueste ou da boina: mariñeiros, argaceiras, percebeiros e percebeiras que tiveron que nomear o mar por necesidade vital, que empregando unha palabra da fala viva do seu idioma, o galego, encheron de nomes un medio móbil, cambiante, nunca seguro.



Figura 4. Percebeira e percebeiro na costa de Mougás (Oia). Foto: J. Daniel

Deberíamos contar primeiro que a toponimia, de terra e de mar, ten a función universal de ser xeolocalizadora. É dicir, se papá, a avoa ou mamá mandaba a rapariga ou o rapaz ir co carro das vacas desde *A Casa do Outeiro Bambón de Vilas*, en Morgadáns, Gondomar, buscar toxo ó pé da *Ladeira Onde Morreu a Muller*, ese é un sitio irrepetible, único, entre *O Monte do Sordo* e *Pinidos*, entre *O Costal de Chenlo* e *A Pía Caldeira*.

Ademais, a toponimia ten unha segunda función, ás veces perdida: ser descritiva: unha ladeira é un lugar encostado e neste caso apareceu, en setembro de 1960, Melchora Vilas, que marchara da súa casa no concello de Mos, a varios quilómetros de onde morreu. É un topónimo con data de nacemento... Pero, como se chamaba antes de 1960 ese sitio? Isto pregunteillo eu a Domingos do Eido Vello a canda o tempo de recollida de topónimos na serra do Galiñeiro, nomes que os mariñeiros converten en talasónimos, logo veremos como. Domingos respondeu antes dun segundo: *Ludeiros*. Si, e ademais está documentado no Catastro do Marqués de Ensenada de mediados do século XVIII como estrema entre Morgadáns e Chenlo.

Saberes mariñeiros

Un home que quería ir ó mar e volver con peixe para terra, ben para vender ou trocar, ben para comer, tiña que combinar unha serie de saberes tirados da experiencia propia xunto co aprendido, froito da acumulación e transmisión durante xeracións.

Un mariñeiro ten que ser biólogo, coñecer a etoloxía animal para saber cando e onde poder cazar unha ou outra especie. Debe respectar os tempos de cría, debería pescar cando está en mellor comida e debe ter coñecementos do comportamento de peixes e moluscos para armar os aparellos precisos para a súa captura.

Ten que ser enxeñeiro, fabricante de artes de pesca, que se facían, que se armaban nas casas, xa que é distinto ir ós longueiróns na area, que ir ás robalizas nos cabezos ou ós percebeos nas pedras da beiramar.

Para achegarse a estes sitios, o mariñeiro tiña que deseñar o tipo de embarcación axeitada ó seu mar, que dependería do mar, pero moito tamén da tradición. Eran embarcacións de madeira con remos e vela, de fondo plano ou con quilla, para dous, tres ou máis dunha ducia de homes e rapaces.



Figura 5. Fefa e Fernando halando as vetas polo sur da Estela de Terra.
Foto: J. Daniel

O mesmo mariñeiro ten que tentar predicir o tempo, ser meteorólogo, para ir ó mar; largar os aparellos e ter tempo de halalos para vir para terra de volta cos aparellos e con peixe. Hai que pensar que os grandes aparellos, as redes, eran propiedade das casas máis potentes, e que a maioría da xente só tiña unha liña e unha pica, ou como din na Guarda, esa palabra preciosa: o *amocelo*, o HAMOCELUM latino, o anzol. Uns centos de liñas e picas facían palangres para desempachar, alistir e encarnar todos os días para levar ó mar.

O quinto saber do mariñeiro era coñecer o mar. Era unha decisión diaria escoller a que parte do mundo ir traballar sobre esa masa de auga que, cando non vai o tempo bravo, é homoxénea, polo menos superficialmente, polo menos para unha persoa de terra. Un mariñeiro ten que valorar moitos parámetros para decidir se sae ó mar e onde ir. Ten que mirar como vén o *semblante*¹ e de onde vén, e considerar o vento, o mar de fondo, a chuvia, o risco laboral que supón penetrar no mar ás veces hostil. É neste quinto saber onde incluímos os coñecementos talasonímicos do mariñeiro: saber os nomes dos sitios e as súas características (distancia, fondo, natureza, produtividade...).

Que é a talasonimia?

Consideramos *talasonimia* a toponimia da franxa intermareal, as pedras que mollar a subida e a baixada das mareas, que recibiron e reciben unha forte presión antrópica na busca de lapas, percebes, caramuxos, mexillóns ou navallas, caramelas, longueiróns, ameixas, croques, relós, cadeluchas na area ou argazo depositado polo mar, que había que coller coa chamada rede ou *clamueiro* na costa de Oia, O Rosal e A Guarda, un xeito de ganapán para levar o argazo a terra e usalo para estercar, vender (o carrapicho e o xerés) para a industria química ou para cocelo (a botella)² e darlla de comer ós porcos.

Chamamos talasonimia ós nomes das instalacións portuarias como peiraos, espigóns protectores —en Baiona é *A Doca*, aínda que na Pasaxe (A Guarda), hai *A Doca das Motoras* como sinónimo de peirao—, balizas, faros, casas dos mariñeiros, lonxa, caseta de salvamento marítimo, chabolas...

1 Ver ou mirar o *semblante*: “observar o estado do ceo, as formas e cores das nubes e os seus movementos”.

2 Alga da especie *Fucus*.



Antes dos faros modernos, antes do século XIX, para indicar a chegada de inimigos, nos altos dos montes había instalados sitios de vixilancia e de aviso. Son os *fachos*, *sentinelas*, *vixías*... *Facho* vén do latín FASCIO, como *feixe* de leña, a que se queimaba para dar a alarma. A costa estaba dividida en sectores chamados *trozos* ou *alarmas* dependentes dun señor que tiña que prover o facho de combustible e de persoal. Foi Iván Sestai, boísimo recolledor de toponimia, quen nos dicía que na súa terra tiñan *O Facho de Donón* que fora facho, era castro e tamén un espectacular santuario galaico-romano inzado de aras graníticas dedicadas a Berobreo. Polo norte, *O Alto da Vixía*, e todo sobre *A Costa de Súavela*, non *da Vela*. Así xuntos, tres sinónimos de vixilancia e aviso en Cangas.

Tamén consideramos talasonimia os nomes que recibe a superficie do mar, como acontece cos barrios ou lugares dunha aldea ou dunha cidade.

Os mariñeiros de Baiona e Panxón chámanlle *O Pego* ó interior da ría, palabra latina de orixe grega, PELAGUS, sitio fondo no mar ou nun río. No río Miñor, no ramal que baixa de Zamáns á altura de Vilaza atopamos *O Pego Negro*; Xulia Marqués Valea recolleu *O Piago* en Trabada. A entrada ó Pego é *O Bocal*; cando van pescar a Baredo van á *Banda do Sur* que ten un amplo fondo de area: *A Pampa*. Cara ó oeste, xa vén Silleiro, onde comeza unha costa lineal: *A Costa*. Poden ir ás *Estelas* ou á *Illa*, que son *As Sías*. O mar está *zonificado* por esa función xeolocalizadora que ten a talasonimia.



Figura 7. Foto aérea do porto de Baiona. Foto: J. Daniel

E falabamos atrás da función descritiva. Ás veces pérdese, porque o topónimo se fai escuro para a maioría da xente. Pasou o tempo e a palabra aplicada como talasónimo perdeuuse no uso diario porque pasaron centos ou miles de anos. Ninguén sabe que significa *Sías*, *Ons*, *Silleiro* ou *Miño*, xa que as grandes realidades xeográficas cambian pouco de denominación: illas, serras, ríos.

E xa que estamos a falar de ríos, de hidronimia, hai que volver repetir o da xeolocalización. Un río que nace entre Montouto e O Alto da Chan da Lebre, cando é regueira seca é *A Regueira de Lavacidos*, que xunta auga os días de chuvia e se xunta centos de metros mais abaixo coa *Regueira da Chan da Lebre* e coa *Regueira da Mata*, denominación que vén do alto homónimo. Cando se xuntan as tres regueiras forman *O Río de Cuvelo*, xa de máis entidade; augas abaixo é o *Río dos Bois*; ó pasar da Porta Mián abaixo é *O Río de Val de Guillade*, logo *O Río de Bouzós*, *O Río da Serra* e desemboca chamándose *O Río da Quirincova*, e así cumpre a función localizadora tendo cada treito un nome.

Talasónimos son, por suposto, os nomes que reciben os distintos sitios no fondo do mar. Son propiamente os lugares de pesca; é a toponimia invisible. Dependendo da natureza do fondo, así serán os peixes ou moluscos que se pesquen ou collan; é por iso que os mariñeiros teñen que saber as brazas de profundidade para armar os aparellos, con máis ou menos cabo para calalos adecuadamente.

Ademais, se o fondo é de area, daranse peixes planos; se hai cabezos, peixes da pedra como as robalizas. O mariñeiro ten caracterizados, categorizados, os fondos: se é unha superficie grande de area é o *limpo*, se é unha mancha de area é unha *allada* ou *alladela*, se hai area entre pedras é un *rego*. Se hai area gorda con cunchado é un *brugal*, que chaman na Guarda. Cando falamos de rochas, se é plana é unha *laxe*; se sobresae do fondo en Baiona é un *cabezo* e no norte (Arousa, Marín, Ons...) un *con*; se se ve desde a gamela pero a certa profundidade e con argazo é unha *olga*. Cando é unha rocha en que rompe o mar é un *baixo*. Unha zona rochosa é o *seco*, en contraposición co *limpo*. Unhas rochas máis pequenas ó pé doutras maiores son *os fillos de* ou *as crías de* (Lira). Na Guarda, as rochas pequenas son as *ratadas*. Se están afiadas son un *serrón*. Unha lingua de terra que entra no mar é un *puntal*.

É agora cando hai que lembrar que cando recollemos toponimia, ou neste caso talasonimia, tamén recollemos xenéricos, que así nomeamos as palabras que definen unha realidade orográfica en cada zona da xeografía. Son palabras que poden estar vivas na fala ou que ficaron na talasonimia e que temos claro o seu significado, aínda que xa non as usemos. Os xenéricos dannos conta da agudeza sensorial das persoas que traballaron do medio mariño, danlle riqueza á lingua. En Baiona, ó pé da Negra, hai unhas rochas máis pequenas, que reciben o nome *Os Fillos da Negra*. A mesma realidade orográfica en Lira recibe o nome de *crías*, así temos *As Crías do Corveiro*, *As Crías de Terra de Pedrapás*, *As Crías do Galludo*, *A Cría do Seixo*...

Cando as acumulacións de area son moi potentes chámanselles *dunas*, verba traída do neerlandés *duin*. Pero, cando recollemos talasonimia, decatámonos que, ben na fala viva ben fixados á terra como topónimos, hai distintas palabras para nomear estas realidades.

Comezando polo sur, nun traballo inconcluso, hai *O Medão Grande*, en Peniche; *O Tombo de Area*, no Pasaxe (A Guarda); *fenales* e *mouillóns*, na costa miñorá; volta *O Tombo do Gato* nunha praia viguesa; e *tombos* hainos nas Sías. A *Madorniña* en Bouzas; *A Barronca Grande*, *A Barronca Pequena* e *As Barronqueiras* en Aldán (Cangas), segundo achegas de Iván Sestai. En Aguiño, *modorróns*; en Corrubedo, *montes de area* e *mouteiras*, dependendo do tamaño; e *amalloeiras* na praia da Ornanda (O Son); e na lagoa de Xerfas (Muros), *A Malloeira Grande*, que se converte nos *Motroncos* na barra de area da lagoa da Berberecheira; aínda que *malloeiras* en Lariño (Carnota). Máis ó norte, no Sardiñeiro de Fisterra, son




Figura 8. As dunas de Gaifar (Paxón, Nigrán) antes de seren destruídas, na segunda metade do século xx.

monteiróns; *morouzos* en Perillo, segundo Xurxo Souto; e *terrellouzos* ou *sabreiros* en Covas (Ferrol) (Vilar 2013, pp. 17-19).

Esta longa listaxe valla para sermos conscientes da recollida oral feita por xente preparada para o caso e para, outra vez, insistir na urxencia da recollida co gallo de preservar o noso patrimonial inmaterial, que, no caso da toponimia—ben considerado na nova lei de patrimonio—, tantos matices achega á xeografía, á historia ou á lingüística, ademais do orgullo de coñecermos máis a fondo o mundo mariñeiro que nomeou centos de quilómetros lineais e cadrados do noso país.

Tamén incluímos nos talasónimos as marcas usadas polos mariñeiros para orientarse no mar ou sinalar un perigo para a navegación. Para situarse enriba dun pesqueiro,³ sen modernos sistemas de emprazamento, os mariñeiros empregaban puntos en terra de onde tirar liñas imaxinarias que se cruzaban no sitio que querían marcar. As marcas máis arredadas, o que a bibliografía balear chama *marca mestra* (Ordinas 2001, p. 254; Moreu-Rey 1999, p. 50), son a maioría das veces montes senlleiros na paisaxe, visibles de lonxe, dos cales parte a liña que

3 “Os “pesqueiros” tecnicamente son “espazos marítimos instalados sobre un nicho ou unha rede de nichos bioprodutivos onde diferentes especies se concentran nun número variable, de xeito permanente ou estacional, ocupando diferentes niveis dos mesmos” (García Allut 1998, p. 66, nota).

pasa pola segunda marca, a marca accesoria, o máis achegado posible á beira do mar para precisar ao máximo o sitio que se quere marcar. A segunda liña ten que estar en ángulo coa anterior, nin moi aberta nin moi fechada. É un sistema de moita precisión do que, por exemplo, O Majinó, mariñeiro de Baiona, nos deixou escrito ducias de marcas:

Barbate mojote das mariñas a unha cortada de Silheiro pedestal da pedra que bole a caída do sur da roca




Figura 9. Caderno de marcas de Fernando Acevedo Acevedo “Majinó”, mariñeiro de Baiona.

Neste caso estanos a transmitir onde está afundido *O Conde de Barbate*, sitio tamén coñecido como *O Barco do Sal*, que estaba fondeado o 11 de outubro de 1955 fronte ó cabo Estai (Vigo) e foi fendido e afundido polo transatlántico francés *Colombie*, que saía do porto de Vigo. Estaba cargado de sal con destino a Marín e agardando que se levantase a neboeira basta. Morreron cinco homes. *Barbate* é un topónimo tamén con data de nacemento.

Xa volvendo para terra devagar, vemos a liña da serra do Galiñeiro onde están moitas das marcas dos mariñeiros de Baiona e Panxón: *O Fillo do Galiñeiro* ou *O Remo*, como marca máis setentrional, e seguimos polo *Galiñeiro do Norte*,



Figura 10. O *Highland Pride* bateu o 9 de setembro de 1929 por fóra da Negra e alí afundiuse. Agora o sitio é coñecido como O Mar do Pride.

o do Sur, Os Aforcados, A Marca de Muíños, A Alta, A de Respingo, A Marca Gorda; son nomes que os mariñeiros aplican a sitios chamados polos paisanos de Vincios, Vilas, Prado, Malvas, Couso ou Peitieiros, as aldeas da serra, con outros nomes. *A Marca Gorda* é o monte máis alto de Peitieiros, que é *O Alto das Gallas* para eles, *O Alto da Furna* para os de Prado, Vilas e Malvas, ou *O Alto da Paraguda* para os de Gondomar. A mesma realidade orográfica nomeada de catro maneiras distintas por catro comunidades humanas distintas.

Xa citamos atrás que *A Ladeira Onde Morreu a Muller* é *Ludeiros* e, para os mariñeiros, *Os Aforcados*.

Unha característica rara na talasonimia é marcar só cunha liña, cando os mariñeiros guardeses ás veces marcan con tres para maior precisión. Os baioneses (micos) e panxoneiros (bandullos), cando ían pescar á *Agoeira*, un illote ó sur das Sías, só tiñan unha marca polo norte. O conxunto das Sías son tres illas dispostas de sur a norte e os mariñeiros navegan de leste a oeste. A illa de San Martiño, a do Sur, tapa as outras dúas: a do Medio ou *do Faro* e a do Norte ou *de Monteagudo*. Consonte navegan vanse poñendo ó descuberto partes da illa do Medio e da illa de Monteagudo, ben ó pé da illa ou nas partes altas delas. Son sitios diferenciables que os mariñeiros relacionan coa realidade do fondo do mar, que é o que lles interesa. As pedras ou montes que van aparecendo reciben nomes que pasamos a enunciar en orde, pensando que canto máis adiante na listaxe máis a dentro no mar e maior profundidade, e unha ou outra realidade na composición do fondo (pedra, area, cascallo...).

As primeiras pedras son *Os Collóns* e son tres. Cando se comeza a ver o perfil do primeiro son *Os Pelos do Collón*, logo *O Medio Collón*, *Un Collón*, *Collón e Medio*, *Os Dous Collóns*, *Dous Collóns e Medio* e *Os Tres Collóns*. Vén *O Lombo da Mareira*, *A Primeira Mama*, *A Segunda Mama*, *A Terceira Mama* e *As Catro Mamas*. Xa pasamos ás *Marcas do Foxo* e xa vén Monteagudo, que lle dá nome á illa setentrional. Cando comeza a verse a ladeira oeste estamos nos *Pelos de Monteagudo*, e cando vemos o monte enteiro estamos con *Monteagudo Aberto*. Logo *Papatales* e rematamos en *Monte Calvo*.

Cando os mariñeiros miñoráns perden as referencias en terra din “irse de Arga”.

Logo deste percorrido, nas saídas ó mar do IEM, estamos próximos a Panxón ou a Baiona. Raquel, Alba ou David non pararon de signar e explicámoslles a dous centos e medio de persoas como un mariñeiro que nunca se mergullara no fondo mariño sabía se había seco ou area, limpo ou allada, un cabezo ou unha laxe. E sabían con alta tecnoloxía caseira, pedra cónica ou un cono de chumbo cun cabo pola parte bicuda e cóncavo na base, que enchían de sebo: así lle chaman *sebeiro*, *sonda*, *escandallo*, *chumbeiro*, e que tiña dúas funcións. Largábano até bater no fondo, logo halaban medindo as brazas de profundidade e no sebo vén marcada ou pegada a realidade do fondo: area, cascallo, lama, a pegada do arneirón das pedras, plantas mariñas ou incluso óxido de ferro, que indica a localización dos restos dun naufraxio. Así sabían a profundidade e a natureza do fondo e intuían que especies viven nel para, en función disto, armar unha ou outra arte de pesca con máis ou menos cabo e así tentar aproximarse ó dominio do seu mundo, o que foron chamadas estratexias adaptativas e de xestión de pesqueiras (Martínez González 1998).

Está atracando o barco e non deu tempo de falar da clasificación dos talasónimos recollidos con nomes de paxaros, peixes, homes, mulleres, plantas, construcións, barcos naufragados... ou daquel con data de nacemento no 16 de outubro de 1936 cando lle puxeron *A Volta dos Nove* fronte ós *Petóns da Bombardeira*, onde a garda civil e falanxistas de Baiona mataron sete mariñeiros, un ferreiro e un labrego de Baiona e Panxón.

Recursos bibliográficos

- Abella Chouciño, Adrián (2023). *A Illa, toponimia dun mar fronteirizo. (Talasonimia das Illas Sisargas)*. Malpica de Bergantiños: [edición do autor].
- Garabana Barro, Vitor (2014). Os talasónimos da Costa Ártabra. Colleitas de nomes mediante entrevistas a xentes do mar. *Madrygal*. 17, 163-171.
- Garazo, Alberto, coord. (2011). *O Buraco do Inferno. Toponimia mariñeira do mar de Bueu*. Bueu: Confraría de Pescadores San Martiño de Bueu.
- García Allut, Antonio (1998). Os pescadores como creadores de coñecemento “experto”: o seu papel no deseño de novas políticas pesqueiras. En: Francisco Calo Lourido, coord. *Antropoloxía mariñeira: Actas do Simposio Internacional in memoriam Xosé Filgueira Valverde, Pontevedra, 10-12 de xullo de 1997*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 57-75.
- Lixó Gómez, Carlos (2016). A microtoponimia de Sálvora. *Estudos de Lingüística Galega*. 8, 127-145. DOI: 10.15304/elg.8.2667
- Martínez Baleirón, Mónica (2007). Aproximación á microtoponimia da beira do mar no concello de Ribeira. En: Luz Méndez e Gonzalo Navaza, eds. *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega “Frei Martín Sarmiento”*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 377-389.
- Martínez González, Miguel (1998). *Gamelas y pescadores de A Guarda (Pontevedra). Estrategias adaptativas y gestión de pesquerías en la pesca costera del sur de Galicia*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.
- Méndez, Iván (2019). Talasonimia da Coruña [cartografía]. *OpenStreetMap*. Dispoñible en <http://u.osmfr.org/m/318830/>
- Moreu-Rey, Enric (1999). *Els nostres noms de Lloc*. 2.^a ed. Mallorca: Moll.
- Nieto Novoa, Beatriz, coord. (2004). *Aeroguía litoral do ámbito territorial da Confraría de Baiona*. Baiona: Confraría de Pescadores La Anunciada.
- Nieto Novoa, Beatriz; Lago Noceda, M.^a Isabel; e Caamaño González, Juan B. (2008). *Os nomes do noso mar. Mar de Lira*. Santiago de Compostela: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e Confraría de Pescadores de Lira.
- Ordinas Garau, Antoni (2001). *Geografía i toponímia a les Illes Balears. La terminologia geogràfica en els noms de lloc*. Mallorca: Moll.
- Rodríguez Álvarez, Roberto e Vilar Pedreira, Xosé Lois (2006). Toponimia marítima e fluvial desde O Miño a Panxón. “Fillo de Sías ao pe de cabo de vicos, mar de prajetas” e outros mil catrocentos hidrónimos. *Ardentía. Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial*. 3, 43-56.

- Rodríguez Rodríguez, Manuel (1976). *Hidrotoponimia de la Ría de Arosa. Accidentes costeros, emergentes y submarinos con sus coordenadas*. Santiago de Compostela: Seminario Fontán-Sarmiento de Hagiografía, Toponimia y Onomástica de Galicia.
- Sacau Rodríguez, Gerardo (1998). *Os nomes da Ría de Vigo*. I. *Cabo Silleiro – O Berbés*. Vigo: Instituto de Estudios Vigueses.
- Sacau Rodríguez, Gerardo (2000). *Os nomes da Ría de Vigo*. II. *O Berbés, Oitavén-Verdugo*. Vigo: Instituto de Estudios Vigueses.
- Sacau Rodríguez, Gerardo (2004). *Os nomes da Ría de Vigo*. III. *Oitavén-Verdugo – O Facho de Donón*. Vigo: Instituto de Estudios Vigueses.
- Sacau Rodríguez, Gerardo (2007). *Os nomes beiramariños. Desde Cabo Silleiro ata O Porto da Guarda*. Vigo: Instituto de Estudios Vigueses.
- Sociedade Cultural Columba* [web]. <https://www.sociedadecolumba.com>
- Vilar Pedreira, Xosé Lois (2008). *Talasonimia da costa sur de Galicia*. 2.^a ed. Gondomar: Instituto de Estudos Miñoráns.
- Vilar Pedreira, Xosé Lois (2013). Aceite, madeira e boinas. Talasonimia dos naufraxios do mar dos galegos. *Escrita contemporánea*. [Actas da VI xornada de literatura de tradición oral. Historias, mitos e monstros do Mar de Galicia], 13-51.
- Vilar Pedreira, Xosé Lois; Carreiro, Pepe (2008). *Os nomes do mar de Baiona e Panxón. Toponimia marítima para xente miúda*. Vigo: Nova Galicia.
- Vilar Pedreira, Xosé Lois e Rodríguez Álvarez, Roberto (2005). Os nomes do mar. *Raigame. Revista de Arte, Cultura e Tradicións Populares*. 22, 7-55.

Coloquio con José Benito Rodríguez Álvarez, “Tito, O Chirro”, e Xosé Lois Vilar

Moderador: Gonzalo Navaza

Participantes: José Benito Rodríguez Álvarez, “Tito, O Chirro”; Xosé Lois Vilar;
Fernando Cabeza; Helena Domínguez; Lucía López Lires; Pilar López Vilas

Fernando Cabeza

Para o señor Tito: explicaches *volanta*, o nome desa rede, a etimoloxía, o que quería dicir. Pode repetir?

José Benito Rodríguez Álvarez, “Tito, O Chirro”

A *volanta* chámase por iso, porque a rede voaba.

Fernando Cabeza

Voaba polo mar.

José Benito Rodríguez Álvarez, “Tito, O Chirro”

Trasladábase. O que comentei antes. Co mal tempo, ao non poder recollela, o normal é que levantases ao día seguinte. Metíase o mal tempo, había que ir a remo e a vela, non se podía saír. Ou incluso, aínda que houbera bo tempo, había mar de fondo e non podíamos saír do porto grande. Entón iso quedaba no mar, e o aparello, a cortiza, tiraba moito; usaba unhas cortizas de 30 cm de diámetro. O aparello “traballaba” moito, e agora perdía unha pedra, mañá perdía outra, logo outra... chegaba un momento que tiña máis forza a flotación que o propio peso que lle quedaba. Entón coa forza da corrente “voaba”. Os vellos dicían que voaba, ou sexa trasladábase, levábaa a corrente. De aí vén a palabra *volanta*.

Fernando Cabeza

Moi crible. Recordo que houbera un accidente automobilístico, que caera un autobús portugués ao río Douro, e que os cadáveres despois apareceran por riba de Corrubedo; entón coincide moito co teu.

Xosé Lois Vilar

Cando caeu aquel autobús na ponte do río Douro, ao día seguinte estaban os asentos do autobús e os mortos alá polo norte.

José Benito Rodríguez Álvarez, “Tito, O Chirro”

Eu tentei demostrar que non era como dicía o periodista. Dicía que había unha auga que saía do río, auga doce, e levaba os cadáveres aí. Os cadáveres só os poden levar para o norte se hai correntes do sur. E nós sabemos, que coñecemos o terreo da Guarda e coñecemos a costa, que iso é imposible.

Por que aparecían os cadáveres na ría? Fíxense que nunca apareceron cadáveres no verán, sempre apareceron de inverno; nos meses de outubro en adiante ata maio, ou marzo, que é cando as correntes teñen forza na costa. Por que razón? Porque imperan os ventos de barlovento, os ventos de norte, durante os outros meses anteriores. Entón ese autobús cando caeu, era inverno ou primavera, entón si. Imperan as correntes do sur e levan moita velocidade.

Logo hai que contar coas devalantes das rías. A devalante e a enchente importan moito. Se un cadáver está fronte á ría de Vigo, que vén polo fondo, e nese momento hai unha devalante, ese cadáver non vai entrar nunca dentro, porque ten máis forza a augación que sae da ría para fóra. Entón aí non entra e volve seguir. Depende, se no momento de pasar por outra ría, na de Muros ou na de Vilagarcía, se hai unha enchente —chamámoslle nós unha devalante— o cadáver vai para dentro.¹ E logo hai enseadas, que xa hai revesas, hai correntes contrarias... iso xa son pequenos procesos que fai a corrente dentro dunha ría. Pero as correntes son exactas.

Eu tan pronto como o lin no periódico, xa fixen unha crítica na casa. Púxeno clariño: só pode entrar un cadáver nas rías nosas con vento de inverno. De norte non entra, non hai tal corrente por baixo. Iso sabémolo nós os primeiros, que somos os que andamos coas redes.

A cousa que máis ensina no mundo o fondo mariño é a rede. Sitios que non coñeciamos, anacos de pedra que iamos levantando no limpo. “Papá, onde largamos?”, “Largamos no limpo”. E logo iamos levantando: unha *cabra roja*!² unha *cabra roja* non vén no limpo! Aquí hai unha pedra! Inmediatamente

1 O relator quixo dicir que a devalante —a baixada da marea— non permite entrar os cadáveres nas rías; mentres que durante a enchente —a subida da marea— si poden entrar.

2 Peixe mariño da familia dos escorpénidos, escarapote.

mandaba botar unha baliza, porque iso non estaba marcado. Entón marcábamola, porque alí había pedra, e xa pescabamos. Coñecemos a costa como a palma da man. A corrente notámola nos nosos propios brazos, porque as redes tiñamos que levantalas á man.

Entón non había tal aguonorte,³ para que levase o cadáver ao norte. Había aguonorte pero de inverno. De norte, non. A proba é iso, que é a que lle demostrou eu alí. Ningún cadáver entrou de maio en adiante —pode ser un mes máis— nin de outubro ou de agosto para atrás. Por que? Porque imperan as correntes de barlovento, imperan as correntes do norte, porque temos máis días de vento norte que de vento sur. Como dixen antes, as correntes que están de 70 a 80 metros para a terra son gobernadas polos ventos. E de 80 ou 100 metros para fóra ata o cantil, quen gobernan son as correntes oceánicas por abaixo. Falamos de por abaixo. Porque incluso en douscentos metros pode haber tres clases de correntes, como temperaturas igual.

Agora sabemos, que temos os equipos satelitarios, que nolo demostran, e collemos máis peixe, claro; por exemplo o peixe espada, que traballa coas temperaturas. Iso sabémolo agora, pero antes non. Demostra que pode haber unha cantidade de láminas que levan temperaturas, correntes e contracorrentes. Iso xa nolo dá un equipo satelitario; eu xa traballei con eles, xa sei como é. Pero claro, iso no medio do mar onde hai miles de metros, tres mil metros, catro mil metros, e buscamos as roturas térmicas e todo iso. Pero na costa non, na costa quen manda, nunha certa cala —chamámoslle *cala* a unha certa altura—, son as correntes do vento, dunha certa altura para a terra. E dunha certa altura para o oeste —a costa é norte-sur— mandan as correntes oceánicas.

Esa é a pregunta que quería saber vostede?

Gonzalo Navaza

Aproveitando que comentou algo de Vila Praia de Âncora —non sei se saben os guardeses, Xosé Lois sei que o sabe—, desde unha investigación da doutora Rego, un libro titulado *De Gontinhães a Vila Praia de Âncora*,⁴ hoxe sabemos que toda a actividade pesqueira desde o Miño ata Viana do Castelo foi introducida por galegos, fundamentalmente xente procedente da Guarda.

3 “Auga ó norte”.

4 Rego, Aurora (2013). *De Santa Marinha de Gontinhães a Vila Praia de Âncora (1624-1924): demografia, sociedade e familia*. Tese de doutoramento. Universidade do Minho. <http://hdl.handle.net/1822/23728>

José Benito Rodríguez Álvarez, “Tito, O Chirro”

No 1824. O primeiro asentamento que se fixo.

Gonzalo Navaza

Sobre todo. Especialmente a maior migración foron os liberais fuxidos da represión no remate do trienio liberal.

José Benito Rodríguez Álvarez, “Tito, O Chirro”

Non había Vila de Âncora; era Santa María de Guitiñáns⁵ que estaba a quilómetro e medio terra dentro. Eles só viñan buscar o argazo e mais o patexo para levar para os campos.

Gonzalo Navaza

Lembrei isto co do peixe espada, porque eles teñen Vila Praia de Âncora como capital do *espadarte*, que lle chaman eles.

José Benito Rodríguez Álvarez, “Tito, O Chirro”

O *espadarte* é o peixe espada.

Gonzalo Navaza

Iso ten unha consecuencia onomástica, da onomástica persoal, a antroponimia: o apelido *Afonso* era probablemente o apelido máis común da diocese tudense, que, como se sabe, ata final da Idade Media chegaba á desembocadura do río Lima, ata que se creou a diocese de Viana do Castelo.

José Benito Rodríguez Álvarez, “Tito, O Chirro”

En Vila Praia de Âncora o apelido máis importante, que foi o primeiro que se asentou é *Verde*.

Gonzalo Navaza

Hai un apelido que orixinariamente era *Afonso* que foi castelanizado (en *Alonso*) en Turonio, é dicir, o territorio do norte do Miño da diocese tudense. E agora tamén o hai no que chaman os portugueses distrito do Minho, porque eses *Alonso* que hai agora nesa área son de orixe guardesa, todos veñen da Guarda.

5 *Santa Marinha de Gontinhães* era a antiga freguesía. En 1924 cambiouse o nome e déuselle á localidade onde estaba a sede da parroquia a categoría de vila co nome de *Vila Praia de Âncora*.

José Benito Rodríguez Álvarez, “Tito, O Chirro”

Castro, Alonso, Verde e hai outro apelido máis. Son cinco apelidos.

Helena Domínguez

Ola, Tito. Quería preguntarche dúas cousas, unha é de toponimia: mencionaches *O Mar Novo*, non sei se podías explicar a que lle chamades *O Mar Novo*.

José Benito Rodríguez Álvarez, “Tito, O Chirro”

O Mar Novo para os nosos antergos era o noroeste do Petón. O Petón é a punta norte da Nosa Serra; quedaba aí, na braza cento trinta, cento cincuenta. Foi cando empezaron a proba no Cantil os volanteiros, porque primeiro lles daba medo, claro.

Largar e levantar o aparello no mar en tanta profundidade á man era moi problemático. Con quince ou dezaseis homes cunha pouca de corrente facíase imposible levantar aí o aparello. Son moitos centos de quilos de potencia; chegaban rebentados. Logo igual chegaban á baliza, viñan remando oito horas, e quedábanlles outras oito horas, se non había vento, a remar para terra tamén. Ou máis, porque era a golpe de remo e vela. Viñan ao cabo de oito horas remando e logo inda tiñan que estar todo o día levantando redes, chegaban desfeitos. Entón dáballes algo de respecto. Ata que despois se foron decidindo, segundo comentaban os nosos vellos. Fóronse decidindo e chamáronlle [á zona] *O Mar Novo*. Porque antes só traballaban arredor da serra, non botaban nunca na pedra. Sempre trataban de botar no limpo. Pero arredor, polo beirado de fóra e o beirado de terra.

Helena Domínguez

Entón é *Novo* porque era un novo sitio de pesca.

José Benito Rodríguez Álvarez, “Tito, O Chirro”

Correcto, exactamente. Pero logo foi frustrado porque veu a primeira guerra mundial e empezaron a minar os portos do norte, e tal. E os belgas e ingleses foron os primeiros barcos de arrastre que chegaron; os barcos de vapor, esnaquizábanlles as redes. E aí veu xa a decadencia dos barcos volanteiros.

Como era económico aparelaron o angarelleiro, que era catro metros menor, menos xente, máis económico, pero ese barco durou pouco, traballou pouco a volanta, traballou ata o 1916 ou 1920. Quen aguantou un pouco máis foi

o molleiro, o pequeno, que chegou ata o 1930 e logo xa tamén desapareceu. En 1930 a emigración xa foi para América, porque era imposible traballar no limpo coas redes, xa empezou o arrastre a nosa flota, a española tamén —e naquela non había millas, non había nada acoutado, traballaban por onde querían.

Dise que os barcos ingleses viñeron antes para acá pola información que tiñan os barcos que viñan buscar o sal a Aveiro, que, co rumbo que daba para norte, pasaban polo medio da flota portuguesa e española; porque nós temos que contar coa flota de Póvoa de Varzim e Viana, que tiñan o mesmo barco ca nós. Eles chámanlle *lanha do alto* e nós *volanteiro*. *Lanha do alto* ou *lanha da pescada*. Entón o rumbo dáballes a pasar polo medio deles. Viñan cargar o sal para o servizo de Inglaterra. Claro, eses países non tiñan sal. Antes a información que había era nas tabernas. Seguramente falaron que había moito peixe, non porque collesen moita pescada senón pola cantidade doutros peixes variados que viñan. Viñan case toda clase de tiburóns: marraxos, quenllas, almofases, litáns, viseras, canexas, melcas... como mínimo oito ou dez clases de tiburóns. Despois raías; outros peixes que son moi malos de zafar das redes, que aí atrás botaron na televisión que teñen unhas antenas, unhas anteniñas así [fai un xesto cos dedos]; o buzo que ten un ollo moi grande, que é peixe branco moi bo... Eu penso que daquela había vinte ou trinta clases de peixe que podía vir. Porque nós aínda fomos traballar a eses cantís coas volantas, no 1965 ou así, e viña moita cantidade de peixe: palometa negra, palometa encarnada, buzos, outros peixes raros, viña moito peixe.

Helena Domínguez

Outra pregunta sobre etnografía mariñeira. Ti asistiches a algún tipo de canto? Cantábase mentres se lanzaban as redes? Había cantos específicos do traballo no barco?

José Benito Rodríguez Álvarez, “Tito, O Chirro”

Si.

Helena Domínguez

Cancións específicas do traballo? Eran cancións de traballo que acompañaban o lance das redes?

José Benito Rodríguez Álvarez, “Tito, O Chirro”

Non, do traballo non; calquera canción popular se botaba.

Helena Domínguez

Pero todos xuntos cantando mentres traballabades?

José Benito Rodríguez Álvarez “Tito, O Chirro”

Home, non; todos ao mesmo tempo non. Cantaban os de popa, chamabámoslle a *pana*, da ponte para atrás, cando se abre o aparello; había catro homes alí e os catro estaban: “Oe, mira que cantarola levan os de popa!”. E logo outras veces os de proa estaban virando a rede e estaban cantando e os outros calados, segundo como, se tiñan moito traballo os de proa, zafar o peixe, pois tiñan que atender, porque o patrón che botaba un berro: “Oe, coidado, que rompe a malla” ou tal. “Non estragues o peixe”, e os de popa: “Oe, deixade de cantar e espelide, que hai moita rede aquí no costado e hai que abrila!”, e tal. Entón o patrón non nos deixaba. Pero normalmente si.

Lucía López Lires

Chamoume moito a atención a *rosegha*, que lle chaman tamén *rosegha*; eu chámolle *raposa* ou *ghanchorra*. Decía que era de piñeiro cunhas gallas para coller o aparello. Agora témolas de aceiro tamén coas mesmas gallas dobradas, e moitas veces rastréxase en pedra para coller nasas ou para coller aparellos que están calados en zona ilegal ou no descanso semanal ou así. Cando temos que rastrexar para coller aparellos como rascos que están moi profundos e encontramos cunha pedra, nós que temos halador para virar, non me podo imaxinar a forza que tiñan que facer para recuperar esas... Cantas perdían ao ano?

José Benito Rodríguez Álvarez, “Tito, O Chirro”

Imaxina! Pois iso era a brazo todo, á man. E logo que collesen, oito ou dez horas de remo.

Lucía López Lires

É que agora veñen ás veces coas gaias dobradas e son de aceiro; cando enganchas, paréceme imposible!

José Benito Rodríguez Álvarez, “Tito, O Chirro”

Eu ás veces ando de patrón no volanteiro. Chego a bordo, pois saímos con xente a viaxar por aí e tal, e, como mariñeiro, vénme o recordo de como farían iso eses homes, como levarían a vela neste momento que vou eu: “Parece que levo a escota moi apertada ou moi longa e tal”. Que farían eles nese momento? Vénche esa memoria. Como puideron subsistir esa xente aquí?; onde poñían o peixe?; tiñan que levar sal, tiñan que levar peixe, tiñan que levar as cousas deles, o abrigo, a roupa de augas, as redes; como facían para largar dous bancos movibles?; largarían atrás? largarían coa vela? Como largarían? Un montón de miles de preguntas que me fago. Admítoallo porque é a realidade; meus avós andaron neses barcos e admítooo como realidade. Como mariñeiro, fáiseme case imposible.

Lucía López Lires

É que nos temos sonda, temos *plotter*, sabes se é limpo, se é pedra, se é..., e vas coa *ghanchorra* na man e é imposible que non enganche nunha pedra...

José Benito Rodríguez Álvarez, “Tito, O Chirro”

Aínda un compañeiro voso, o que está no instituto, anda nun barco destes. Chamoume por teléfono que tiña unha discusión cos compañeiros... Pablo! Coñeces a Pablo? Creo que estivo de director no Instituto de Oceanografía.

Xosé Lois Vilar

Pablo Carrera, director do Museo do Mar.

José Benito Rodríguez Álvarez, “Tito, O Chirro”

Exactamente. Chamoume preguntando:

—Oe, que teño discusións aquí cos compañeiros. Onde está a laxe esa?

—Que laxe? Aquí non hai laxe ningunha.

—Si, si. Hai unha laxe que está entre o beirado de terra e o cantil.

—Non, non. Iso chámase *A Nosa Serra*.

—Ah!! Ves, como sabía que había outro nome!

Ou sexa, un científico e non sabía o nome que tiña a pedra. Nin el nin os compañeiros. Inda tes outra máis: o rego que está polo sur entre *A Pedra de España* e o secallón de Viana, *A Pedra de Viana* xa, que logo hai un monte no

medio desa pedra, hai un monte grande que lle chaman *O Noso Secallón*; ese rego que hai entre unha pedra e outra chámase *O Rego das Bruxas*. Ese nome puxéronllo os de Marín; os barcos de arrastre de Marín foron os que lle puxeron *A Serra das Bruxas* e *O Rego das Bruxas*. Pois el, un científico, entre eles discutían o nome, non sabían cal era o nome da pedra. A pedra esa, toda a vida, a todos os niveis, se lle chamou *A Serra*. Os mariñeiros de Marín tamén lle chaman *A Serra*: uns chámanlle *A Nosa Serra*... Incluso os portugueses tamén lle chaman *A Nossa Serra*, porque eles teñen unha parte desa pedra que toca nas augas portuguesas.

Normalmente o noso terreo é desde Ghaioso, entre os altos de Santa Trega, a marca que dixen antes. De aí para sur estamos en augas portuguesas. Está A Guarda ao leste, cuarta a sueste, pero se pasamos da cartografía ao temón, a corrección total di: *De la carta al timón, al revés la corrección*. A declaración magnética mais o desvío do compás aplicámoslos e temos que poñer a 280. Entón, a 280 dende A Insua métenos en terreo español.

Un día eu estando levantando, colleu un amigo alá, veu a patrulleira, e a min tamén me colleu levantando alí:

—Está você en território português.

—Non, señor, temos a Guarda ao leste!

Pero claro, eu esquecín que...

—Não faça você a demora como é devido!

E xa me dei conta, claro: á corrección total hai que sumarlle dez graos máis. Entón, ese ángulo, ao vir para fóra, vaise abrindo, vaise abrindo... efectivamente, estamos dentro de *aguas*. Non nos dixo nada:

—Meta o aparelho e...

—Non! Xa vamos embora para Vigo!!

Iamos para Vigo, dabamos un lance alí e xa marchabamos para Vigo. Pois nada, non pasou nada. Avisounos pero con boas palabras. Pero iso, é así. Non o coñecían, non coñecían o terreo ese.

Pilar López Vilas

Tito, antes falaba do *Rego das Bruxas*; eu entendo que a xente, aínda que era moi forte e a pesar de todo o que sabían, habería momentos que terían que botar man dalgún tipo de crenza para pasar eses malos momentos, do que mal chamamos ás veces supersticións. Quería que nos falase un pouco dese tema, se pode ser.

José Benito Rodríguez Álvarez, “Tito, O Chirro”

Iso xa é cousa de cada un. Penso que hai moitas cousas no mar que as garda cada un. Cada un pasa o que pasa, esas cousas non se expresan nunca. Normalmente non expresas o que tes, iso queda dentro de ti. Incluso a algúns lles causa a morte, porque pasas por momentos moi difíciles onde tocas a morte coa man.

Por exemplo, a arte á que andamos agora ó peixe espada, estamos no medio do océano a dúas ou tres mil millas de terra; estamos a sete, oito días de terra. Estamos no medio do mar, nin paxaros hai. E alí cóllente as galernas, os ciclóns, cóllete o que veña. Entón, cando un pasa por eses problemas, gárdalo dentro de ti e se es capaz asimíllalo... e se non, valo sufrindo nas túas propias carnes e lévalo como poidas. O mariñeiro normalmente que está curtido trata de botalo, soltalo, esquecelo, porque sabe que mañá vaille tocar outro, e pasado xa vén outra vez, e mañá tócanos navegar e temos unha borrasca por diante e non temos escapatória. Se cruzamos para babor, cólleenos aquela baixa que temos, unha baixa de presións, e se cruzamos por aquí cólleenos parte dun ciclón, e cousas así. Tratas de capear, levalo como mellor poidas. Pero hai momentos moi difíciles, que son difíciles de dixerir, porque non hai saída, a única saída é poñer o barco a capear. En popa non se debe de correr nada, é un perigo.

Ciclóns non os collemos porque temos equipos que nos avisan, pero hai veces que non dá tempo. O último que nos colleu a nós estábamos no sur de Madagascar. Os ciclóns cruzan o canal de Madagascar e logo transfórmanse en borrascas. Efectivamente, veu un ciclón e cruzou Madagascar, perdeu forza, transformouse en borrasca entre Mozambique e Madagascar; andaba alí, unha baixa presión e non lle fixemos caso. Estabamos a unhas duascientas millas polo sur de Madagascar. Pero de noite, o capitán vén, chámame e di:

—Oe, Tito, que vén un ciclón dereito a nós!

—Como vai vir un ciclón? Imposible!

—A ver, mira na bandexa.

Fomos mirar na bandexa, collemos o papel, imos ver: efectivamente, un ciclón. Que pasou? Que na punta mesmo do sur de Madagascar xurdiu unha bolsa de auga quente de temperatura 33 graos, cargou dunha maneira tan rápida! Porque os ciclóns como haxa auga fría non se forman, pode haber unha borrasca; pero se hai auga quente iso carga por acción, vai cargando, cargando, cargando, vai collendo velocidade, é impresionante. E viña a centos non sei cantos quilómetros.

Ás dúas da mañá puxémonos a virar o aparello: vira, vira, vira, vira. No último xa non puidemos meter, quedaron uns quince quilómetros de aparello. Picámolo, largamos cen quilómetros, cento vinte quilómetros de aparello. Pois os últimos quince quilómetros quedaron no mar. Picaba Antonio de Baiona, que era o contramestre. Cortamos o aparello e quixen aproar o barco e case non dá. E aguantámolo, e veña a capear, a capear. Viña mesmo a sueste e a centro trinta aproximadamente, e nós puxémonos a sesenta, para tratar de cortalo, porque sabiamos que se iamos para sur ou para norte cruzabámolo.

Pero claro, a sesenta o barco non aguantaba, collíao de través e virábanolo. Entón, houbo que poñelo a vinte graos, que é a maneira de capear: a vinte, vinte e cinco e medio vento. Vinte, vinte e cinco graos son dúas cuartas na rosa náutica. Entón dá na mura e o barco faise máis valente, cede, dá un golpe de mar e cede.

Estivemos así catro días e catro noites, capeando. O automático non aguantaba e hai que meterlle o automático, pero ao levar pouca velocidade, non lle podíamos dar velocidade, porque se non rompíamos o barco. O problema é: tes barco, tes vida. Coa mínima máquina que podíamos —tiñamos máis de media máquina funcionando—, pero sempre con velocidade reducida para que o barco cedese. Pero pódete desfacer a capa, porque se che dá un golpe de mar e te desfai, logo queres aproar e non podes cun temporal deses, e vénche un mar e vénche outro e vénche outro e atrávesache o barco e logo vira. Se te pos a navegar en popa, o mar é tan grande, os golpes de mar son tan grandes que te colle a popa e nunha destas enrasa, mete a proa e xa non xorde o barco, xa vai así dereitiño para abaixo. Non ten saída. A única saída é capear.

Logo aí é cando vén a pregunta que facía. Que facedes? que cres? Cada un cre no... Miras para atrás, miras a imaxe da Virxe do Carme, e uns pensan dunha maneira e outros pensan doutra. Cada un por dentro reza á súa maneira. Pero queda dentro dun, iso. Ao longo da vida logo págallas o corpo. É moi difícil explicar. Hai que vivilo. Pero que si, que se toca coa man e de aquí non saímos.

Eses días eu baixei falar coa tripulación: “Oe, poñede o salvavidas e metédevos nos camarotes co salvavidas posto”, e xa me contestan: “Ben, de aquí non imos saír, non?”, “Non, home non! Pasamos moitas, esta habemos de pasala tamén!”.

E pasámola! E pasámola! Tivemos sorte! Pero non contabamos con pasala. Iso é como a colla cada un. E o barco que teñas ese momento tamén, como estea o barco, se está moi cargado, se non está... Hai un montón de factores que todos son en contra, ningún a favor, todos en contra.

II

Naonimia: os nomes das embarcacións

Nomes que navegan: barcos e bateas nas Rías Baixas
/ LUCÍA LÓPEZ LIRES E AARÓN OTERO FERRARI

Coloquio con Lucía López e Aarón Otero

Aceptamos barco como animal de compañía.
Proposta de unidade didáctica
para a análise da naonimia en 2º da ESO
/ JOSÉ MANUEL DOPAZO ENTENZA

Coloquio con Lucía López, Aarón Otero e Manuel Dopazo

Nomes que navegan: barcos e bateas nas Rías Baixas

Lucía López Lires

Aarón Otero Ferrari

Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción

Galicia é a comunidade autónoma con máis quilómetros de costa de toda España e, desde sempre, a pesca desempeñou un papel fundamental na súa economía. Este é un dos motivos polos que, a día de hoxe, Galicia conta cunha arraigada tradición mariñeira, que se reflicte na cultura, na gastronomía e no ocio a través das numerosas festas gastronómicas que exaltan os produtos do mar, tanto as que teñen como protagonista un produto concreto (percebe, polbo, mexillón, longueirón...) coma as que resaltan a riqueza mariña dun xeito xeral, como son a Festa do Marisco do Grove ou as Xornadas de degustación de produtos da Reserva Mariña de Lira.

En España hai rexistrados un total de 8 549 barcos de pesca, dos que 4 198 teñen o seu porto base na nosa comunidade autónoma. Se engadimos os 1 258 barcos auxiliares de acuicultura, a flota galega suma 5 456 embarcacións dedicadas á pesca, ao marisqueo e á acuicultura. O feito de que Galicia conte cunha flota tan ampla débese en gran medida á importancia do marisqueo, actividade que exerce un número considerable de persoas. Esta é unha actividade fundamental nas zonas costeiras e tamén é a fonte principal de ingresos de moitas familias.

A acuicultura ocupa tamén un lugar destacado, especialmente no referente ás bateas destinadas á produción de mexillón, nas cales Galicia é líder mundial. Actualmente, en Galicia existen 4 884 establecementos de cultivos mariños, dos cales 3 582 son bateas dedicadas á produción de mexillón, ostra, ameixa e berberecho. Destas bateas, 3 437 destinan a súa actividade exclusivamente á produción de mexillón, mentres que o resto está orientado principalmente á de ostra e á de diferentes tipos de ameixa (fina, babosa, xaponesa, rubia, cadelucha). Ademais,

existen algunhas bateas experimentais destinadas á produción de berberecho, navalla e camarón.

Para o estudo dos nomes das embarcacións e das bateas, téñense en conta dous concellos representativos do territorio galego: Noia e Cangas de Morrazo. Non foron seleccionados só por ser o lugar de orixe das dúas persoas que realizan este traballo, senón tamén pola súa diversidade xeográfica. O concello de Cangas de Morrazo, na provincia de Pontevedra, está bañado pola ría de Vigo na parte sur e pola de Aldán no lado noroeste; mentres que Noia, na provincia da Coruña, está localizada na parte interior da ría de Muros e Noia. Imos deste xeito facendo un percorrido de norte a sur, desde a ría de Muros e Noia ata a ría de Vigo.

En canto ás embarcacións, as de artes menores son as maioritarias, pois representan o 68 % do total das rexistradas en Galicia, chegando a un total de 3 712 unidades. Pola súa banda, os barcos auxiliares de acuicultura constitúen o 23 % do total de embarcacións galegas.



Rías Baixas

Fonte: Wikimedia Commons

Outro grupo de embarcacións é o das dedicadas ao cerco, con tan só 146 rexistros, que representan o 2,6 % do total, o que dá conta da importancia dos dous primeiros sectores (artes menores e acuicultura). Finalmente, o 6,4 % restante corresponde a outras artes profesionais, as chamadas *continxentadas*:¹ embarcacións de cerco, arrastre, palangre de fondo e de superficie, rascos e volantas.

Diferenciamos deste xeito dous sectores: por unha banda, a pesca, representada polas numerosas embarcacións de artes menores propiedade de pequenas empresas familiares sen apenas traballadores alleos á familia e cun rendemento económico que, aínda que non sexa elevado, contribúe de forma directa ao mantemento da economía local. Pola outra banda, a acuicultura, representada polas bateas, especialmente as de produción de mexillón; un sector cun elevado rendemento económico e que está en mans dunha pequenísima parte da poboación.

Con este traballo pretendemos achegarnos ao mundo da naonimia e reflexionar sobre a súa relevancia na tradición marítima galega. A motivación dos nomeamentos das embarcacións xa estaba presente na Idade Media, como afirma Ferreira Priegue:

Al barco —que ya es una persona jurídica— se le ve también como una persona física, como un ser vivo. Tiene “alma” y “personalidad”, y por lo tanto recibe un nombre propio, como los caballos y las espadas. (1998, p. 46)

Se ben existen abondosos estudos noutros eidos da onomástica, como a antroponimia ou a toponimia, os chamados *outros nomes* (aqueles nomes propios que non designan persoas nin lugares) apenas recibiron a atención dos investigadores. Neste contexto, tentaremos dar resposta ás seguintes cuestións:

- Cales son as preferencias na elección de nomes para embarcacións de artes menores? E para as bateas?
- Cales son as motivacións e intereses que inflúen na elección dos nomes?
- Responden os nomes dos barcos ás mesmas intencións que os das bateas?
- Existen diferenzas entre os nomes utilizados nunha ría ou noutra?
- Cal é a lingua predominante á hora da elección do nome?

1 O neoloxismo *continxentar* (vt.) utilízase na terminoloxía da economía co significado de ‘fixar unha cota ou cantidade, especialmente na distribución e comercialización de mercadorías e servizos’. As embarcación de pesca con estas limitacións coñécense como *de artes continxentadas*.

2. Metodoloxía e corpus

Para a elaboración do corpus utilizouse o “Rexistro de buques pesqueiros”² de Galicia, a través da plataforma *Pesca de Galicia*, de onde se extraeron os datos analizados neste traballo de investigación.

Seleccionáronse os barcos de artes menores con porto base en Noia e en Cangas de Morrazo, cun total de 598 nomes. A continuación, engadíronse todas as bateas da ría de Muros e Noia (123) e unha parte representativa dos nomes das bateas da ría de Vigo (206); en concreto, as dos polígonos C e D de Cangas. Non se engadiron todos os nomes das bateas da ría de Vigo porque ascendían a 638, cantidade moi elevada que dificultaba o seu estudo. Finalmente, o corpus quedou formado por 910 nomes: 581 de barcos e 329 de bateas, que se analizaron por separado.

Unha vez recompilado o corpus, realizáronse pescudas na bibliografía existente, así como en documentos que puidesen ter valor para a elaboración deste traballo. Débese destacar a escasa información recadada, xa que a naonimia é un tema pouco explorado ata o de agora. Todas estas buscas tiñan como obxectivo dotar o traballo dun marco teórico no que asentar a análise.

Cos datos compilados fíxose unha clasificación das denominacións en función da lingua utilizada, principalmente o galego e o castelán, aínda que con algúns matices que se explicarán máis adiante. Deseguido, procedeuse a analizar todos os nomes obtidos no corpus para indagar nas motivacións do nomeamento, de onde se partiu para a clasificación posterior. Nalgúns casos, principalmente nos nomes relativos ás bateas, foi necesario realizarlles entrevistas aos propietarios dos viveiros para poder coñecer o seu significado.

En suma, o corpus final abrangue 910 nomes (581 barcos e 329 bateas), clasificados segundo a lingua empregada e as motivacións da denominación.

2 <https://www.pescadegalicia.gal/informe-rexbuq/agregation>

3. Consideracións legais

3.1. Embarcacións

O decreto 1494/1968, de 20 de xuño,³ establecía a obrigatoriedade de empregar palabras en español para nomear as embarcacións, aínda que tamén permitía o uso de palabras rexionais, e indicaba que os nomes podían ser propios ou comúns e incluír topónimos nacionais ou estranxeiros, sen ofrecer instrucións adicionais.

Coa entrada en vigor do Real Decreto 1027/1989, de 28 de xullo, relativo ao abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo,⁴ suprímese a obrigatoriedade de utilizar palabras en español. A normativa actual establece as seguintes directrices para nomear unha embarcación:

- Deben proporse tres nomes indicando a orde de preferencia.
- Estes nomes non poden coincidir con outros previamente asignados a outro buque no mesmo distrito marítimo.
- Non poderán superar as tres palabras.
- Autorízase o uso de anagramas e números despois do nome, pero estes números deben figurar escritos en letras.

3.2. Bateas

A primeira normativa relativa aos viveiros flotantes publícase en 1961, 29 anos despois da instalación da primeira batea en Galicia e quince anos despois da instalación da primeira batea na ría de Arousa. Este decreto,⁵ no que respecta aos nomes, límítase a exixir que os viveiros incorporen na identificación determinados datos, entre eles o seu nome, pero non establece ningunha norma adicional.

No Decreto 406/1996, do 7 de novembro, apróbase o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia. No artigo 24 do citado decreto establécese que os viveiros deberán estar identificados mediante unha placa cunhas características que determina a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

3 Decreto 1494/1968, de 20 de junio, por el que se refunden las disposiciones sobre abanderamiento, matriculación de buques y Registro Marítimo. *Boletín Oficial del Estado*. 168 (13/VII/1968), 10260-10266.

4 Real Decreto 1027/1989, de 28 de julio, sobre abanderamiento, matriculación de buques y registro marítimo. *Boletín Oficial del Estado*. 194 (15/VIII/1989), 26207-26211.

5 Decreto 2559/1961, de 30 de noviembre, por el que se aprueba la nueva reglamentación para la explotación de viveros de cultivo, situados en la Zona Marítima. *Boletín Oficial del Estado*. 304 (21/XII/1961), 17910-17914.

Esta regulación ampliaríase coa Orde de 28 de xaneiro de 1998, pola que se determinan as características das placas identificativas dos viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia.⁶ No caso das bateas, a Orde define aspectos como a forma (rectangular), as dimensións (1000×600 mm), a cor dos carteis e do texto (negro sobre fondo branco) e o tamaño das letras (30 mm de altura, 20 mm de ancho e 5 mm de grosor). En relación aos nomes, non engade nada novo respecto ao que establecía a lexislación previa: simplemente, que deben ter nome. Polo que respecta ás liñas de cultivo, o tamaño dos textos reducirase un 50 %.

4. Análise dos nomes

4.1. Os nomes dos barcos

As diferentes categorías que conforman a clasificación das embarcacións escolléronse en función de criterios motivacionais que se adaptasen á conxuntura dos nomes dos barcos seleccionados. Así, a clasificación foi a seguinte:

1. Antroponimia
 - 1.1. Nomes femininos
 - 1.2. Nomes masculinos
 - 1.3. Varios nomes
 - 1.4. Apelidos
 - 1.5. Alcumes
2. Toponimia
3. Léxico común
4. Outros

Seleccionamos aquelas embarcacións con porto base en Cangas e en Noia que, segundo o seu permiso de explotación, contan con autorización para traballar con artes menores. Estas inclúen artes de enmalle (miños, raeiras, trasmallos,

⁶ Orde de 28 de xaneiro de 1998 pola que se determinan as características das placas identificativas dos viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*. 30 (13/III/1998), 1497.

volantillas, vetas, volantíns e xeito), artes de cerco (racú), artes de anzol (liña-cordel e *palangrillo*), nasas ou artes remolcadas a man, bous e boliches.

Deste xeito, conformouse unha mostra de 127 embarcacións de artes menores con porto base en Cangas de Morrazo e 454 con porto base en Noia. A superioridade numérica de Noia explícase porque esta ría concentra o maior número de embarcacións dedicadas ao marisqueo en toda Galicia. Obtívose así un total de 581 embarcacións.


4.1.1. A lingua empregada

A primeira clasificación realizouse en función da lingua empregada.⁷ En xeral, o sector marítimo sempre se caracterizou polo uso oral do galego, sobre todo entre os traballadores de postos máis baixos. Pola contra, isto non parece reflectirse á hora de nomear os barcos. Das 581 embarcacións, 154 teñen nome en galego (*A Xurela*, *O Balcón da Ría*, *Lavandeira*, *Loitadora*...), 187 en castelán (*Ocho Ríos*, *Tres Hermanos*, *Espérame*, *Nuevo Pajarito*...), 212 utilizan nomes comúns a ambas as linguas (*Sol*, *Trompeta*, *Andrea Tres*, *Flor*...) e en dez mestúranse (*Balea Dos Hermanos*, *Nena Uno*, *Novo Juana*...). Noutras linguas consignamos dezasete embarcacións: en inglés (*Mike*, *Nancy*, *Nelly*), catalán (*Ferrer*), italiano (*Gabriella*, *Iovana*), francés (*Solange*) ou éuscaro (*Zerupe* ‘lugar baixo o ceo’), xunto con outros de adscrición dubidosa (*Syllum*, *Cutos*, *Zani*). Ademais, chaman a atención sete embarcacións que mesturan castelán e galego (como *Balea Dos Hermanos* e *Dos Birbirichos*).

Como mostra a gráfica 1, o castelán supera o galego na nomenclatura das embarcacións: o 33 % fronte ao 27%; a porcentaxe maioritaria (37 %) é a dos nomes que poden considerarse comúns a ambas as linguas.


⁷ Para a adscrición de linguas do material onomástico, os referentes foron a *Guía de nomes galegos* (GNG), a *Guía de apelidos galegos* (GAG), recursos ambos da Real Academia Galega, e o *Nomenclátor de Galicia* (NG), da Xunta de Galicia. Para o léxico común, o *Dicionario da RAG* (DRAG).

Gráfica 1. Lingua dos nomes das embarcacións de artes menores (en porcentaxe)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro de Buques de Galicia

Gráfica 2. Clasificación xeral dos nomes dos barcos



Fonte: Elaboración propia

Gráfica 3. A antroponimia nos nomes dos barcos



Fonte: Elaboración propia

4.1.2. Clasificación

Logo de analizar detidamente os nomes das embarcacións, decidimos facer unha clasificación en catro grandes categorías que máis adiante debullaremos.

O grupo máis numeroso é o formado polo material antroponímico, sexan nomes femininos, masculinos ou combinación de varios nomes ou alcumes. Na gráfica 3 especificase o seu contido.

En primeiro lugar, cómpre destacar a relevancia dos nomes femininos na denominación das embarcacións, grupo que é o máis numeroso (159 rexistros). Dentro desta categoría combínanse denominacións de uso máis recente (*Iovana, Ivone, Mery, Nelly*) con outras propias de épocas anteriores (*Josefa, Paquita, Dolores, Esperanza, Amadora*), as cales presentan maior incidencia.⁸

Séguelle a continuación o grupo dos nomes masculinos, con 91 rexistros. De igual xeito que no caso de nomes de mulleres, obsérvase unha mestura de nomes actuais (*Efraín, Aleixo, Aarón*) e outros máis antigos (*Inocencio, Generoso,*

8 Para os nomes máis frecuentes da poboación segundo a década de nacemento en Galicia, pode consultarse esta páxina do IGE: <https://www.ige.gal/igebdt/onomast/nomdecadas.jsp>

Victorino, Salvador), con maior presenza destes últimos. Destaca aquí unha gran cantidade de hipocorísticos (*Ipe, Lito, Kiko, Mon, Nano, Miro, Álex, Toño*).

O seguinte grupo corresponde aos apelidos, con 51 rexistros. Inclúense tanto os que aparecen de maneira illada coma aqueles que combinan nome e apelido, xa sexa masculino ou feminino (*Valentina Barcia, Juan Rey*). Dentro desta categoría tamén se incorporan casos especiais como *Marla*, acrónimo formado a partir dos apelidos *Martínez Lago*.

Pola súa banda, os nomes conxuntos de home e muller, con sete rexistros, poden facer referencia aos fillos ou aos pais dos armadores (*Nadia y Darío, Zulema y Jacobo, Irene y Brais*). Inclinámonos a considerar que a maior parte se refire aos fillos, xa que se trata de nomes actuais.

Na categoría de alcumes rexístranse vinte nomes, entre os que se inclúen denominacións como *Parrulo, Jaleiro* ou *O Chorón*. Aínda que non constitúen a tipoloxía maioritaria na nomenclatura das embarcacións, os alcumes teñen unha importancia notable, como sinala Freixanes (2018, p. 5):

Na cultura popular, na sociedade galega tradicional, o alcume identificaba a persoa e, ás veces, a estirpe, a familia, que o herdaba e transmitía dunha xeración a outra ata o punto de nomear tamén a casa, as propiedades, o lugar que esa familia habitaba. En moitos casos, para recoñecer a familia ou a persoa, a propia administración pública e as empresas de servizos (teléfono, correos) tiñan que botar man dos alcumes.

Estes nomes adoitan reflectir características físicas ou de carácter dos propietarios, reforzando a súa identidade e transmitíndose no ámbito local. Ademais, evidencian a creatividade e o humor presentes na súa elección. En ocasións é difícil diferenciarlos dos hipocorísticos (*Maruxo, Norito, Quicoliño...*).

O segundo grupo máis numeroso corresponde ás embarcacións que empregan termos do léxico común como denominación, con 150 rexistros. Trátase dun conxunto heteroxéneo que permite establecer diversas subcategorías. En primeiro lugar, atopamos os nomes vinculados a elementos mariños (*Berberecho, Corneta, Caramuxa, Limanda, Mexillón, Bogavante, Sargo, Beluga, Delfín, Mascato*). Outro campo semántico fai referencia a fenómenos atmosféricos ou mariños (*Calima, Treboada, Ciclón, Furacán, Marusía, Brisas del mar, Ventolera, Ventisca, Tempestad*). Cómpre mencionar tamén as denominacións constituídas por adxectivos, que parecen atribuírlle á embarcación unha calidade ou carácter determinados (*Garimoso, Audaz, Loitadora, Perezosa, Rápida, Campeón, Vencedora*).

Tamén se atoparon nomes constituídos por frases ou expresións, tanto en galego coma en castelán, que deixan ver a creatividade dos armadores, tales como *Xa veremos*, *Déjalos que hablen*, *O que faltaba* ou *Reviente la envidia*.

Na categoría de topónimos rexístranse 36 nomes, aínda que a cifra podería ser maior ao poder encadrarse algúns dos nomes en varias categorías. Inclúense tamén neste apartado os xentilicios, como *Camboñana* (de Camboño, en Lousame), pola súa evidente relación coa toponimia. Obsérvase unha clara predominancia de denominacións vinculadas a lugares próximos (*Pormarchouse*, *Eirado do Costal*, *Campo de Cima*, *Boa*), aínda que tamén aparecen topónimos foráneos, de ámbito máis afastado (*Vizcaya*, *Uruguay*, *Nueva América*, *Mar Rojo*). Estes últimos non parecen gardar unha relación directa nin coa vila nin coa actividade pesqueira, aínda que cabe supoñer a existencia dun vínculo persoal entre o armador e eses lugares.

Outras categorías amosan unha presenza case anecdótica. Os haxiónimos, nomes asociados coa relixión, con tan só once rexistros, aparecen maioritariamente vinculados a santos locais ou do ámbito mariñeiro, como *San Campio* ou *Virxe do Carme*.⁹ Esta parece ser unha diferenza importante con respecto aos doutras épocas. Adoito se buscaba darlles aos barcos un significado de carácter augural, para protexer os mariñeiros dos perigos da navegación. Isto provocou darlles nomes de divindades e, no cristianismo, de Deus, a Virxe ou diversos santos. Isabel Acea (2007) dá conta da abundancia destes nomes na Idade Media, e non tanta nos barcos de pesca rexistrados en Vigo desde 1876, pero aínda moi abundosa. Nestes momentos a súa proporción é case irrelevante.

Tamén é minoritaria a categoría de siglas e acrónimos, que conta só oito rexistros (*L.A*, *L.R*, *M.G*, *J.L Uno* e *A.P*). Non dispoñemos de datos da súa motivación, pero é posible que correspondan ás iniciais de nomes ou apelidos dos armadores.

Finalmente, consignamos un grupo moi heteroxéneo formado por un número máis reducido de elementos que presentaban dificultades para a súa clasificación. Na categoría “Outros” encádrase un conxunto de 59 nomes para os que non foi posible establecer unha clasificación precisa con total certeza (*Aljor*, *Boni Boni*, *Ter*, *Dorimi*, *Loan...*). Esta dificultade débese, en parte, ao tempo limitado para investigar a súa orixe. Dada a elevada cantidade de embarcacións analizadas, este aspecto deberá abordarse con maior profundidade en futuros traballos.

9 Todos pertencen á relixión católica, agás *Osiris*, deus exipcio da morte e da resurrección.

Algúns nomes presentan dificultades de clasificación, ao poder encaixar en máis dunha categoría. É o caso de *Nimo*, *Luhía*, *Miño* ou *Busto*, que poden funcionar tanto como apelidos coma como topónimos, e cuxa adscrición exacta requiriría unha investigación máis demorada. *San Cosme* e *San Campio* tamén poden funcionar como topónimos ou como haxiónimos, e o mesmo sucede con *Marla*, que podería considerarse un apelido ou unha sigla, xa que é un acrónimo formado a partir dos apelidos *Martínez Lago*. A decisión final sobre a súa inclusión nunha categoría ou noutra baseouse no coñecemento directo das embarcacións e dos seus propietarios, así como no uso do sentido común, co obxectivo de facer unha clasificación o máis axeitada e precisa posible.

4.2. Os nomes das bateas

Para realizar a análise e clasificación dos nomes das bateas recolléronse datos da sección “Rexistro de establecementos de acuicultura” da plataforma tecnolóxica *Pesca de Galicia*, da Xunta de Galicia. En canto á selección das bateas, optouse por incluír directamente todas as da ría de Muros e Noia, xa que, logo da de Corcubión, trátase da ría baixa con menor número de bateas (123), e, pola súa gran cantidade, fíxose unha selección das bateas da ría de Vigo. Desta última, escolléronse 206 bateas de mexillón do distrito de Cangas de Morrazo, dos polígonos C e D, que dan conta das tendencias existentes á hora de nomear estes artefactos marítimos.

Para a clasificación das denominacións das bateas utilizáronse categorías moi similares ás empregadas para os barcos, de modo que se manteña unha continuidade metodolóxica. Con todo, non coinciden exactamente, xa que as divisións presentan pequenas variacións, determinadas pola existencia ou ausencia de certos tipos de nomes en cada caso.

A diferenza das embarcacións, nas cales non é habitual que unha persoa sexa propietaria de máis dun barco, no caso das bateas sucede todo o contrario; o máis frecuente é que un único propietario posúa varias bateas. Deste xeito, polo xeral, as bateas dunha mesma persoa adoitan compartir o mesmo nome, ao que se lle engaden números romanos para diferenciarlas, detalle indicativo do poder adquisitivo do propietario. Na clasificación xúntanse as que comparten nome e só se diferencian polo numeral. Por exemplo, se hai unha batea que se chama *Dolores*, e outra que se chama *Dolores II*, e así sucesivamente, só se tivo en conta o nome *Dolores* para a análise. Nestes casos, a motivación para escoller ese

nome non varía. Con todo, á hora de calcular as porcentaxes na clasificación por lingua empregada, cada batea foi considerada de maneira individual.

4.2.1. A lingua empregada

Do mesmo xeito que no caso das embarcacións, a primeira clasificación realizouse en función da lingua empregada. O galego está representado en 26 nomes (*Ameixide, Carmiña, Arroás, A Guía, Con de Pego, Area Longa, Aferróns...*), que corresponden a un total de 77 artefactos. O castelán, pola contra, rexístrase en 34 ocasións (*Jocuse, María del Carmen, Gaviota...*), dando nome a 112 bateas. Con todo, a maioría das denominacións das bateas son comúns a ambas as linguas (*Barca, Bruma, Primavera...*), en boa parte polo feito de que moitos propietarios utilizan siglas ou acrónimos para darlles nome aos seus viveiros (*M.M.C., Salmar, Socomgal...*): son 65 nomes coincidentes en galego e en castelán, que designan 125 bateas. Atopamos un novo grupo, o das formas híbridas, resultante da castelanización fonética de apelidos e/ou topónimos galegos (*Froxán, Gerpe* ou *Jalda*, correspondentes a *Froxán, Xerpe* e *Xalda*): suman catro formas, correspondentes a 13 bateas. En “Outros” consignamos só un apelido catalán, *Sirvent*, que dá nome a dúas bateas.

Así pois, a porcentaxe dos nomes indistintos supera practicamente no dobre á dos que están en galego (20 %) e mais á dos que están en castelán (26 %), que superan en seis puntos as formas autóctonas.

Se consideramos o número de bateas, ascende a porcentaxe de nomes en galego e castelán con respecto aos nomes en que a lingua pode ser indistintamente unha ou outra, o que implica que hai máis nomes en galego e castelán que se repiten.

4.2.2. Clasificación

No ámbito das bateas, a categoría máis representada corresponde tamén á antroponimia, como ocorría cos nomes dos barcos. Na seguinte gráfica debullamos o seu contido.

En primeiro lugar, cómpre destacar a presenza de nomes femininos. Neste grupo, a diferenza do que acontecía coas embarcacións, hai unha clara preferencia polas denominacións de carácter tradicional (*Olvido, Juliana, Rosa, Balbina, Matilde...*). Esta circunstancia podería explicarse polo feito de que as embarcacións presentan unha vida útil máis reducida ca a das bateas, xa que estas últimas

permanecen durante máis tempo no mar. En consecuencia, o nome destas últimas tende a perdurar no tempo, asegurando tamén a permanencia da súa denominación. En total, recóllense 27 nomes ou hipocorísticos femininos cos que se designan 79 bateas.


Os nomes masculinos, como *José Ramón*, *Jorge* ou *José Luís*, denominan dezasete artefactos. Pola súa parte, a presenza de alcumes e haxiónimos é puramente anecdótica: dous alcumes —*Aferróns* e *Toques*— denominan sete bateas, mentres o haxiónimo *San Cibrán* designa dous artefactos.

Os apelidos tamén ocupan un lugar destacado. Con vinte apelidos diferentes, noméanse 54 artefactos. Aínda que algúns con formas castelanizadas (*Froján*, *Gerpe*, *del Río*...), son todos apelidos galegos (*Abal*, *Alborés*, *Baltar*, *Crende*...), con excepción de *Sirvent* (catalán). Nesta categoría poderíamos incluír *Edulis Freire*, pois *Freire* é inequivocamente un apelido. Porén, o termo *Edulis* procede do latín e significa “comestible”, e emprégase habitualmente na nomenclatura científica para identificar especies destinadas ao consumo humano, como *Boletus edulis* no caso dos cogomelos ou *Mytilus edulis* entre os moluscos. Cómpre puntualizar que o mexillón que se cultiva en Galicia é na súa maior parte da especie *Mytilus galloprovincialis*, e non *Mytilus edulis*. En calquera caso, semella case segura a intención de vincular o mexillón da batea coa familia Freire.

Un grupo moi relevante, o cal constitúe a principal diferenza con respecto aos nomes dos barcos, fórmano os nomes construídos mediante siglas ou acrónimos (*Melayro*, *Jumaca*, *Socomgal*, *E.P.P.* ou *M.V.*, entre outros). Cómpre indicar que, en gran parte, están formados a partir das iniciais de nomes e apelidos, de maneira que, de coñecermos a súa orixe, poderíamos integrar esta categoría case na súa totalidade na da antroponimia. De todas as formas, en ocasións non se poden identificar e tamén poden facer referencia ó nome da empresa (*Rocamar*, *Salmar* ou *Socomgal*, esta última acrónimo de Soc. Coop. de Mejilloneros de Galicia), razón pola que o consideramos un grupo propio. Nel contabilízanse vinte siglas ou acrónimos que designan 87 artefactos.


Pola súa banda, os topónimos utilizados para nomear bateas, ao igual que acontecía coas embarcacións, fan referencia a lugares próximos ás zonas estudadas (*Ameixide*, *Canabal*, *Camboño*). Neste apartado cómpre destacar que a maioría dos topónimos elixidos para nomear bateas fan referencia a lugares relacionados co mar, como illas, praias, puntas ou outros microtopónimos que

Gráfica 4. Lingua empregada nos nomes das bateas (por número de formas, en porcentaxe)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do “Rexistro de establecementos de acuicultura”

Gráfica 5. Lingua empregada nos nomes das bateas (por número de artefactos, en porcentaxe)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do “Rexistro de establecementos de acuicultura”

Gráfica 6. Clasificación dos nomes das bateas (por número de artefactos)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do “Rexistro de establecementos de acuicultura”

Gráfica 7. A antroponimia nos nomes das bateas (por número de formas)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do “Rexistro de establecementos de acuicultura”

designan rochas ou entradas da terra no mar. Pertencen a esta categoría doce topónimos que designan 44 artefactos.

Ademais, as palabras do léxico común como *Bruma*, *Gaviota*, *Arroás*, *Primavera* ou *Mascato* serven para nomear 36 bateas. Aínda que representan un número reducido, inclúense termos relacionados con fenómenos atmosféricos ou con elementos mariños, ao igual que as embarcacións.

4. Conclusións

A naonimia, como onomástica efémera, será un sector menor da onomástica, pero ten a vantaxe de permitirnos observar en vivo o proceso nominador e, se cadra, algúns porqués últimos que a etimoloxía nunca explica poderían explicarse. (Ferro 2007)

Partindo desta reflexión de Xesús Ferro, cómpre subliñar a relevancia da naonimia como un terreo da onomástica pouco atendido, malia a súa riqueza. O presente traballo, desde a perspectiva de dous estudantes do Grao en Lingua e Literatura Galega, pretende proporcionar unha achega á cobertura desta carencia mediante a análise dos nomes das embarcacións de artes menores e das bateas en dúas vilas mariñeiras de referencia: Cangas de Morrazo e Noia.

En primeiro lugar, e respondendo ás preguntas formuladas na introdución, os datos mostran que as preferencias de denominación son diferentes en barcos e bateas. Nos barcos obsérvase unha maior creatividade e unha clara función identitaria. Predominan os nomes femininos, os alcumes, os topónimos e as referencias a persoas ou lugares próximos, elementos que reafirman a pertenza a unha comunidade e que transmiten afectividade e proximidade. Pola contra, nas bateas impóñense nomes de carácter máis comercial e funcional, baseados en siglas e acrónimos, propios dunha lóxica empresarial que deixa menos espazo á creatividade popular. Ademais, parece ter que ver tamén a distinta visibilidade; mentres os barcos son visibles nos peiraos, os nomes das bateas só poden observarse se un se achega en barco.

Pero malia estas diferenzas, ambos os sectores comparten a abundante presenza de nomes femininos, que constitúen o grupo máis numeroso, con moita distancia con respecto dos demais. En moitas ocasións, os nomes que portan as embarcacións (e as bateas) coinciden cos das fillas, nais ou mulleres dos mariñeiros. Este fenómeno pode interpretarse á luz da reflexión de Ferro:

Unha primeira hipótese sería que a preferencia polos nomes de muller responde a un comportamento galante e cortés coa súa esposa... A segunda hipótese sería pensar que o mariñeiro, que nese barco ó que lle pon nome vai botar longas e insertas horas na inmensidade e soidade do mar, busca no nome feminino unha compensación psicolóxica, coma se o nome tivese a función de facer presente nesa inmensa soidade a presenza amiga da muller amada. (Ferro 2007)

No relativo ás diferenzas xeográficas, apenas se detectaron variacións significativas entre Noia e Cangas de Morrazo. Os patróns de nomeamento son moi semellantes tanto en barcos coma en bateas, e as porcentaxes distribúense en valores moi próximos. Obsérvase, en ambos os casos, a presenza de variedades dialectais, como o seseo ou a gheada (*O Jaleiro*, *Arroás...*), así como de expresións propias da oralidade (*O que faltaba...*), o que reforza a dimensión viva e popular da naonimia.

En canto á lingua empregada, o estudo revela unha realidade complexa. A lexislación, especialmente a normativa aprobada a partir de 1989, puido favorecer un maior uso do galego nos rexistros oficiais; con todo, a práctica amosa que na actualidade o castelán mantén unha presenza viva tanto na denominación de barcos coma na de bateas, maior da esperada inicialmente. Nas embarcacións a porcentaxe é lixeiramente superior no castelán (24,44 % fronte a case un 22 % do galego), e case o dobre nos nomes indistintos (52,32 %). No caso das bateas, o castelán supera amplamente o galego, no número de formas (30,53 % fronte a 20 %) e aínda máis no de artefactos (31,91 % fronte a 16,72 %); os indistintos mostran unha porcentaxe similar, algo maior na dos artefactos. Nalgúns casos prodúcese mesmo un proceso de castelanización de topónimos, como no exemplo *Quiebra*, proveniente de *Illa da Creba*, o que evidencia que os prexuízos lingüísticos tamén están presentes no ámbito mariñeiro.

En xeral, cabe destacar que os nomes dos barcos non adoitan perdurar tanto tempo coma os topónimos, senón que, a medida que se van incorporando novas embarcacións aos portos, van recibindo novos nomes. Este feito permite realizar un estudo actualizado da situación e obter respostas concretas para as preguntas formuladas ao inicio deste traballo.

Os nomes das embarcacións e das bateas actúan como fíos conectores das persoas e o territorio e reflicten vínculos afectivos, identidade e tradición. Esta onomástica, aínda que máis efémera, é tamén testemuña da relación das persoas co mar e deixa ver como tradición e actualidade se entrelazan para amosarnos a

riqueza social e cultural da vida mariñeira galega, así como a presión do castelán, de seguro moito maior nestes rexistros escritos ca na vida cotiá oral dos seus protagonistas.

5. Bibliografía

- Acea Méndez, Isabel (2007). Naonimia galega. Denominación dos barcos de pesca rexistrados en Vigo desde 1876. En: Luz Méndez e Gonzalo Navaza, eds. *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica “Frei Martín Sarmiento”*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 531-550.
- Consellería do Mar. Xunta de Galicia (2003-). *Pesca de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Dispoñible en <https://www.pescadegalicia.gal/>
- DRAG = González González, Manuel, dir. (2006-). *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. Dispoñible en <https://academia.gal/diccionario>
- Fernández Freixanes, Víctor (2018). Limiar. Sobre os outros nomes das persoas. En: Ana Boullón e Luz Méndez, eds. *Estudos de Onomástica Galega III. Os alcumes*. A Coruña: Real Academia Galega, 5-6. DOI: 10.32766/rag.337
- Ferreira Priegue, Elisa María (1998). El Patrón Santiago: aproximación a la onomástica de los buques. En: *Actas del II Congreso Internacional de Estudios Jacobeos: rutas atlánticas de peregrinación a Santiago de Compostela: Ferrol, septiembre de 1996*. [Santiago de Compostela]: Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago, 43-54.
- Ferro Ruibal, Xesús (2007). Reflexións verbo da naonimia de Galicia. En: Luz Méndez e Gonzalo Navaza, eds. *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica “Frei Martín Sarmiento”*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 581-612.
- GAG = Boullón, Ana, coord. (2024-). *Guía de apelidos galegos*. A Coruña: Real Academia Galega. Dispoñible en <https://academia.gal/apelidos>
- GNG = Boullón, Ana, coord. (2021-). *Guía de nomes galegos*. A Coruña: Real Academia Galega. Dispoñible en <https://academia.gal/nomes>
- NG = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (2003). *Nomenclátor de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Anexo I. Nomes dos barcos

I.1. Antroponimia

I.1.1. Nomes e hipocorísticos femininos

Núm. de rexistros: 160

ADA	DORIS
AINARA Y LUCIA	EL SARA
ALBA	ELSA MARÍA
ALI	ELSA UNO
ALICIA	ELVIRITA
AMADORA	ENCARNITA
AMADORA	FITA
AMELIA	FRANCISCA
ANA GANDÓN	GABRIELLA
ANA JESÚS	IOVANA
ANA MARÍA	ITA
ANA MARY	JACINTA
ANDREA TRES	JOAQUINA
ANITA	JOSEFA
ANITA DOS	JOSEFA
AURIA	JUANITA
AURORA MARÍA	LAURA DEL MAR
BEATRIZ	LAURINA
BEGOÑA	LENUCHA
BEGOÑA	LIDIA OCHO
BELÉN	LIDITA
BENIGNA	LISUCA
CANDY	LOIDITA
CANUCHA	LOLA
CARMIÑA	LOLI
CELIA II	LOLI
CHEFA DOUS	LOLITA
CINTIA	LORE CB
CLARA	LORENA
CLEMENTA	LORENA
CONCHA SEGUNDO	LORETO
DIANA CUARTA	LOURDES
DIGNA	LÚA
DOLORES	LUISA

LUPE
MANOLA
MARA
MARGARITA II
MARI CARMEN
MARÍA
MARÍA
MARÍA
MARÍA
MARIA BELEN
MARÍA CONSUELO
MARIA DEL CARMEN
MARÍA DEL CARMEN
MARÍA DEL PILAR
MARÍA DOLORES L
MARÍA EMILIANA
MARÍA ESTHER DOS
MARÍA IVONE
MARÍA LUISA
MARÍA MERCEDES
MARÍA NIEVES
MARÍA OTILIA
MARIA RITA
MARÍA RITA
MARÍA VENTURA
MARÍA VICTORIA
MARÍA VICTORIA
MARILÉ
MARINIÑA
MARISA UN
MARISÉ
MARISOL
MARITÉ
MERCEDES
MERCEDES
MERY
MÓNICA
MÓNICA DOS
MONTSE
MUCHA CINCO
NANCY
NATI

NATI
NELLY
NOELIA
NOEMI NICOL DOS
NOVO ESPERANZA
NOVO GILDA
NOVO JUANA
NUEVO CARMELA
NUEVO CARMEN
NUEVO DOS VICTORIAS
NUEVO ZULEMITA
PALMIRA
PAMELA
PAQUITA
PAQUITA I
PATI
PATRI J
PAULIÑA
PEPITA
PEREGRINA
PITUXA
PRIMERA CONCHI
PRIMERO MARISE
RAQUEL
RAQUEL
RAQUEL
REMEDIOS
ROCI
ROMMY
ROSA MARÍA
ROSA PILAR
ROSITA
SAGRARIO
SANDRA
SEFA
SEGUNDO MARÍA ELENA
SEMPRE CONCHA
SIEMPRE PEPITA
SOLANGE
SONIA
SUSANA
SUSI

TERESA
TERESA
TONIÑA
UXÍA NOVE

VICTORIA
VICTORINA
XIANIÑA
XULIA

I.1.2. Nomes e hipocorísticos masculinos

Núm. de rexistros: 91

AARÓN
ADRIÁN PRIMERO
AGUSTÍN
ALBERTO
ALEIXO
ÁLEX
ALFONSITO
ALONSO
AMÉRICO
ANDRÉS
ANXO
BELMIRO
BENJAMÍN
BORJA
BRAULIO PRIMERO
CAMILO
CARLITOS
CHALO
CHOLO SEGUNDO
DANI
DANIEL
DARÍO
DAVID DOS
DIMAS
EDU F
EFRAÍN
FAUSTINO UN
FITO
FRANCISCO DOMINGO
FRANCISCO MANUEL
GENEROSO
GUSTAVO

INOCENCIO
IPE
IVÁN
JABINO
JAVI
JORGE
JORGE RAMÓN
JORGES
JOSÉ
JOSÉ ANTONIO
JOSÉ MIGUEL
JOSÉ Y JAVIER
JUAN
JUAN ANTONIO
JUAN JESÚS
KAROLO
KIKO
LOIS ADRIÁN
MARCELO
MARCOS
MIGUEL ÁNGEL
MIKE
MIRO
MON
NANO
NANO UNO
NUEVO ADRIÁN
NUEVO PEPE
NUEVO TOÑO
NUEVO YAGO
ÓSCAR
OVIDIO

PACUCHO
PACUCHO
PAQUITO
PAQUITO PRIMERO
PEDRITO
PEDRO
PELE
RAFA
RAMÓN
RAÚL
ROBER
RODRIGO
RUBEN
SALVADOR

SEGUNDO MARTÍN
SITO
SITO
TINITO
TINO
TINO
TONÉ
TONECHO
TUCHO
VICTORINO
XESÚS
XON
XUAN SEGUNDO

I.1.3. Combinación de nomes masculinos e femininos

Núm. de rexistros: 7

IRENE Y BRAIS
LUIS Y LOLA
MARIA JESÚS Y MARCOS
NADIA Y DARÍO

RUTH Y NOA
TON MARY
ZULEMA Y JACOBO

I.1.4. Apellidos

Núm. de rexistros: 51

AÑÓN
ANTONIO MÉNDEZ
BAÑA
BLANCO VILA
BUSTO
CAAMAÑO ROMERO
CAMIÑA
CANIZAS VEIGA
CANTARIÑO
CASTELAO
CASTELAO
CERQUEIRAS REY

CORES PRIMERO
F. LAGO
FERRER
GARCIA
GONZALEZ DURÁN
HERMANOS VILLAVERDE
J. GÓMEZ
JOVE DOS
JUAN REY
LAGO
LAXEIRO
LEÓN

LITO
LOURIDO
LUHÍA
M. TORRES
MEIRA
MEIRA
NOVO RIAL
NUÑEZ RAMONA
OS MARTÍNEZ
QUEIRO UN
QUEVEDO
QUEVEDO
RAMA DEL RÍO
REYES

ROCHE
RODRÍGUEZ
ROMERO SEGUNDO
SANDE
SANLES
SEGUNDA RIVAS
SEGUNDO GANDARELA
SEGUNDO MARIÑO
VALENTINA BARCIA
VARELA
VILELA
VIÑAS
YÁÑEZ

I.1.5. Alcumes

Núm. de rexistros: 18

CADÚ
CHICHI
CHOMI PRIMERO
CHORÓN
JALEIRO
LOS REDONDOS I
MARUXO
NORITO
NOVO RUBICHE

PARRULO UN
PATARRUXO
PETIÑA
PIPINO
QUICOLIÑO
ROQUETES
RUCO
S CANDOLO
TOTITO

I.2. Topónimos

Núm. de rexistros: 39

A PORTELA
ABELLEIRA UN
ÁRTICO
AS EIRAS
BOA

BOUZAS
CADAVAL
CAMEANSIÑO ²³
CAMPO DE CIMA
CORRELO

COSTA DO CABO
EIRADO DO COSTAL
MAR DEL CORAL
MAR NEGRO
MAR ROJO
MARBELLA
MIÑO
NIMO
NOIA
NUEVA AMÉRICA
NUEVO CAPRI
PEDRA DA GARZA
PLAYA MENDUÍÑA DOS
PORMARCHOUSO
PUERTO DE ESTEIRO

RÍO DO PORTO
RULEIRAS
RULO
SERANTES
SIAVO
SOBRIDO
SUBRIDO
TAVILO
TESTAL
TURELA
URUGUAY
VIANA NOVO
VIRO
VIZCAYA

I.3. Léxico común

Núm. de rexistros: 154

ALI-KATES
A XURELA
ADEUS
ADUANEIRA
ANDURIÑA PRIMERO
ASÍ AL MAR
AUDAZ
AVANTE LIBRE
AVE SIN PUERTO DOS
AVISPA
BACARDI
BALCÓN DA RÍA
BALEA DOS HERMANOS
BARCA DE ORO
BARCO
BELUGA
BERBERECHO
BO
BREA
CADETE

CALIMA
CAMARON
CAMBOÑANA
CAMPEÓN
CAPITAN CAN
CARAMUXA
CASCA
CELTA
CENTOLA
CHINOTE
CHIVATA
CHO DIREI
CICLÓN
CISNE
CORNETA
CRUCEIRO
CUALQUIER COSA
CUATRO HERMANOS
DAMA LÚA
DÉJALOS QUE HABLEN

DELFÍN
DOCTOR
DOS BIRBIRICHOS
DOS HERMANOS
ECO
EGO
ES MÍA
ESPÉrame
EXPERTO
FARO
FIERA
FLOR
FUERA DEL MAR
FURACÁN
GABATA
GARATUXA DOUS
GARIMOSO
GATA NOVA
IBIS
ISLA CINCO
KEIMADA
LAGOA
LAVANDEIRA
LINCE
LOITADORA
LONTREIRA
LOS DOS HERMANOS
LUCERO
MACHOTIÑA
MAJESTAD
MAR
MARAXE
MARQUÉS
MARUSÍA
MASCATO
MENOR
MEXILLÓN
MIÑA TERRA
MIÑA XOYA
MÍrame BIEN
MOA
MORRIÑA DOUS

MOSA
NAMÁS
NAVE MAR
NENA UNO
NIÑA
NIÑA BONITA
NOVO CUQUIÑA
NOVO LEAL
NOVO LIMANDA
NOVO MAR I
NOVO MÍrame BEN
NUEVA REGATA
NUEVO D DOS
NUEVO GERANEO
NUEVO JUNCAL
NUEVO PAJARITO
NUEVO PARAPETA
NUEVO VENCEDOR
NUEVO VERTE
NUNCAMAIS
O QUE FALTABA
OCHO RÍOS
OLA
PENA
PENEDO
PEREZOSA
PETROLERA
PLEAMAR
PUERTO AZUL
RÁPIDA
RASCO
RASQUIÑA
REBELDE DOS
REFLECTOR
REVIENTE LA ENVIDIA
ROSA DE LOS VIENTOS
RUBIA
RULABA
RUTA DE COLÓN
SALERO
SALIÓ
SARGO

SEGUNDO BOGAVANTE
SEGUNDO BRISAS DEL MAR
SEÑAL
SERENA
SESENTA E NOVE
SEVERA
SIRENA
SIRENA D
SOL
SOLTERA
TARDANZA
TEMPESTAD
TIBURÓN
TIFÓN PRIMERO
TOPETE UNO

TREBOADA
TRES HERMANOS
TRES HERMANOS
TROMPETA
TRUCHA
TÚ ME LLEVAS
VENCEDORA
VENTISCA
VENTOLERA
VIENTO
VINO
XA VEREMOS UN
XO VERÁS
YATE
ZERUPE

I.4. Haxiónimos

Núm. de rexistros: 11

A SALVE
DIVINA PASTORA
OSIRIS UN
SAN CAMPIO
SAN COSME
SAN JOSE

SAN RAMÓN
SANTA LUCÍA
SANTA MARIÑA
SANTO DOMINGO
VIRGEN DEL CARMEN

I.5. Siglas e acrónimos

Núm. de rexistros: 8

AP
J.L. UNO
LA
LR

MARLA
MG
PATIBRAIS
SOFIMAR

I.6. Outros nomes de difícil clasificación

Núm. de rexistros: 40

AIRESIÑA
ALBI
ALJOR
ALKAID UN
ALNOR NUMERO DOS
ALVE
ANCHOUZA
ARÍÑA
AROÑA
BEBEL
BENUS
BONI BONI
BORDAUN
BRAÑÓN
BRIEN
BRUN
CAFATERRY
CAFI
CUTUS
DORIMI

ENOSA
GETO
INLU
LOAN
MADRÓN
MARIS
NOVO MORGAPAZ
PACI
QUISINDÍN
RIEN
SACANA
SANI
SEGUNDO MAG
SIAL TRES
SYLLUM
TER
VIRANO DOS
XAMIELA
XARABAL
ZANI

Anexo II. Nomes das bateas

II.1. Antroponimia

II.1.1. Nomes femininos

Núm. de rexistros: 78

ALBITA	JOSEFA II
BALBINA I	JOSEFA III
BALBINA II	JULIANA I
BEA III	JULIANA II
BEA V	JULIANA III
CARLOTA I	JULIANA IV
CARLOTA II	JULIANA V
CARMEN I	JULIANA VI
CARMEN II	JULIANA VII
CARMEN III	LOURDES I
CARMEN IV	LOURDES II
CARMEN V	LOURDES III
CARMEN VI	LOURDES IV
CARMEN VII	LOURDES V
CARMEN VIII	LOURDES VI
CARMIÑA	M ^a CARMEN VI
DOLORES I	M ^a DEL CARMEN VI
DOLORES II	M ^a DEL CARMEN I
DOLORES III	M ^a DEL CARMEN II
DOLORES IV	M ^a DEL CARMEN III
DOLORES V	M ^a DEL CARMEN IV
ELVIRA	M ^a DEL CARMEN V
ESPERANZA	M ^a DEL CARMEN VII
ESTRELLA I	MAGDITA
ESTRELLA II	MARIA DEL CARMEN
GINA I	MARINA
GINA II	MARY CARMEN I
GINA III	MARY CARMEN II
ITA I	MARY CARMEN III
ITA II	MATILDE I
ITA III	MATILDE II
ITA IV	MATILDE III
ITA V	OLVIDO I
JOSEFA I	OLVIDO II

OLVIDO III
OLVIDO IV
PLÁCIDA I
PLÁCIDA II
PLÁCIDA III

PLÁCIDA IV
ROSA I
ROSA II
TÍA MARIA V
VICTORIA

II.1.2. Nomes masculinos

Núm. de rexistros: 17

CUCO I
CUCO II
CUCO III
CUCO IV
CUCO V
CUCO VI
CUCO VII
CUCO VIII
JORGE I

JORGE II
JORGE III
JOSE LUIS
JOSE RAMON I
MAX I
MAX II
MAX III
MAX IV

II.1.3. Apellidos

Núm. de rexistros: 54

ABAL I
ABAL II
ABAL III
ABAL IV
ABAL V
ABAL VI
ABAL IX
ABAL VII
ABAL VIII
ALBORÉS I
ALBORÉS II
ALBORES III
BALTAR I
BALTAR II
CASAL I

CASAL II
CASTRO
CASTRO II
CRENDE
DEL RÍO I
DEL RÍO II
DEL RÍO III
DEL RÍO IV
DÍAZ I
DÍAZ II
EDULIS FREIRE I
FROJÁN I
FROJÁN II
GARRIDO I
GARRIDO II

GARRIDO III
GARRIDO IV
GERPE I
GERPE II
GERPE III
GERPE IV
GERPE V
MARTINEZ GERPE I
RÍOS I
RÍOS II
RÍOS III
RÍOS III

RÍOS IV
RÍOS V
RÍOS V
ROSALES
ROUCO RÍOS I
ROUCO RÍOS II
SANTOMÉ I
SANTOMÉ II
SENDÓN I
SENDÓN II
SIRVENT I
SIRVENT II

II.1.4. Alcumes

Núm. de rexistros: 7

AFERRÓNS
TOQUENES I
TOQUENES II
TOQUENES III

TOQUENES IV
TOQUENES V
TOQUENES VI

II.2. Topónimos

Núm. de rexistros: 44

A GUÍA I
A GUÍA II
A GUÍA III
A GUÍA IV
A GUÍA V
A GUÍA VI
ALDÁN I
ALDÁN II
AMEIXIDE I
AMEIXIDE II
AMEIXIDE III
AMEIXIDE IV
AREA LONGA I

AREA LONGA II
AREA LONGA III
AREA LONGA IV
CAMBOÑO I
CAMBOÑO II
CAMBOÑO III
CAMBOÑO IV
CAMBOÑO V
CAMBOÑO VI
CANABAL I
CANABAL II
CANABAL III
CANABAL IV

CON DE PEGO I
CON DE PEGO II
OSTREIRA II
OSTREIRA III
OSTREIRA VI
OSTREIRA VII
PORTELA
PORTO SIABO
PUNTA COUSO

QUIEBRA XXII
QUIEBRA XXIII
QUIEBRA XXIV
QUIEBRA XXV
QUIEBRA XXVI
QUIEBRA XXVII
QUIEBRA XXVIII
QUIEBRA XXIX
QUIEBRA XXX

II.3. Léxico común

Núm. de rexistros: 37

ARROÁS I
ARROÁS II
ARROÁS III
ARROÁS IV
ARROÁS V
ARROÁS VI
ARROÁS VII
ARROÁS VIII
ARROÁS IX
BARCA I
BARCA II
BARCA III
BRUMA I
BRUMA II
BRUMA III
BRUMA IV
BRUMA V
BRUMA VI
BRUMA VII

BRUMA VIII
BRUMA IX
BRUMA X
FORAL I
FORAL II
GAVIOTA I
GAVIOTA II
GAVIOTA III
MASCATO
NAUTA I
NAUTA II
NAUTA III
NAUTA IV
PRIMAVERA I
PRIMAVERA II
PRIMAVERA III
PRIMAVERA IV
PRIMAVERA V

II.4. Outros

II.4.1. Haxiónimos

Núm. de rexistros: 2

SAN CIBRÁN I

SAN CIBRÁN II

II.4.2. Siglas e acrónimos

Núm. de rexistros: 87

A.A I
A.A II
A.A III
C.C.C.
COPEMAR I
COPEMAR II
COPEMAR III
COPEMAR IV
COPEMAR V
COPEMAR VI
COPEMAR VII
COPEMAR VIII
COPEMAR IX
COPEMAR X
COPEMAR XI
E.P.P.
JALDA I
JALDA II
JALDA III
JALDA IV
JALDA V
JOCUSE I
JOCUSE II
JOCUSE III
JUMACA I
JUMACA II
JUMACA III
JUMACA IV

JUMACA V
JUMACA VI
LAMMAR I
LAMMAR II
LAMMAR III
M.J. I
M.J. II
M.M.C. I
M.M.C. II
M.V. I
M.V. II
M.V. III
MACHUS I
MACHUS II
MACHUS III
MACHUS IV
MACHUS V
MACHUS VI
MACHUS VII
MACHUS VIII
MARPEA I
MARPEA II
MELAYRO I
MELAYRO II
MELAYRO III
MELAYRO IV
MELAYRO V
MELAYRO VI

MELAYRO VII
MELAYRO VIII
MELAYRO IX
MELAYRO X
MELAYRO XI
MELAYRO XII
MELAYRO XIII
MELAYRO XIV
MELAYRO XV
MELAYRO XVI
MELAYRO XVII
P.JI
R.P.
ROCAMAR I
ROCAMAR II
ROCAMAR III

SALMAR I
SALMAR II
SALMAR III
SALMAR IV
SALMAR V
SALMAR VI
SALMAR VII
SALMAR VIII
SOCOMGAL I
SOCOMGAL II
SOCOMGAL III
SOCOMGAL IV
SOCOMGAL V
SOCOMGAL VI
YARE I

II.4.3. Outros nomes de difícil clasificación

Núm. de rexistros: 3

FRAPELO I
FRAPELO II

FRAPELO III

Aceptamos barco como animal de compañía. Proposta de unidade didáctica para a análise da naonimia en 2º da ESO

José Manuel Dopazo Entenza
IES Antón Alonso Ríos (Tomiño)
ORCID: 0000-0001-6921-5016

A visión do mar muda se estás en terra, cos pés firmes e coa liña do horizonte disipándose alén do neboeiro. En cambio, desde o medio e medio da ría, coa maraxe e o nordés estivais, a sensación de liberdade amplíase e semella que o horizonte se aproxima. Navegar a vela, sen o barullo dos motores, axuda a percibir os sons do mar: as ondas rebentando contra os cons, as gaivotas ouleando sobre os copes, as nasas petando contra a superficie salgada do mar...

Eu nacín en Bueu, á beira do mar. As mulleres da miña familia, por parte de nai, poxaron e venderon peixe na lonxa e praza de Bueu desde finais do século XIX ininterrompidamente até ben entrado o século XXI. Os barcos arribaban ao porto e descargaban a mercancía por aquela vella rampla de pedra que hoxe está oculta á vista dos turistas, mais que foi centro neurálxico ao longo da centuria pasada. De pequeno ía co meu avó paterno ao mar, na súa gamela a motor, a *Estivaliz*, ao curricán ou á liña, para coller rinchas, sargos, maragotas e fanecas. E o pai da miña avoa facía as súas propias embarcacións. Na memoria de meu pai aínda perduran a gamela do seu avó, *Vamos indo*, e a dorna, *Con calma*, que repite coma un mantra cada vez que vén ao conto.

Do mesmo xeito que me acontece a min, centos de nenos e nenas que viven na costa ou preto dela mostran realidades moi semellantes. Galiza ten 1500 quilómetros de costa, e o eixo atlántico supón, en canto á demografía, o territorio máis ocupado. Xa que logo, ir ao mar cos pais ou avós, mariscar na praia, pescar desde o peirao, navegar a vela, facer remo tradicional e deportivo ou simplemente gozar de ver entrar e saír embarcacións no porto é a paisaxe diaria de boa parte do alumando de Galiza. Por tal motivo, temos a posibilidade de explotar estas vivencias para as nosas aulas, facendo que o alumnado sexa

participe das súas propias realidades en traballos de investigación e análise aplicando o seu coñecemento sobre a lingua.

1. Metodoloxía

Este texto non ten pretensión analítica nin descritivista ou prescritivista. O que se busca é facilitarlle ao profesorado de lingua e literatura galegas algunhas actividades posíbeis para o desenvolvemento do temario dos cursos da ESO fundamentadas no currículo predeterminado.

Co fin de fixar contidos xa vistos, proporase unha serie de ideas para desenvolver na aula a partir dunha base de datos de nomes de barcos. Todas estas actividades foron aplicadas con éxito, con maior ou menor dificultade, dependendo do perfil do alumnado, polo que a pericia do/da profesor/a é un factor que se debe ter en conta.

Para o caso concreto que se empregará de exemplo, o profesor presentou un corpus de 818 nomes de embarcacións rexistradas no porto de Bueu entre 1868 e 2023, obtido de diversos arquivos públicos e privados. En parte deste conxunto de datos aparece indicado o tipo de embarcación, feito que posibilita un labor máis profundo de análise por parte do alumnado. Deste modo, pódese ter en conta esta información a maiores á hora de distribuír o material entre os diversos grupos que se vaian crear.

2. Aplicación práctica

Os exercicios que aquí se proporán realizáronse no curso 2023-2024 no IES Macías O Namorado de Padrón con dous grupos de 2º ESO. Esta actividade levouse a cabo nas dúas últimas semanas do curso, despois de estaren avaliados, co fin de que puidesen subir até nun punto a nota final acadada. O proxecto funcionou realmente ben e o alumnado demostrou ter adquiridas as destrezas e os coñecemento explicados ao longo do curso, así como as capacidades de traballo tanto en grupo coma autónomo.

2.1. *Soltar amarras*: a preparación previa da actividade

En caso de que se queira realizar esta actividade nas aulas, debemos partir da explicación do significado do termo *naonimia* mediante símiles a respecto da antroponimia ou da toponimia traballadas previamente na aula. Xa que logo, os discentes poden identificar e comprender que o labor que se vai levar a cabo con esa listaxe gardará relación cos exercicios realizados na parte correspondente de semántica.

A naonimia é a denominación que reciben as embarcacións. Por extensión, tamén se emprega o termo para o estudo desas denominacións. Polo tanto, é interesante infundir o orgullo que para as alumnas e alumnos poida supor constituírense investigadoras e veren que os elementos estudados ao longo do curso poden ter unha aplicación práctica. Poden identificar, por exemplo, se detrás da denominación das embarcacións se acha un patrón e mesmo logralo extraer grazas á observación e á análise. É fundamental, en última instancia, infundir o interese pola indagación mediante un procedemento científico.

Polo tanto, para *soltar amarras*, nesta actividade de aula podemos comezar facendo que sexa o propio alumnado quen recolla os nomes das embarcacións a través da observación no porto, sempre en caso de que esteamos nunha vila mariñeira, ou, en caso contrario, mediante solicitude por parte do profesorado á Consellaría de Pesca da Xunta de Galiza dos datos do “Rexistro de buques pesqueiros” de Galiza. Outra opción é obtelos directamente na páxina *Pesca de Galicia*,¹ onde pode ser o propio estudantado o que extraia os nomes para un porto en concreto, para varios ou mesmo para a totalidade de Galiza. Canto máis se impliquen, mellor será o resultado final.

En caso de que sexa o alumnado quen recolla a información, é probábel que o número de embarcacións sexa baixo e se repita en todos os grupos. Non ten por que ser un problema esta casuística, xa que o volume de información non debería alterar a súa clasificación e investigación. En canto ao feito de teren o mesmo corpus de partida, pode xogar en contra en tanto que se poden dar casos de copiaren o traballo entre si, mais tamén pode ser positivo xa que pode potenciar a cooperación nalgúns casos e a resolución do problema por distintas vías noutros.

1 <https://pescadegalicia.gal/>

Para o exemplo concreto que se realizou e que presentamos como modelo do cal partir, permitiuse a formación de parellas á súa propia elección. Isto facilitou que os grupos funcionasen mellor xa que o labor se desenvolveu entre persoas afíns. Ademais, neste caso concreto, como non era un traballo que contabilizase negativamente na nota, senón que só podía subir, a presión á hora de o realizaren foi menor. Sumado a isto, o alumnado que desenvolveu esta tarefa foi aquel que xa tiña aprobada a materia, polo tanto, partimos dun perfil de persoas traballadoras e aplicadas, que demostraron ter dominio dos conceptos mínimos esixíbeis.

A primeira sesión dedicouse á distribución dos grupos e do material de traballo.² A continuación, déuselles tempo para que lesen toda a listaxe individualmente antes de comezar a explicar en que consistiría a actividade. Por suposto, houbo medo por parte do alumnado, en tanto que non está demasiado afeito a realizar investigacións de forma totalmente autónoma e sen pautas e directrices concretas. Con todo, foi realmente a actividade en que máis implicación, colaboración entre grupos e desenvolvemento persoal houbo en todo o curso escolar con esta rapazada de 2º ESO.

Por suposto, foi necesario explicar as vías posíbeis de aplicación da materia a estes datos: a semántica mediante as familias léxicas, a sociolingüística mediante os distintos usos das linguas, a dialectoloxía e fonética mediante a variabilidade de escritura... Cunhas pautas realmente abertas e vagas, posibilitamos que o alumnado revisase os apuntamentos do curso e valorase cal pode ser a vía que mellor lles acaía aos datos que lle foron entregados.

Este primeiro paso pode levar entre unha e tres sesións de clase dependendo de se se conta ou non co corpus previo.

2.2. *Izar as velas: iniciando unha clasificación propia*

Tal e como se comentou no anterior punto, hai diversos elementos que se poden desenvolver con respecto a este tema de análise. Polo tanto, a continuación intentarei pór exemplos para que se vexan as posibilidades que ten a naonimia dentro do currículo da secundaria.

2 En caso de non contar cunha listaxe previa de embarcacións, deberase presentar como actividade previa a recollida do material.

A forma máis sinxela de traballar a análise e clasificación dos nomes de barcos combina a distribución entre elementos onomásticos (antropónimos, haxiónimos, topónimos) e os compoñentes semánticos. Deste modo, o alumnado pode aplicar o patrón que considere máis acaído, argumentando as súas decisións por escrito, así como a súa proposta para os elementos máis difíciles de clasificar.

A toma de decisións neste sentido ten que ser do alumnado, mais o profesorado pode estar próximo para lles axudar a solucionar posíbeis dúbidas de vocabulario, comprobar que non haxa erros de entendemento nalgúns nomes e mesmo para apoiar as resolucións que vaian facendo.

Concretamente, o alumnado de 2º ESO do IES Macías o Namorado de Padrón fixo unha distribución dos nomes semellante aos propostos por autores anteriores (Acea 2007; Fernández 2024; Ferro 2007): antropónimos (con ou sen apelido, un só ou varios, hipocorísticos, mesmo mediante siglas...), advocacións relixiosas (santos, virxes...), topónimos (concellos, parroquias, lugares, cabos, enseadas, illas...), zoónimos (a maioría con relación ao mar: peixes, aves, mamíferos...), elementos meteorolóxicos (estrelas, ventos...), termos xocosos ou expresións cómicas.

Táboa 1. Exemplo de clasificación semántica e por elementos onomásticos da naonimia

Embarcación	Tipo	Ano	Categoría	Subcategoría
LA CARMEN	lancha	1868	antropónimo	muller
SOLEDAD	—	1868	antropónimo	muller
ARGENTINA	dorna	1868	topónimo	país
RAMÓN	bote	1873	antropónimo	home
EUGENIO	bote	1873	antropónimo	home
TEODORO	bote	1873	antropónimo	home
FRANCISCO	bote	1875	antropónimo	home
AURORA	bote	1879	antropónimo	muller

Embarcación	Tipo	Ano	Categoría	Subcategoría
SANTA MARÍA	bote	1879	advocación relixiosa	
CINCO HERMANAS	bote	1881	antropónimo	muller
CARMEN	lancha	1883	antropónimo	muller
GALLITO	bote	1884	zoónimo	peixe
FRANCISCO	bote	1885	antropónimo	home
EL CARBALLO	bote	1886	zoónimo	árbore
BILBAO	bote	1889	topónimo	cidade
ENSENADA	lancha	1896	topónimo	
SÁLVESE QUIEN PUEDA	bote	1897	termo xocoso	

Esta distribución esencial, con diferentes variábeis, foi a máis sinxela das propostas por parte da rapazada. Dentro destes seis grandes grupos, o propio alumnado tamén realizou as súas subcategorías que podían coincidir, en gran parte, coas propostas deses tres autores de referencia.

Ademais de realizar unha clasificación atendendo ao significado e á motivación dos nomes, tamén houbo grupos que buscaron a distribución de linguas, tendo en conta aqueles nomes escritos en galego, en español, nunha mestura das dúas linguas ou mesmo aqueles outros dos que non está clara a súa adscrición a algún dos grupos anteriores; é dicir, que tanto pode ser galego coma castelán. Estas dúas últimas categorías houbo grupos que as consideraron conxuntamente.

Táboa 2: Exemplo de clasificación da naonimia por linguas

Embarcación	Tipo	Ano	Lingua
SANTIÑA	chalana	1914	galego
MARIA	dorna	1914	indistinta
CLAUDIO	bote	1914	indistinta
CUIDADITO	dorna	1915	español
BALLENA	dorna	1915	español
CABICASTRO	dorna	1915	galego
COCIÑEIRO PRIMERO	—	1974	ambas as dúas

Tan só un grupo fixo estudo e clasificación dos nomes por motivos “normativos” ou de “desviacións da norma”. Centráronse nas posíbeis marcas da oralidade na naonimia: gheada, seseo, alteracións do vocalismo... Incluso contemplaron como casos separados os que se producían no galego e os do castelán, co fin de poder determinar cal das dúas linguas tiña maior variabilidade.

Táboa 3: Desviacións da norma na naonimia

Embarcación	Tipo	Ano	Lingua	Desviación
VIVE LA VIRGEN	dorna	1917	español	Verbo
SEITOSA	dorna	1919	galego	Despalatalización
COCIÑEIRO PRIMERO	—	1974	gal e español	Mesturadas as linguas

Finalmente, outro único grupo traballou a naonimia mediante as estruturas morfosintácticas, atendendo a se era unha soa palabra ou varias e, no segundo dos casos, cal era a estrutura imperante. Por exemplo, identificaban se o substantivo ía antes do adxectivo ou ao revés, se a estrutura tiña verbo e complementos ou só substantivos...

Táboa 4: As estruturas morfosintácticas na naonimia

Embarcación	Tipo	Ano	Estrutura	Clasificación
PRIMERA DE LOUREIRO	lancha	1925	Fr. adx.	Adx. prep. subs.
TERCERA HERMINIA	trainera a motor	1925	Fr. subs.	Adx. subs.
JOSE	bote	1925	Subs.	
BALBINA	dorna	1925	Subs.	
ANGEL	bote	1925	Subs.	
2ª AGUILA	dorna	1925	Fr. subs.	Adx. subs.
NUEVA CARMEN	lancha	1925	Fr. subs.	Adx. subs.
AQUÍ ESTOY	trainera	1943	Oración simple	Adv. vbo.
VEN E MIRA		1945	Oración composta	Vbo. conx. vbo.
HALLADO GONZÁLEZ		1945	Fr. subs.	Adx. subs.

Considero que estas dúas últimas formas de traballar foron as máis enxeñosas, ao mesmo tempo que se mostraron como as menos rendíbeis, pois apenas deron resultados analíticos para a terceira e cuarta fase da actividade.

Este segundo paso pode demorar entre dúas e tres sesións.

2.3. *Termar da ostaga: proceso para chegar a un consenso*

Aqueles grupos que tiñan unha postura de base igual (clasificación semántica e onomástica ou lingüística), unha vez feita a súa proposta e ordenados os elementos que lles correspondían, xuntáronse para chegar a un consenso, tanto das categorías coma das subcategorías, para aplicar ao corpus completo. Deste modo, trabállanse non só os contidos da propia materia, senón tamén elementos transversais como a toma de decisións, o diálogo, o debate ou o propio consenso.

Neste sentido, os diferentes membros dos grupos tiveron que argumentar a súa proposta e ver os puntos fortes e débiles tanto das outras coma da súa

propia. A este respecto, deberon ter en conta non só os nomes que lles tocaron, senón tamén os dos demais grupos, coas peculiaridades que poden diferir (aínda que sexa minimamente) das vistas nun inicio polo seu grupo.

Algo semellante ocorre coa clasificación por linguas, pois, como se mencionou máis arriba, houbo grupos que empregaron tres categorías (*galego, español e ambas as linguas*) e outros que disgregaron a última atendendo a se realmente se empregaban as dúas linguas (*Xa vou primero*) ou se non é evidente a lingua utilizada (*María*). Neste caso, de novo, deberán argumentar e chegar a un acordo.

No caso dos grupos con clasificacións alternativas (morfosintácticas ou fonéticas), ofrecéuselles a posibilidade de traballaren xuntos e presentaren ambas as dúas propostas para o total do seu corpus ou ben integrárense nalgún dos outros dous grupos, argumentando as categorías para o total do corpus.

2.4. *O caderno de bitácora*: tomar notas de todo o proceso durante a actividade

Ao longo de todo o proceso, desde a lectura dos nomes e as primeiras impresións de cal podería ser a mellor forma de clasificación, até o resultado final da distribución e análise dos datos, o alumnado debeu tomar notas de todas as etapas da actividade, das tomas de decisión, dos erros, dos acertos, das modificacións... Deste modo, conseguimos que o alumnado entre nun proceso científico, pois vai deixando testemuña de cada un dos pasos que foi dando. Sobre todo, é interesante o feito de apuntar os erros e as vías mortas no seu estudo porque servirán como argumentación no momento de argüír ante outros grupos os motivos para a súa clasificación.

Este caderno de notas, preferibelmente feitas a ordenador e cun mínimo de redacción, será un dos elementos polos que se avalíe individualmente o alumnado. Dado que boa parte do proceso é colectivo, haberá decisións e modificacións comúns, mais cada persoa redactará e argumentará de forma diferente, por iso é interesante que os *cadernos de bitácora* sexan individuais.

Por suposto, cada entrada nese caderno debe ir precedida da data e hora en que se realizaron os avances na redacción. E, para este proceso de escrita, deberían deixar os últimos cinco ou dez minutos de cada sesión, de tal maneira que se autoxestionen e organicen ben o tempo de traballo.

2.5. Armar remos e volver á vogada: a análise estatística dos datos

Con tan só dous ou tres grandes grupos por aula que traballen unha clasificación para o total do corpus, deben proceder á clasificación dos seus datos de maneira inequívoca. Para tal fin, os casos dubidosos ou con maior dificultade de organización poden quedar a un lado e deben anotalos no seu caderno de bitácora para, cando o/a profesor/a teña un momento, pedir consello.

A partir de aí, procederán a efectuar as análises estatísticas. Nesta liña, pódense realizar tendo en conta o total ou establecer subcategorías atendendo ao ano, década ou século, ao tipo de embarcación (se é que contan con eses datos) ou a outra información que poida aparecer a maiores do nome dos barcos. Estas análises serán da fórmula máis simple: unha regra de tres que nos devolva unha porcentaxe de cada categoría. É dicir, poden traballar o número de embarcacións que se nomeen segundo un topónimo e mostrar a porcentaxe que supón sobre o total do corpus, mais tamén poden achar esta mesma información a respecto de cada década para dilucidar se este tipo de clasificación variou ao longo do tempo.

Resulta fundamental que todos os resultados estatísticos os presenten mediante gráficas para que sexa máis visual á hora de comprender o peso que ten cada parte sobre o total analizado. Deste modo, poderase observar máis facilmente a porcentaxe que implica a categoría “toponimia” sobre o total do corpus se aparece nunha gráfica de segmentos a carón da porcentaxe de “advocacións relixiosas”, “zoónimos”, “antropónimos” etc. Repetirán o proceso para un período temporal concreto, que permita comparalo cos demais.

O mesmo ocorre se nos interesa mostrar a progresión temporal do uso dalgunha destas categorías, pois tamén será máis ilustrativo ver o número total de casos por cada ano ou por cada década dunha destas categorías se o plasmos nunha gráfica de barras. Este proceso pode ser longo e monótono, mais a experiencia recollida co alumnado de Padrón foi que a rapazada o tomou como un xogo e se fascinou descubrindo a evolución da naonimia no tempo.

Por suposto, todos estes datos e gráficas pasarán a formar parte do caderno de bitácora individual, cun breve comentario analizando o que se pode observar en cada unha, así como as conclusións ás que se pode chegar á vista deses datos. Finalmente, unha vez se teña rematada esta parte estatística e con todas as gráficas e datos sobre a mesa, deberán facer unha reflexión xeral no seu caderno de bitácora.

Esta etapa da actividade non demorará máis de dúas sesións.

2.6. *Non caer en patela rota*: presentación pública dos datos

Como punto final deste traballo, proporáselle ao alumnado que realice unha presentación onde se condense o proceso de toma de decisións, se explique a motivación das súas clasificacións e se lle mostren ao resto do alumnado as conclusións máis relevantes estatisticamente dese estudo.

Deste modo, facilítase a avaliación da competencia oral, con elementos traballados ao longo do curso como a fonética, a morfoloxía ou a sintaxe e outros tamén relevantes para as exposicións como son o ton de voz, a xestualidade, o contacto visual co público. Xa que logo, a actividade supón un exercicio completo en que o alumnado se pode valer por si só na realización dunha investigación aplicando as ferramentas que se lle entregaron ao longo do curso escolar, e pode ver a utilidade de absolutamente todos os elementos teóricos que, doutro xeito, caerían en patela rota.

Esta fase pódese realizar na aula, nunha sesión ou mesmo en dúas (preparación e presentación), ou pódese solicitar que o alumnado a prepare na casa para expor na aula e só empregar unha sesión.

3. Conclusións

Ao longo desta exposición vimos como a naonimia ofrece unha inxente cantidade de posibilidades á hora de realizar exercicios dentro da aula. En concreto, presentouse unha memoria paso a paso da práctica realizada polo propio autor do texto no curso 2023-2024 no IES Macías o Namorado de Padrón para os grupos de 2º ESO.

A abordaxe deste tipo de nomenclatura permite que se fixen numerosos contidos, propios da materia de lingua galega e literatura e que forman parte do currículo escolar, explicados ao longo dese ano: semántica, sociolingüística, morfosintaxe, fonética...

Ademais, tamén contribúe a traballar outros elementos transversais que poden pasar máis desapercibidos no día a día na aula ou que, se cadra, non son tan fáciles de desenvolver nun temario con tantos contidos. Neste caso concreto, propomos desenvolver a competencia en matemáticas e ciencia mediante análises estatísticas e o proceso de investigación científica; a competencia dixital a través do uso das tecnoloxías para a realización de toda a actividade; a competencia

en conciencia e expresión cultural coa relación directa coa propia cultura marítima; a competencia social, persoal e de aprender a aprender, dado que todo o proceso foi autónomo; a competencia emprendedora mediante as tomas de decisión que contribuíron a perfilar a clasificación final; e, por suposto, a competencia en comunicación lingüística e a competencia plurilingüe, xa que é esencial entender as motivacións que pode haber detrás de cada nomeamento das embarcacións, así como o coñecemento profundo do galego e do español (mesmo do inglés e do francés nalgúns casos concretos) para poder realizar ben as clasificacións.

En definitiva, consideramos que esta actividade fomenta non só a fixación de coñecementos adquiridos ao longo do proceso educativo da educación secundaria obrigatoria, senón tamén unha posibilidade esencial de que o alumnado se achegue ao seu contorno e ás súas propias vivencias desde un punto de vista analítico e científico, colocando a naonimia no centro do seu acervo cultural e investigador. Desde ese momento en diante, cando paseen pola beira do mar verán as embarcacións con outros ollos.

Bibliografía

- Acea Méndez, Isabel (2007). Naonimia galega: denominacións dos barcos de pesca rexistrados en Vigo desde 1876. En: Luz Méndez e Gonzalo Navaza, eds. *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega "Frei Martín Sarmiento"*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 531-550.
- Consellería do Mar. Xunta de Galicia (2003-). Rexistro de buques pesqueiros. En: *Pesca de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Dispoñible en <https://www.pescadegalicia.gal/informe-rexbuq/agregation>
- Fernández Otero, Rosa M. (2024). Eu só... falaba de barcos. *Nova Ardentia*. 16, 110-116.
- Ferro Ruibal, Xesús (2007). Reflexións verbo da naonimia de Galicia. En: Luz Méndez e Gonzalo Navaza, eds. *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega "Frei Martín Sarmiento"*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 581-612.

Coloquio con Lucía López Lires, Aarón Otero Ferrari e Manuel Dopazo

Moderadora: Andrea Santiso

Participantes: Lucía López Lires, Aarón Otero Ferrari, Manuel Dopazo,
Soledad Ríos Santomé, Bieito Lobeira, Gonzalo Navaza, Xurxo Souto,
Manuel Viñas Solla, Ana Boullón, Fernando Cabeza Quiles, Inés Allariz Pena

Soledad Ríos Santomé

Ola, boas tardes. Quería preguntarvos —a Lucía e Aarón— se recollestes tamén a sétima lista.

Lucía López Lires

Non.

Soledad Ríos Santomé

Unicamente labor, barcos de labor?

Lucía López Lires

Son barcos exclusivamente da terceira lista de embarcacións menores. Nada da sétima lista, nada de recreativo.

Soledad Ríos Santomé

É que e tiña curiosidade por se había distincións entre o que é o barco de labor e un barco recreativo.

Lucía López Lires

Estanme preguntando que son os barcos da terceira lista e os da sétima lista. Os barcos da terceira lista son os barcos profesionais de pesca; os da sétima lista son os de pesca recreativa; os da sexta, de recreativa con ánimo de lucro.

As embarcacións clasifícanse da primeira á novena lista. Os da oitava lista son os da Administración. E os da segunda creo que son de mercante. Van así clasificados, segundo a que se dediquen. Acuicultura é a cuarta lista.

Bieito Lobeira

Parabéns polo traballo. Ten un fondo descritivo, analítico, da situación que se dá nas rías de Vigo e Muros e Noia.

A miña pregunta vai máis na liña da interpretación deses datos. Vós credes que o feito de que os nomes en galego das embarcacións pesqueiras e mesmo das bateas teñan un papel tan residual pode ter a ver, por exemplo, co feito de que durante décadas estivesen prohibidos os nomes en galego nas embarcacións? Até onte practicamente. Ou de que mesmo hoxe en día oficialmente o goberno español siga impondo a toponimia deturpada oficialmente no mundo do mar?

Quero dicir, nas provincias e nos distritos marítimos, os topónimos deturpados son os “oficiais”. Temos aí a provincia marítima de Vilagarcía de Arousa, onde nos folios das embarcacións de todas as listas figuran as siglas VILL de **Vilagarcía de Arosa*, que é o nome oficial a día de hoxe e que o goberno español non quere mudar. O mesmo pasa cos accidentes xeográficos na cartografía oficial, en todo o que ten a ver con todo isto. Eu intúo que debe influír algo, tanto nunha visión máis diacrónica, histórica, tamén ambiental e legalmente, na situación que hai, á hora de que sexan tan poucos os nomes en galego. Todos, eu creo, sabemos de casos de embarcacións que no seu día estaban inscritas en galego e foron multadas por cometer o gran delito de ter un nome en galego. Entón todo iso xera tamén inercias. Supoño, ou intúo. Era para saber a vosa opinión. Grazas.

Lucía López Lires

Nós recollemos a lexislación desde o 68, no que é o relativo aos nomes dos barcos. Quizais antes estivera prohibido poñérllelos en galego, pero o decreto do ano 1968, o 1494, obriga a nomear en español, mais admite palabras rexionais. Ou sexa que en principio non estaba prohibido, desde 1968. Despois, o que me dis das bateas, non pon nada do idioma no que ten que estar o nome. É certo que nas bateas notamos moitísimo máis o uso do castelán, incluso castellanización de topónimos locais como á illa da Creba, chamarlle *Quiebra*. Oficialmente é *Creba*, pero o propietario ponlle *Quiebra*. Entón, a que responde?

Bieito Lobeira

Pero para a dirección xeral da Mariña Mercante non existe *Illa da Creba*, é *Isla de la Quiebra*, oficialmente hoxe, no ano 2025.

Gonzalo Navaza

As denominacións oficiais, neste caso as dos distritos e territorios que dependen dos topónimos, se a Xunta iniciase un proceso —que é máis simple do que parece— reclamando que as outras divisións se acomoden á oficialidade dos topónimos, isto resolveríase. Porque houbo unha situación semellante durante case quince anos: a cidade de Ourense chamábase oficialmente *Ourense* e a provincia era *Orense*. E a tramitación foi relativamente rápida.

O problema consiste en que non hai vontade, porque basta con reclamalo e están obrigados a acomodar calquera división administrativa que depende da toponimia á oficialidade da toponimia. Non tiñamos presente isto, pero era cousa de solicitar que dalgunha maneira inmediata se resolva, efectivamente.

Xurxo Souto

En relación ao que estabades comentando, quedoume unha dúbida. Dixestes que os números había que escribilos con letra. Si, pero poden escribir con letra en galego.

Lucía López Lires

Si.

Manuel Viñas Solla

Non teño todo o corpus das bateas na mente, pero eu penso que a maioría que están con números están con números romanos.

Lucía López Lires

Si.

Manuel Viñas Solla

Con números, moi poucos.

Lucía López Lires

Igual non se entendeu ben cando explicamos: o que figura con números en letra son as embarcacións. As bateas son con números romanos. Si, ten razón.

Manuel Viñas Solla

Non teño as 3 580 na cabeza, pero a maioría.

Lucía López Lires

As bateas son todas *Ostra I*...

Manuel Viñas Solla

Iso é: *Banda do Río I, Banda do Río II*...

Lucía López Lires

Todas as bateas. Nas bateas non se regula como ten que ser o nome, simplemente se regula que ten que telo, nada máis. E as medidas que ten que ter e a cor da rotulación do nome. O que se regula é como teñen que ser os nomes dos barcos, que non poden ter máis de tres palabras, que poden levar anagramas ou números despois do nome. Son as embarcacións e é nas embarcacións onde teñen que ir con letra, aínda que ás veces o vemos con número. Pero si, ten razón, nas bateas é con números romanos. Obrigatorio non é, pero si que o poñen. Polo menos por tradición ponse así.

Manuel Viñas Solla

Un par de cousas máis. Non sei se tedes o rexistro dos titulares e dos nomes das bateas. Tede coidado con iso porque xa non coinciden en moitos casos. Cando fixeron a numeración, por exemplo, como dicías ti, *María I, María II, María III*, agora esas bateas xa teñen en moitos casos propietarios diferentes. Non van xuntas.

Lucía López Lires

Eu teño acceso aos propietarios polo meu traballo, pero iso non se podería utilizar porque son datos protexidos. O que fixemos moitas veces é acceder aos propietarios, sobre todo cando eran acrónimos. A batea *Yare I*, que é dunha persoa de Lira ou Louro, que a comprou, e o nome da embarcación era o nome dos fillos do anterior propietario. Nós tiramos un pouco de falar con eles, pero as bateas hoxe en día en Galicia están case todas alugadas. Si, si, en moitos sitios están alugadas; as da ría de Noia e Muros case todas traballan para Mercadona, producen para Mercadona.

Ana Boullón

Unha cuestión que creo que diferencia bastante os nomes das embarcacións dos nomes das bateas é a visibilidade, porque os nomes dos barcos véñse desde o peirao, chegan ao peirao; a xente veos, pero os nomes das bateas non. Están no medio da ría e soamente se vas nunha embarcación bastante próxima velas, porque ademais os nomes son, como dicías, bastante pequeniños. Entón, a incidencia social que teñen os nomes das embarcacións é moito máis grande, porque saben que os seus veciños ou a xente que pase por aí vainas ver, pero o das bateas dá igual. Por iso creo que comentarades que os nomes das bateas moitas veces eran *I*, *II*, *III*, *IV*, que son menos significativos, digamos, que os nomes das embarcacións.

Lucía López Lires

Si, si, é así. Os barcos van a un porto, van a outro, trasládanse entre un e outro e son vistos pola xente. As bateas, non. Por iso é como se tivese un labor máis social o nome do barco que o da batea, unha función máis comercial. De aí, ao mellor, que poñan siglas e que lles poñan os números romanos.

Ana Boullón

Entón dá un pouco igual o nome que se lles poñan ás bateas porque non teñen ningunha incidencia. Unha parte moi importante dos nomes propios é a visibilidade, a imaxe que dan, sexa dun neno, sexa dunha persoa ou dun nome escollido, un nome comercial; sempre incide niso. Nas bateas, pois menos.

Unha cousa que se me ocorre e que tamén sería interesante: antes que comentastes os nomes das embarcacións de recreo, estudar os nomes (da lista) número sete, para ver se hai diferenzas significativas cos nomes das embarcacións de pesca. Non sei se podedes dicir algo ao respecto.

Lucía López Lires

Non, non estudamos as embarcacións da sétima lista, evidentemente. Poderíamos mirar.

Ana Boullón

É unha posible liña de investigación.

Gonzalo Navaza

Basta con facer un paseíño por un club náutico dos que hai por aí: hai moito nome de embarcación de recreo xa directamente en inglés. Non sei se é coñecido isto. Responden a outros criterios.

Manuel Viñas Solla

Pensa que hai unha diferenza importante. Era unha cousa que eu non tiña na cabeza; eu son de ambiente urbano e, ben, por cuestións laborais que non veñen moito ao caso, estudei isto. Pensa que esta é a idea que temos no ambiente urbano, non sei se o asociamos ás conserveiras: cando pensamos en conserveiras, pensamos nas familias catalás, pero nas bateas non. Nas bateas os apelidos son de aquí, pero de aquí é *Otero*, *Rodríguez*, por pór os máis comúns. Entón, claro, o ámbito é diferente. Cando tes embarcacións de recreo, mutatis mutandis, moitos apelidos son de aquí, pero o eido xa é totalmente diferente. É dicir, non é xente, digamos, da Illa de Arousa, da zona da Pobra, de Cangas ou de Bueu. Non, non; é xente da área metropolitana de Vigo, da área metropolitana da Coruña. Que vaia, a transacción xa enfastía... E moitas veces aquí incluso nos portos, por exemplo, en Sanxenxo, tes moitos barcos que xa non son de xente galega, son de xente, por exemplo, de Madrid, sen entrar en máis detalles.

Fernando Cabeza

Cando eu vivía en Santa Uxía de Ribeira, xa hai moitos anos, moitísimos, había moitos barcos grandes do arrastre que se chamaban *Virxe do Carme*. Segue iso ou está algo secularizado?

Aarón Otero Ferrari

No nome dos barcos refíreste, non?

Fernando Cabeza

Si, son barcos grandes do arrastre. En Ribeira eran todos arrastreiros. Non documentastes iso?

Aarón Otero Ferrari

Nós o que estudamos foron os de artes menores, e aínda así, dos 581 que creo que eran os que tiñamos, soamente dez presentan haxiónimos. É unha porcentaxe moi escasa.

Lucía López Lires

Pero é posible que varíen no arrastre ou no cerco con respecto ás artes menores, porque son sectores totalmente diferentes, como son as bateas e a acuicultura. Habería que miralo, pero si que son sectores moi diferentes.

Fernando Cabeza

Estes eran do arrastre, moitos, e no sitio do patrón levaban unha fotografía da Virxe do Carme porque é unha santidade superimportante.

Lucía López Lires

Só documentamos artes menores, porque representaba un 68 %, e despois os de acuicultura, porque era o 23 %. O que é arrastre, cerco, volantas, rascos e palan-gre de fondo e superficie queda reducido a un 8 % de embarcacións.

Soledad Ríos Santomé

Eu quería facer unha reflexión en alto. Primeiro, con relación ao que dicía Manuel: el falaba do concello de Sanxenxo. Eu son do Morrazo e alí xa hai varios portos deportivos bastante asentados, e o nesgo da poboación non é ese. Xa empeza a haber moitas embarcacións de recreo, de feito están medrando a cada paso e sinxelamente o poder adquisitivo da xente medrou e polo tanto agora hai xente que ten unha embarcación de recreo e que é de alí, ou pode que haxa algunha xente, no noso caso de Vigo, pero maiormente o meu coñecemento é que hai xente de alí.

Si é certo que a maior parte dos nomes están en castelán e creo que obedece a dúas razóns: unha é a castelanización da sociedade. Agora mesmo hai xente que ten 30 anos ou 30 e tantos ou 40 anos, que están instalados no castelán. E o nome da embarcación pónenllo en castelán, se é que non o herdan e non o cambian cando a compran. E por outra banda temos un compoñente moi forte, herdado de xente que foi educada en castelán e que no seu momento comprou unha embarcación e púxolle o nome habitual, polo menos da escrita, ao mellor non é da fala, pero si da escrita e mantéñeno.

E logo, con relación ás bateas, estouno poñendo en relación cun estudo que eu fixen hai tempo do que era a lingua na empresa: en todo aquilo que rodea a empresa sempre se vai atopar unha presenza moito maior do castelán na

documentación escrita ca na oralidade ou ca noutros ámbitos que non sexan eses que permanecen e que forman parte un pouco da túa identidade corporativa cara a fóra.

Lucía López Lires

Manuel, os apelidos que nós recollemos nas dúas rías son *Castro, Baltar, Gerpe, Martínez Gerpe, Rouco, Ríos e Rosales*. Non sei che interesaban os apelidos.

Inés Allariz Pena

Quería preguntarlle a Xosé Manuel que cantos alumnos tiña na clase cando realizou a proposta didáctica e dicirlle que é unha proposta chulísima. A verdade é que me alegro de que funcionase.

Manuel Dopazo

Graciñas. Pois non o comentei, pero realmente non o fixen con toda a clase. Fíxeno ao final do curso, nestas últimas semanas en que todos os que xa estaban aprobados traballaban no corpus de naonimia e os que estaban suspensos estaba traballando con eles para que intentasen recuperar a materia.

Os grupos eran bastante grandes, sobre vinte rapaces en cada unha das aulas. Facíano por parellas; ao final cinco ou dez grupos por aula. Eran bastantes, porque creo que tiña aulas de 25 ou 26 alumnos, dos que estaban suspensos cinco ou seis.

III

A ruta de Ulises de Fingal

Xurxo Souto

A ruta de Ulises de Fingal

Xurxo Souto

Quero expresar a miña felicidade de poder estar aquí con vós, persoas eruditas na marabilla da onomástica, da talasonimia, da toponimia, e compartir unhas inquiredanzas que me acompañan dende rapaz, a min e a moitas outras persoas que nacemos neste barrio, na rúa da Torre, en Monte Alto.



Chámolle “A ruta de Ulises Fingal”, porque era o pseudónimo literario de Urbano Lugrís, e porque é moi acaído para esta contorna; porque sabedes que a Torre de Hércules é unha fin do mundo para a tradición grecolatina —Hércules mata Xerión— pero tamén é unha fin do mundo para a tradición atlántica.

Ulises, tradición grecolatina, e Fingal, dos poemas de Ossian. Dende o alto da Torre, como sabedes, Breogán viu Irlanda, e logo tamén Trecenzonio viu a *Solistionis Insula Magna*, a illa onde o Sol se detén.

Pero para iniciármonos nesa marabilla, neste vivir no misterio, no transcendente, no máis alá, un camiño fermosísimo é a ruta do sabio percebeiro Milucho Mariñas, que foi o meu veciño que me aprendeu estes nomes absolutamente grandes e vizosos. E é a expresión tamén *da miña protesta*: na escola aprendemos moitas cousas, menos o máis preto. A única forma de ser cosmopolita, de ser cidadán do mundo, que é ao que tendemos, o que temos que buscar, é principiar por coñecer o mundo que tes diante do fociño e que ninguén che explica.

Entón para principiar, como esta ruta tamén tiven a sorte de facela algunha vez con Bernardino Graña, quero comezar con ese saúdo que herdei del, do seu poema “Medre o mar”. Eu digo “medre o mar!” e vós dicides “medre!”, e levantamos os brazos. Todos un.

—Medre o mar!

—Medre! [público].

Pero houbo pouca contundencia. Xosé Manuel, quita a corna.

—Medre o mar!

—Medre! [público]

—Medre o mar!

—Medre! [público]

[Soan as dúas buguinas]

E agora si, nesta auténtica capital do mar que é Pontevedra xa temos este diálogo das cornas, dos acuques, dos carlous, neste encontro de onomástica; a marabilla e a diversidade desta palabra, deste obxecto marabilloso, insisto, que está na propia orixe e son do Faro.

Eu son terrícola, vivo nunha cidade-barco, A Coruña —“cidade tatuada na pétre pel do mar”, ese epíteto marabilloso que lle dedicou Luísa Villalta—, pero a min na escola ninguén me falou nunca, nunca, nada do mar. Como terrícola estou certo —aínda que aquí hai xente do mar, tamén— de que a maior parte

de vós subistes ao alto da Torre de Hércules. Que vemos os terrícolas dende o alto da Torre? Auga. É marabilloso, é precioso, non? Dunha banda as Sisargas, e doutra banda o cabo Prioiro.

Os terrícolas só vemos auga; o mariñeiro dende o alto da Torre está vendo Os Carpanchos, Os Abarracidos, As Touzas de Leste, As Touzas de Vendaval, O Mar da Cota... E o percebeiro? Velaquí o tedes: O Gancho, O Grelle, O Gueivouteiro, Xanrei, Os Touciños, O Boi, A Vaca, O Becerro e O Becerriño. Todo ese mar ten nome, e ten nome de muller. Ese mar que se albisca dende o alto da Torre, dende As Sisargas até O Prioiro, ou O Prior, chámase *Mar de María Antonia*. Vouno repetir e dicides todos: “Ah!”.

—Chámase *Mar de María Antonia*.

—Ah! [público]

Como é posible que non saibamos desa dimensión absoluta que é o propio mar da cidade da Coruña? E isto fáloo directamente para o sector coruñento, que estamos tan namorados da nosa cidade, que tanto reivindicamos, e non sabemos nin sequera como se chama o mar que rodea este emporio. Sei quen é María Antonia, e despois héivolo dicir. Digamos que é un neotopónimo, ou neotalasónimo, e que naceu nos anos 40 ou 50 do século pasado.

Aí está: Milucho Mariñas. Mirade que piña de percebes. Da Torre, neno! Un sabio. Si, si, da Torre! El dicía que cando comezou



O percebeiro Milucho Mariñas.
Foto: Torrecilla

a ir ao percebe, moitas desas pedras estaban virxes, e cando había mareas vivas quedaban os percebeos varados na area.

Que ocorre? Todos o sabemos, non me vou estender agora con ese tema: o percebe na aldea era comida de pobres. En Malpica, cando había moita fame, se as familias tiñan que comer percebeos pechaban a porta para que non ulise. “Que pobres son que teñen que comer percebeos!”. Na cidade non; era comida de ricos, porque sempre houbo ricos. Entón este rapaz, dende a súa contorna de Santo Amaro, principiou a traballar no percebe, e cando o coñecín, xa era un home maior, coñecía as pedras de percebe todas dende Corrubedo até Avilés, algo absolutamente marabilloso. Eu tiven a sorte de participar da súa sapiencia.

Dende o ano 2002 estamos facendo actividades reivindicando, poñendo en valor a contorna da Torre de Hércules, monumento da humanidade. A sinalética é preciosa e precisa, e todo está codificado, todo está marcado. Todos os nomes e todos os sinais están no sitio; todo menos a eufonía dos nomes das pedras.

Voume poñer un pouco histriónico: que pecado cometemos! O veciño, o vindeiro, o turista, pode coñecer calquera detalle, calquera nome de calquera escultura, menos onde queda O Gancho, O Grelle, Os Macallás, As Longuiñas,



Castelo de Santo Amaro
Arquivo do Reino de Galicia

O Cabalo de Pragueiras... Non hai dereito, algo hai que facer! Que cousa sería ter un letreiriño que puxese cada nome!

Tirando da eufonía deses nomes, temos a posibilidade de falar deste gran mito atlántico onde vivimos. Aquí comezou todo, a praia de Santo Amaro. Alguén non a recoñecerá, é unha foto antiga. Aquí estaba o antigo castelo e aquí ao fondo A Marola. Comezamos a ruta neste lugar.

Amaro, un santo que non existe. Non aparece no santoral romano. Non obstante ten unha presenza tan grande, tanto na tradición popular galega coma na portuguesa, que a Igrexa católica non tivo máis remedio que identificalo con outro santo: Mauro. Cando era pequeniño dicíanme que *Amaro* era *Mauro* en galego. Todos sabemos que é imposible: de MAURUS sairía *mouro*. Mauro está moi ben estudado, un dos primeiros discípulos de san Bieito, italiano etcétera. Este é outro. Este Amaro é outro Amaro. É o home, o sabio navegante —volvemos á ruta de Ulises Fingal— que atopou a illa do Paraíso, como Trecenzonio. Estivo un momentíño pero pasaran 300 anos. Esta lenda foi publicada na revista *Nós* en 1925 por Uxío Carré, e recolleuna na freguesía de Figueiroa (Abegondo), na freguesía de meu pai.



Ruínas da capela de Santo Amaro
Arquivo do Reino de Galicia



Romaría dos galegos na capela do Santo Amaro de Lisboa, 15 de xaneiro de 2022

Empezamos a facer actividades e lemos a lenda aí á propia beira da praia, e a cousa foi collendo o seu aquel —aquí está a capela antiga de Santo Amaro, A Torre ao fondo— e fomos reclamados para ir a Lisboa.

Porque, como se chama o santo padroeiro das galegas e dos galegos de Lisboa? Santo Amaro, aí o tes. Iso foi no 2022. Absolutamente marabilloso; esa capela hexagonal que está en Alcântara, en Lisboa. Non mo ides crer. Lisboa profunda; falabamos en galego, e todo o mundo nos contestaba en portugués. Por que? Porque sabían quen eran os galegos. Esta era a romaría e a festa grande dos galegos. Aí nos azulexos está Amaro acudindo uns frades franciscanos camiño de Terra Santa cando habían de afogar.

Cando chegamos, o día da romaría, estaba a señora que coidaba a capela, a señora Teresa, e dixemos: “Somos galegos”, e dixo a señora Teresa: “Som galegos? Voltarom os galegos!”. Emocionouse tanto que chamou o presidente da xunta —da xunta da freguesía—, e aí naceu o movemento Aú, que agora está un pouquiño baixo. Sabedes que na Lisboa típica, a comezos do século xx, a maior

comunidade de emigrantes en Lisboa eran os galegos e o seu oficio era vendedores de auga. Pero como din en Lisboa? *Água*. A maior *parolada* para un lisboeta é escoitar *auga*. Entón os galegos eran coñecidos como o “Chico Aú”. Pois naceu aí o movemento Aú. Mirade que bonito, simplemente por pór en valor un nome, Amaro navegante.

Comentamos que estaba moi emocionado despois de falar de Amaro navegante, porque esa lenda fora recollida por Uxío Carré en 1925 —este ano celebramos o centenario na propia aldea e a freguesía de meu pai—, e está aquí o bisneto de Uxío Carré, o João Carré, *alfacinha* redondo, lisboeta redondo, que tamén participou desta emoción. Simplemente pór en valor e explicar un nome sérvenos para ter este vencello alternativo por outros camiños con Lisboa.



Comezamos esta ruta. *Praia de Santo Amaro*, *O Gancho*, aquí temos *O Grelle*, *Os Macallás*. Hai máis *Macallás* polo mundo? É especialmente eufónico: *Os Macallás*, unhas pedriñas que miran cara a fóra.

A praia de Santo Amaro sabemos que ten un aquel definitivo na literatura galega: alí morreu afogado Aurelio Aguirre. Dician que por un suicidio. Henrique Alvarellos mirou a prensa da época e non; foi coa moza e, para facerse o valente, tirouse por enriba dunhas pedras e abriu a cabeza. Fixádevos. Todos coñecemos

a relación de Aurelio Aguirre con Rosalía, pero por se quedase algunha dúbida, a ver a que vos soan estes versos, “El murmullo de las olas”:¹

Dime tú, sér misterioso
que en mi sér oculto moras,
sin que adivinar consiga
si eres realidad ó sombra.
Angel, muger ó delirio,
que bajo distintas formas,
á mis ojos apareces
con la noche y con la aurora,
y á todas partes me sigues
solicita y cariñosa,
y en todas partes me buscas,
y en todas partes me nombras,
y estás conmigo si velo,
y si duermo en mi reposas,
y si suspiro, suspiras,
y si triste lloro, lloras...

“Negra sombra que me asombras” [cantaruxando]. Que *copiona* Rosalía, non? Non!, non foi *copiona*! Isto é a espiral da creatividade da arte, e estes versos, moi fermosos, servíronlle de inspiración para facer unha obra realmente sublime.

Pero comezamos a ruta. Estamos no *Gancho*. Por certo, por atrás da Cruz do Mar hai un *rego da Serpe*, especialmente evocador, estamos nas portas do alén, do misterio, *Ophiussa*.

O máis importante é o que está aquí, o que non se ve, o mar, porque xusto nesa liña recta dende Os Macallás cara aos Pedridos, que é onde está o dique de abrigo, hai unha montaña submarina: As Acentes. Díciame Carrillo, un patrón de Malpica: “As Acentes pechan a baía da Coruña como as illas Arán pechan a baía de Galvai”, de Galway.

Esa montaña submarina, na que rabuñou o ventre o petroleiro *Urquiolá*, non saía nas cartas pero tiña, ten, nome, todo o mundo a coñece. Mesmo sabía as pedras onde bateu, chámanse *As Papapoutadas*. E As Acentes —é outro tema tamén interesante— aparecen recollidas nas cartas mariñas, polas cartas da

1 *Revista Galaica*, nº 5 (1874). páx 13.

Mariña, do exército, pero chámanlles xusto o contrario: *Las Yacentes*. É xusto o contrario, “lo que yace, lo que está tranquilo”; *a acente*, onde bate o mar. Escoi-teille unha vez a un percebeiro de Aguiño que dicía: “Había que esperar a que rompese a acente da onda”. Aí está.

E isto lévanos a outro universo, a esa visión dende o mar. Carrillo en Malpica, para describir as augas da Coruña fálannos directamente das augas de Irlanda. Pasamos o paralelo 48º, *Os Tres Codillos*, e este universo de mares de Irlanda con nomes en galego. Un patrimonio que se está esfarelando, porque agora xa non é útil, agora cos GPS e toda esta información... pero que é fermosísimo. Como as augas de Irlanda foron investigadas e descubertas e bautizadas polos patróns galegos de Bouzas, do Berbés, do Muro, da Coruña. *O Zapato*, *A Canaleta*, *A Ferradura*, *O Calcetín*, *A Pistola*. Esta é a parte de dentro. Logo está a parte de fóra, ou sexa, que teña máis de 400 brazas.



Mapa cos nomes en galego dos caladoiros dos mares de Irlanda
Autor: Xurxo Souto

Coñecín a Serafín Mourelle, un patrón de costa, que era un veciño de alí dos Castros. Pregunteille que me contase algo sobre o mar, e díxome:

O mar non é poesía, o mar é traballo e esforzo. Eu nacín en Corme, crieime na Coruña, casei en Noia, vivín no Gran Sol. De onde son? Son do mar máis que de sitio ningún.

El dicía que o mar non era poesía, estaba facendo un poema marabilloso.

E aquí o *Volcán de Porcupine*, como lle chaman. Será *Porcupine*,² non? Pero os mariñeiros chámanlle *Porcupine*, ou *Porco Espiño*. E dicíame el:

Busquei, gastei aparellos a oito —tivo que buscar as praias, os fondos de area onde se pode largar, porque se hai pedra embarras— pero finalmente atopei os carreiros no mar. Para min cruzar Porcupine foi como aqueles pioneiros que cruzaron as Montañas Rochosas.

Os nosos veciños, auténticos heroes.

Puxen aí unha frechiña porque quero metelo sempre: entre Irlanda e Islandia hai un volcán que agroma pequeniño, *Rockall*,³ e tamén no medio do nada dá peixe a oito. Aí mídense as ondas máis altas do mundo: ondas de trinta metros.

Coñeces a Xosé Iglesias?⁴ Faloume do Rocal e dixo:

—Cheguei ao Rocal e dixeran, estou na casa.

—Por que?

—Porque é cuspidiño ao Sintoulo, de Fisterra.

Eu dicía:

—É igual ca A Marola?

—Non, que A Marola non, O Sintoulo de Fisterra.

2 “O banco *Porcupine* é unha zona elevada na plataforma irlandesa, aproximadamente a 200 quilómetros ao oeste de Irlanda. Atópase a 200 m baixo o nivel do mar no seu punto máis alto. O nome provén do descubrimento do banco en 1862 polo *HMS Porcupine*, un barco británico de vela e rodas de paletas utilizado principalmente para topografía”. Fonte: Wikipedia. No texto faise un xogo entre a pronunciación fonética á galega e á inglesa.

3 “Rockall é un pequeno farallón rochoso situado no océano Atlántico norte a máis de 300 km do territorio máis próximo, tamén coñecido polos mariñeiros galegos como *O Con*. Pertence ao Reino Unido. Cun diámetro de 27 m de ancho e unha altura duns 23 m posuíndo unha área actualmente emerxida de 570 m², este pequeno illote adoita ser cuberto polas grandes ondas provocadas polas treboadas, especialmente no inverno. É o cumio dun volcán extinto.”. Fonte: Galipedia

4 Xosé Iglesias Lamela (Cee, 1974), mariñeiro e poeta galego, autor de *Transfusión oceánica* (2014) e *A relixión do mar* (2016).

Ben, pois esa pedra perdida no medio do nada ten nome en galego: *O Conde de Marín*. É marabilloso, esa xeografía, esa talasonimia que se estende por todos os mares do mundo, que está marchando, pero que nos está dicindo esa idea central de Staffan Mörling,⁵ cando lle preguntaron: “Vostede por que veu dende Suecia vivir a Galicia, á fin do mundo?”. E dixo: “Non, Galicia non é a fin da terra, é o centro do mar”.

Como non van ser augas galegas, se as augas por fóra de Arán se chaman *A Cona da Vella*? E o problema é por que non o sabemos. Cando comentei isto con moita emoción —*A Cona da Vella*, por fóra das illas Arán—, dixéronme todos alí en Marín:

—Iso sábeo todo o mundo.

—E logo?

—Iso púxollo Roberto Carracho, un patrón de Marín.

—E por que lle puxo *A Cona da Vella*?

—Porque hai un mar na illa de Ons que se chama *A Cona da Vella*, que é un nome en galego da anemone, tamén.

Estabamos paseando pola Torre e aparecemos nas augas de Irlanda.

Temos *Os Macallás*, temos a praia de *Area de Concha*, como lle chamaba Milucho Mariñas. Por que? Porque estaba toda feita con cunchas de mexillóns, e cando había mareas vivas estaban os percebes aí varados. Agora chámanlle a *praia dos Mouros* porque estaba o cemiterio mouro que se fixo para a Garda de Franco. Está reutilizado ese edificio cunha cita moi importante: a cita de Paulo Orosio; a primeira cita sobre a Torre de Hércules, en *Adversus paganos*, que di que entre as poucas cousas dignas de mención —é do século IV— está esa *altissimam pharum ad speculam Britanniae*. Atención! *Altissimam pharum ad speculam Britanniae*. Un altísimo faro como vixía de Bretaña. Pero as faltas de ortografía cométese en todos os contextos, e algún copista en vez de poñer *speculam* que puxo? *Speculum*. E así nace a lenda, que xa recolle Afonso X o Sabio, de que no alto da Torre había un espello que permitía... Ou o propio Trecenzonio, que subiu e puido ver a illa do Paraíso.

5 Staffan Mörling (Värmland, 1936 – 2020) foi un etnólogo e antropólogo sueco especializado no estudo das embarcacións tradicionais galegas e profesor na Escola Naval Militar de Marín.



Seguimos avanzando. Aquí a costa fai un xiro e temos *O Cabalo*. Insisto: non hai un letreiroño, non hai unha guía, non hai sitio ningún onde aparezan estes nomes. Non hai dereito. Estamos falando dun monumento da humanidade. *O Cabalo de Pradeiras*. Pero non é *O Cabalo de Pradeiras*; é *O Cabalo de Pragueiras*, un lugar onde se pescaban moitos pargos. E como temos da outra banda do mar, vemos *As Illas Gabeiras*, *As Illas Carparias*.

E xusto dende alí divisamos A Illa da Marola. A ver, imos facer unha proba, a ver se o sabemos:

—O que pasou A Marola...?

—Pasou a mar toda! [público]

Aí estamos, con xente competente. Outra vez:

—O que pasou A Marola...?

—Pasou a mar toda! [público]

Ese é un berro tribal, un poema épico da emigración galega, aínda que teña dous versos nada máis. As nosas avoas, bisavoas, embarcaban cando ían cara á Arxentina, cando ían cara a Cuba sobre todo, saíndo da Coruña, viñan das aldeas, tíñanlle moito medo á mar; aquilo frotaba! E á altura da Marola xúntanse

as augas da ría de Betanzos, da ría de Ferrol, e empezan os pantocazos, a moverse todo. E queda ese berro absolutamente épico. É como Fastnet,⁶ a derradeira bágoa de Irlanda, o último sitio que vían.

Teño que dicir unha cousa terrible: aos rapaces e ás rapazas novos dígolles “O que pasou A Marola...” e non o saben! Algo está fallando, non? Se temos este universo metido diante de nós...

A importancia da Marola é absolutamente inmensa na literatura popular, e ten un cancionero de seu. No *Cancionero* de Ballesteros aparece unha copla que di:

Pola pena da Marola
vai un gato dando berros,
que lle cortaron o rabo
para pescar os xurelos.

E logo unha tríade, que diría Murguía, céltica, que expresa o sentimento das persoas que vivimos aquí, rodeados de grandes magnitudes: arriscalo todo para buscar a beleza. Di así:

Moreniña, por te ver
pasei o mar da Marola,
a piques de me perder.

Guau! E hai unha canción da Marola que se canta moito en Curuxeiras, en Ferrol, e que se canta pouco na Coruña, e que hai que cantala máis —ímola cantar agora en Pontevedra— que fala da travesía dende o porto da Coruña, dende a dársena da Coruña, á dársena de Curuxeiras, en Ferrol Vello. Entón, fala dun dos problemas estomacais que se producen á altura da Marola. Esta canción vai ter un momento escatolóxico, vai ter vómito, pero non é vómito gratuito, é porque estamos falando das cousas do mar. Ben, eu digo unha frase e vós repetides:

Sáímos da Coruña
con rumbo a Ferrol-e,
no medio da Marola
sucedéuno-lo peor-e:

6 Fasnet Rock, *The tear of Ireland*, un illote rochoso cun faro no sur da costa do Condado de Cork, que era o último punto visible da súa terra para os emigrantes irlandeses que partían cara a América, provocando bágoas de despedida.

escomenzáronno-las tripas
a brincar-e coma as cabras,
o tío Xan vomitoulle
a unha vella pola cara.

E agora esas palmas, como diría Miguel Ríos, imprescindibles para o *rock and roll*, veña:

Chamouille porco, maleducado,
e mil alcumes en castejano,
e se non chega pronto o vapor-e
durmimos todos no cagharron-e.

Por certo, *cagharrone*, para a xente nova, non é o que parece; é peor. Era o nome do calabozo da policía municipal.

Pois falando das cousas do mar é imprescindible acudir ao acordeón, así que imos botar unha repichoca con acordeón. Estamos preparadas? Pois de Pontevedra á Coruña e da Coruña a Ferrol, seguindo a pegada da Pena da Marola. Quero un coro potente. Esas palmas!

Sáímos da Coruña
con rumbo a Ferrol-e,
no medio da Marola
sucédéuno-lo peor-e:

escomenzáronno-las tripas
a brincar-e coma as cabras,
o tío Xan vomitoulle
a unha vella pola cara.

Chamouille porco, maleducado,
e mil alcumes en castejano,
e se non chega pronto o vapor-e
durmimos todos no cagharron-e.

Chamouille porco, maleducado,
e mil alcumes en castejano,
e se non chega pronto o vapor-e
durmimos todos no cagharron-e.

Cousa bonita, o coro de Ulises Fingal, o coro de Milucho Mariñas.



Seguimos avanzando pola costa, claro, non me paro. Despois do Cabalo estarían *As Longuiñas*. Logo hai un coído, porque é unha praia de pedras, pero Milucho Mariñas non lle daba ningunha importancia ao coído. Por que? Porque non hai percebes. Son nomes absolutamente prácticos.

E agora entramos no Morro Baixo, entramos na península de Punta Herminia, o tamén coñecido como *monte dos Bicos*. Pero non dos bicos de afecto —que tamén, pois, antes, de mozos, iamos alí a darnos os bicos; pero non vai por aí—, senón no sentido de barrancos, de pedras verticais. “No bicarelo do bico do brelo”, que dicía Uxío Novoneyra.

Nese espazo, dicía Tettamancy no seu famoso libro dedicado á Torre de Hércules,⁷ comezaría un espazo sacro, segundo esa teoría, que abrangería toda a contorna da Torre, que tería un extremo na propia torre, outro por esta zona, que se chama o monte da Vixía, e outra nos petróglifos que están situados na propia Punta Herminia.

Para facelo máis evocador: estamos no Morro Baixo, As Corredoiras, e A Pedra do Altar. Aí era onde pescaba un amigo meu —un percebeiro que se chama Xulio Montero—, que pescaba as barbadadas con asubío. Para que as bar-

7 La Torre de Hércules: impresiones acerca de este antiquísimo faro bajo su aspecto histórico y arqueológico, de F. Tettamancy Gastón (1920).

badas entren no engado, hai que asubiar (o que pasa é que nunca me dixo como era a melodía!). Por que? Porque ferven na auga e soben.

Díxome outra cousa tamén que me fascinou como veciño deste barrio a quen ninguén lle contaba nada: que o percebe cría onde hai *craca*. Busquei nos dicionarios galegos *craca* por todas as partes, e non aparecía en dicionario ningún. Busquei en calquera dicionario portugués e aparece *craca* como molusco, un pequeno molusco, que é onde amarra.⁸ É dicir... os prexuizos, non? “Na Coruña ninguén fala galego, non sei que...” Pois na tradición deste rapaz, no seu galego do mar, está esa palabra que pertence ao gran corpus do galego-portugués.

Dicía: “Hai que asubiarlles para que veñan as barbadas”. Pero logo unha vez escoitei un disco de Los Sabandeiros que ten a canción “El pescador de morenas”, que resulta que lles cantan ás morenas para que entren no engado: “Eh, morenita, eh, morenita guapa”, e éntranlles. E logo lin no libro de Tabucci *Muller de Porto Pim* que, nas illas dos Azores, cando non pescan as baleas, pois tamén van ás moreas cantándolles. E logo lin na *Historia natural* de Plinio esa mesma historia. Ou sexa, que esa pequena chascadela ou esa pequena curiosidade de meu amigo Xulio Montero, de como se pescan as barbadas con asubío, está recollendo unha tradición que arranca —seguro que vén de moito máis atrás— do propio Plinio e a súa *Historia natural*. As cousas máis humildes convértense nas cousas máis fecundas.

A Furna do Herminio, As Forcadas, A Rabaleira, A Furna dos Negros... Cando foi o dun destes petroleiros, o *Urquiola*, puxeron alí un faro para evitar novas catástrofes. Claro, puxeron o faro pero non lle preguntaron a ningún mariñeiro da zona. O día antes da inauguración o faro xa non estaba; veu un golpe de mar e levouno, e alí segue no fondo para servizo das robalizas e de diferentes peixes que hai. Esta prepotencia do terrícola.

A Rabaleira é o lugar onde, segundo Milucho Mariñas, se crían os mellores percebeos da volta. Nestas actividades que facemos, fascinadas por coñecer a nosa contorna, fixemos o sorteo das pedras. No Club do Mar fixemos un encontro e cadaquén, dun xeito aleatorio, collía un papeliño e tocáballe unha pedra. Unha amiga, Teresa Ramiro, mariscadora e poeta, fixo un poema dedicado á pedra da Rabaleira, que ides cantar pero comigo, claro. Vouvos dicir o coro. “A Pedra da

8 *Balanus balanoides*. M. do Carme Ríos Panisse (1977). *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia*. I. *Invertebrados y peces*. Tamén coñecido como *arneirón* ou *raña da pedra*.

Rabaleira”, fala dos percebeiros, e ten un retrouso sinxelo: “Coiteladas de vida, coiteladas de sal”. A ver o coro?

Coiteladas de vida,
coiteladas de sal.

E agora falta a coreografía. Temos que facer de percebeiras e percebeiros, vale? Entón, coma quen que temos a ferrada, e veña:

Coiteladas de vida,
coiteladas de sal.

A ver o xesto? Moi ben! Aquí hai un espírito náutico-pesqueiro. Vamos, un, dous, tres, vai!

Coiteladas de vida,
coiteladas de sal.

Sobre a pedra da Rabaleira
deslizan seus soños os percebeiros,
sombras dunha esperanza que se quebra
como a onda na crista dos rochedos.

Coiteladas de vida,
coiteladas de sal.

Rabaleira, ti es pedra, eles son carne,
terra e vento inmersos no mesmo mar.
Sobre o teu ventre fecundo brincan
enchendo de vida o cesto dos soños.

Coiteladas de vida,
coiteladas de sal.

Con sorrisos de espuma mordendo con furia,
sedentos de sombras en doce cantiga.
vestindo de lágrimas un berro amargo,
o mar os arrola roubándolles a vida.

Coiteladas de vida,
coiteladas de sal.

No mar crecerán sempre rosas.

Teresa Ramiro, “A Rabaleira”

Estou seguro de que a próxima vez que vaiades á Coruña preguntaredes e buscaredes onde está A Rabaleira. Cambia dunha forma radical a relación coa paisaxe, co contorno, coa natureza, se acudimos á eufonía destes nomes. Imos dar un pasiño máis.



Estamos na grande enseada do *Sogadoiro* ou *Xogadoiro*. Era a miña dúbida; no falar de Milucho non lle apreciaba distinción entre *Sogadoiro* e *Xogadoiro*. Vemos aquí *O Gueivoiteiro*, *Os Coitelos*, *A Galera*, *O Boi*... Unha enseada moi fermosa e moi linda.

Grazas a Santiago Daviña Sáinz recuperamos as ordenanzas do antigo gremio de mareantes da Coruña, que se consideraban perdidas dende o asalto de Drake, o pérfido inglés que queimou o hospital e a igrexa de Santo André. Pero na súa procura, encontrou unha copia. E onde a encontrou? En Viso del Marqués, Ciudad Real. Algunha xente sabe por que está en Viso del Marqués? O Marqués é Álvaro de Bazán,⁹ e alí accedeu ao seu pazo e alí está o Arquivo Xeral da Armada Española.

Se queredes saber o que aconteceu referido á Armada española en Cuba ou se queredes saber o que aconteceu referido á Armada española nas Filipinas,

⁹ Álvaro de Bazán y Guzmán (Granada, 1526 - Lisboa, 1588), militar e almirante español do século XVI, considerado o meirande comandante naval da historia de España.

tedes que ir a Viso del Marqués. Alí apareceu unha copia desas ordenanzas do gremio de mareantes. E que me pareceu máis fascinante? Que estes talasónimos aí estaban: xa estaba *A Rabaleira*, xa estaba o *Xanrei* e xa estaba *O Enxogadoiro* — escrito *Enjogadoiro*—. Xa saberán o que é *O Xogadoiro*. Quero dicir: estes nomes, este patrimonio invisible vén de moi atrás, e soportou o desleixo e o desprezo, xa non por falta de actuación, de non poñer ningún letreiriño, das administracións. Sobre todo cando as administracións quixeron intervir aquí foi dende a ignorancia e para traer o desastre. No tempo do íncrito, xa non vou dicir o seu nome,¹⁰ púxolle a un sitio un letreiro que di “El Rincón del Moro”. A quen vén iso tendo aquí toda esta realidade?

Imos avanzando. Aquí está *O Gueivoiteiro* e aquí están *Os Coitelos*. E avanzamos cara a un capítulo fundamental desta costa que podemos chamar a *chapapotemaquia*. A chapapotemaquia, a guerra contra o chapapote. A Coruña é unha cidade preciosa. Apoiádeme:

—A Coruña é unha cidade...?

—Preciosa, neno! [público]

Enchendo a boca. E que é precioso, é marabilloso, “a luz submarina da Coruña”, que dicía Álvaro Cunqueiro. Pois na Coruña pasan cousas terribles, extraordinarias. Na Coruña non podemos falar de “realismo máxico”, temos que falar de “punkismo máxico”. Pasan cousas terribles; é algo inimaxinable. No resto do planeta Terra, se alguén quere ver efectos especiais, que fai? Vai ao cine ou vai a Internet. Nós non, apoiámonos na ventá.

Un coruñés calquera, por exemplo, Xurxo Souto, 59 anos. Cando tiña dez anos viu un efecto especial interesante: ía paseando pola rúa e vin caer do ceo pingas de auga negra. Chégalle ben, non? Xa volo dixen: o *Urquiola* estaba pasando por riba das Acentes, rabuñou un pouquiño, baixaba a marea, xa pasara, mandárono volver. Bateu, fendeuse, incendiouse e caeron do ceo pingas de auga negra. Mimadriña! Chégalle ben!

Pensabamos que non podíamos ver nada máis extraordinario, e o capitán Stavridis colleu mal a curva da Torre —o práctico estaba no Fiúza, que era unha famosa taberna para tomar o polbo— e espetou o *Mar Exeo* contra Os Coitelos.



Desastre do *Urquiola*. 12 de maio de 1976



Afundimento do *Aegean Sea*. 3 de decembro de 1992

A proa quedou encartada, fixo panca, rachou e vimos arder o mar! Xa sei que dende o punto de vista da física é moi fácil explicar por que arde o mar, pero dende a percepción humana é a imaxe apocalíptica. De todos os xeitos, hai que

recoñecer a temperanza que tivo, nese contexto de catástrofe, de comunicar o alcalde aquel Paco Vázquez, que dixo unhas palabras para a historia:

Coruñeses, coruñesas, tranquilos; el humo se va para Ferrol.

Pensabamos que non podiamos ver nada máis extraordinario, e pola banda de Ferrol a plataforma petrolífera máis grande do planeta Terra soltou amarras e aparcou en dobre fila enriba da ponte das Pías. Aparcou enriba, non foi en dobre fila. O Interpías, o *Enterprise*.

Pensabamos que non podiamos ver nada máis extraordinario, na biografía dunha persoa, e unha montaña de lixo —mellor dito, unha montaña de merda— caeu enriba do océano e levou a vida dunha persoa: o vertedoiro de Bens. Nós xa probamos as máscaras antes das pandemias.

Pensabamos que non podiamos ver nada máis extraordinario e chegou o *Prestige*. Porque o *Prestige* significa a morte do mar. En todas as literaturas o mar, xa o dixemos, é sinónimo da morte pero entendida como o Alén, o Máis Alá, o que os seres humanos nunca poderemos abarcar. Por iso, nese Alén, nese Máis Alá, está situada a illa do Paraíso. A illa do Paraíso á que chegou santo Amaro navegante, a illa do Paraíso á que chegou o irlandés Brendan, Brandán, a illa do Paraíso á que chegou Trecenzonio. A *Solistitionis Insula Magna*. Ben, pois o *Prestige* foi tal desastre que conseguiu matar o mar. Dende Portugal a Francia o mar morreu, e descubrimos que diante da morte dun océano só había un antídoto: as persoas, apañando chapapote na ribeira e berrando na rúa:

Nunca Máis!

Nunca Máis!

Nunca Máis!

Para explicar esa emoción colectiva acudo a un conto —que non é conto— que me contou Quico Cadaval, do rapaz da polbeira de Melide. O Deportivo da Coruña: estamos nun momento de esperanza... estamos pasándoo mal; pois isto évos moito peor. Dezasete anos en segunda división; chégaballe ben. Chamábanlle a longa noite de pedra. Cando por fin ascendeu, un grupo de rapaces alugaron un bus e tiraron para Madrid. Non ían excitados, ían o seguinte. Ao chegar a Betanzos dixerón:

—Flipa, neno! Tremendo globo!

O globo de Betanzos. Que excitación! Chegaron a Lugo:

—Lugo, tremendo murallón. Flipas, chorvo, que non?

Chegaron ao Bierzo:

—O Bierzo? Prada a Tope!¹¹

Chegaron a Astorga, silencio absoluto. Claro, o seu silencio era a expresión do desacougo diante dunha nova xeografía que nunca viran: a horizontalidade infinita da meseta. Quilómetros e quilómetros absolutamente chairros. Foron así 30, 40, 50 quilómetros ata que un veterano dixo unhas palabras para a historia. Dixo:

—Flipa, neno! Aquí todo o día hai marea baixa!

A forza colectiva dun pobo, dunha cultura, que levou o *salsieiro* a Madrid, e levou o *salsieiro*, como din en Malpica, a Europa toda.

Seguimos avanzando. Agora chegamos á Galera, á Illa da Galera, onde Xulio Monteiro atopou unha ferrada dun percebeiro. O meu compañeiro Mangüi construíu un instrumento musical, chamoulle ferrada acústica, e fixemos un concerto reivindicando este esplendor, con Manuel Rivas no ano 2022¹² e con Xulio Monteiro, á eufonía destes nomes:

Escoita, faro, meu lamento,
como che crece o cemento
na Coruña.

11 Empresa berciana de restauración, produtos gastronómicos e artesanía.

12 As festas de Monte Alto, o 4 de setembro de 1998. Manuel Rivas deu o pregón, e despois tocaron Os Diplomáticos de Monte Alto. Durante a actuación subiu ao escenario e cantou o percebeiro Xulio Montero, acompañándose coa “ferrada acústica”.

No alto da Torre albiscamos ese mar que vos dicía antes, de María Antonia. E quen foi María Antonia? Unha muller que vivía no Camiño Novo, ou sexa, na rúa de Juan Flórez, e que tiña a tenda aberta noite e día. Entón, cando a xente do mar viña de Irlanda ou simplemente cando a xente do día chegaban a terra, ían a calquera hora a María Antonia para comprar pementón, para vender o peixe, o que fose. Entón cando falaban polas telefonías, dicían: “Onde estás?”, “Estou en María Antonia”. E no gremio do mar da Coruña serviu para nomear todo este mar. Que bonito: unha muller do barrio de Santa Lucía que lle deu nome a todo un mar.



Seguimos avanzando. Xa estamos rematando a ruta. Hércules, fin do mundo para a cultura clásica, matou Xerión e rouboulle o seu gando. Pero non roubou todo, porque xusto ao pé da Torre temos *O Boi*, *A Vaca*, *O Becerro* e *O Becerriño*. E ademais, ao seu carón temos unhas pedras, *Pedras que Velan*, que só se ven cando está a marea moi baixa. O *Meixón de Morales* e O *Meixón de Santo Antonio*.

E agora, falando das intervencións das autoridades. A esta praia na nosa contorna sempre lle chamamos *a praia do Areal*. Sei que é unha redundancia, porque un areal é unha praia; *area* é praia en galego: *Area Maor* en Malpica, por exemplo. Nos mapas históricos aparece sempre como *A Lagoa do Areal*. E agora

dende hai algún tempo chámase *A Praia das Lapas*. E non hai lapas! E ninguén sabe por que lle chaman *A Praia das Lapas*. Isto é un misterio! Era unha praia que estaba abandonada, porque había un colector de lixo que caía aí, e había unha cloaca. Despois de moito preguntar —e isto non ten maior valor que anécdota— foi un señor da comparsa Monte Alto a Cen quen me dixo que lle dixeran Paco Vázquez, o alcalde da Coruña, que “las lapas son en el gallego el nombre de las llamas que había en el antiguo faro”. Ostras, en fin! Con que falta de propiedade se pode renomear un lugar que leva esa tradición dende hai centos de anos.



Garita da Pena da Vixía

Fonte: José López Hermida, “Fachos, Vigías, Velas y Atalayas desde el Cabo Ortegal a la Ría de Corme” (2017)

Outro caso. Mirade que imaxe tan bonita e tan evocadora. É a garita da Vixía. A Pena da Vixía, que está do outro lado da Torre, e que segue a tradición das atalaías e dos fachos que se estenden por toda a costa galega. Ao pé desta vixía hai unha rúa, que se chama a rúa da Vixía, porque era o elemento referencial absoluto. A vixía desapareceu e esa zona quedou abandonada. Ten unha importancia histórica suma: aí apareceron os petróglifos que agora están no castelo de

Santo Antón, pero que non teñen ningún tipo de etiqueta nin de información. E de repente pasamos de que estea totalmente esquecida a que houbera unha acción municipal, pois dicían que ían montar nesa zona abandonada o Bosque dos Nenos. Home! Se leva centos de anos chamándose a Pena da Vixía, se é a rúa da Vixía, e a vixía é referencial, como podemos ser tan ignorantes e ter unha ocorrencia para cambiarlle a súa propia identidade?

Aquí estaba o vixía que controlaba a entrada dos barcos que entraban pola canle cara ao porto, e que non se metesen polo centro, polo mar de Orzán. Pero un barco coreano, nos anos 50, equivocou a ruta, meteuse polo centro do Orzán e ía directamente cara a terra. O vixía deu a alarma, avisárono, todo quedou aclarado. Pero nese ano, no Carnaval, Canzobre, o grande armador de coplas do Carnaval coruñento, armoulle unha canción que dicía:

Pero o vixía
ao velo entrar
díxolle en coreano:
Telefunken pela China
que che poden atracar.
Chis pum!

Contos de Carnaval!

Xa estamos chegando ao final da ruta. Aquí, por certo, hai unha gran furna mariña pero que tampouco ten nome. Pregunteille a Milucho, e que me dixo?: “Aí non cría percebe”. Non ten ningunha importancia; esa é a cuestión. Dicíavos que é a expresión da miña frustración de vivir nun lugar marabilloso onde ninguén che explicaba nada do máis próximo, onde vivías nunha absoluta ignorancia. E como cheguei a coñecer a Milucho Mariñas? Tiña que facer unha entrevista sobre os percebes. Chamei a Corme: a xente de Corme estaba farta de entrevistas sobre percebes, non me querían atender. Chamei a Cedeira, aos meus contactos: tamén estaban bastante fartos de todo ese asunto e xa tampouco me querían atender. E díxome un rapaz:

—Pero ti es parvo, Xurxo! Andas buscando percebeiros pola parte de lonxe, e aí na rúa da Torre, ao lado da túa casa, no bar Tolín, paran os percebeiros da Torre.

Efectivamente eu era parvo, fun alí; coñecín o sabio Milucho Mariñas, entregoume unha parte moi pequeniña do seu saber que procuro honrar sempre que podo; e coñecín dous rapaces novos que ao principio non querían falar e logo se cadra falaron de máis. Dicían que estaban collendo percebes na Rabaleira, que agora xa sabedes onde está. Unha situación alegal, por non dicir profundamente ilegal, en veda, cando non se podía. Pero ben, o carto é o carto, non fagamos agora consideracións morais. Estaban alí no seu traballo cunha piña de percebes preciosa. Estaban traballando nel, e pasou por riba deles un helicóptero.

—Nada, neno; imos ir ao caldeiro, imos ir ao cárcere. Estamos en veda, o helicóptero da comandancia, xa nos viron, isto vai ser terrible.

Pero claro, a piña era moi feitiña, e seguiron traballando coa ferrada (“Coi-teladas de vida...”). Volve pasar o helicóptero por riba deles.

—Nada, neno, isto vai ser terrible, hai que escapar, marchamos.

Estaban marchando, pero un golpe máis de ferrada e levaban a piña de percebes, entón aguantaron un pouco máis e volveu o helicóptero, pero esta vez non pasou. Esta vez quedoulles na vertical, peiteándolles as guedellas. Asustáronse, evidentemente, saíron correndo, chegaron arriba, e cando chegaron arriba viron a realidade. Era o helicóptero da Volta Ciclista a España, que pasaba pola Coruña! E imaxinade que imaxe tan pintoresca para o realizador madrileño, ver os percebeiros na Torre. Foron ao bar onde paran sempre, no bar do Tolín, eses bares de antes que tiñan a televisión enriba da porta para que non se vexan os partidos de fútbol dende fóra, e conforme entraron pola porta xa lles dixeron os compañeiros:

—Que ghupos saístes na televisión!

Diso se trata, este mundo ignoto, descoñecido, invisible, que saia pola televisión, que se divulgue, que se coñeza, e que triunfe a cultura, nunha palabra. Que é un monumento da humanidade, pois que non se ignore, que non se oculte, que non se minusvalore este patrimonio, esta eufonía dos nomes que veñen da tradición e que teñen que mirar cara ao futuro. Veña, vamos botar outro “Medre”:

—Medre a ruta do sabio percebeiro Milucho Mariñas!
—Medre! [público]
—Medre Milucho Mariñas!
—Medre! [público]
—Medre a ruta de Ulises Fingal!
—Medre! [público]



Mar do Orzán. Real Academia Galega. Arquivo

E agora, claro, como xa utilicei as vosas voces varias veces, quero acudir a elas para facer música deste outro talasónimo absolutamente marabilloso e misterioso —moi estudado por Iván Méndez, recoméndovos os seus traballos—: O Orzán. Aquí vemos unha foto antiga, a Torre, e aquí estaría, non se ve, a Pena da Vixía. *Orzán*, a palabra perfecta. Fronte á dobre articulación da linguaxe, unha identidade entre a forma e o fondo. Porque *Orzán* comeza cun *o* redondo, como é redonda a baía da Coruña, *oooo*; colle velocidade nese *r*, *ooooorr*; e, por

fin, como rachan as ondas, a palabra tamén racha: *Orzán!* Ese *z* fricativo, ese *a* aberto, e ese *n* que é pura espuma de mar. Veña, axudádeme. Anicámonos, vai:

—Un, dous, tres... Oooooooooooooooooorzán!

Hai que levantar os brazos!

—Oooooooooooooooooorzán!

Están chegando os salsieiros de Orzán a Punkivedra!

—Un, dous, tres... Oooooooooooooooooorzán!

E agora xa con melodía. As palabras de antes que se converten en música. Xa sabedes o que din os aborixes australianos: cada camiño é unha canción. Pois esta canción dos topónimos é grande, fecunda e cargada de futuro.

Orzán!

Orzán!

Porque sei que nacín da túa auga.

Porque sei, levo dentro o teu sal.

Porque sei que estarei na túa entraña,

móllome na túa palabra,

no teu nome,

Orzán.

Móllome na túa palabra,

no teu nome,

Orzán.

Porque tes toda a auga da infancia,
porta escura, negro trebón,
es o Alén onde agarda o misterio,
arde todo o universo
na luz do teu solpor.

Arde todo o universo
na luz do teu solpor.

Orzán!

Orzán!

Orzán!

Orzán!

Moitísimas grazas.

Medre o mar!

Índice

Limiar	7
Ana Boullón e Luz Méndez	
I. Talasonimia: estudo, vivencia, divulgación	
Evolución de topónimos e talasónimos na cartografía de Galicia	15
María de los Ángeles Piñeiro Antelo	
Lance á talasonimia popular: o traballo de campo	31
Helena Domínguez García	
Coloquio con Ángeles Piñeiro e Helena Domínguez	51
As marcas do mar dos guardeses	55
José Benito Rodríguez Álvarez, “Tito O Chirro”	
Un tesouro do patrimonio cultural inmaterial: a talasonimia. Estratexias de difusión	69
Xosé Lois Vilar Pedreira	
Coloquio con José Benito Rodríguez, “Tito, O Chirro” e Xosé Lois Vilar	85

II. Naonimia: os nomes das embarcacións

Nomes que navegan: barcos e bateas nas Rías Baixas 99

Lucía López Lires e Aarón Otero Ferrari

Aceptamos barco como animal de compañía.

Proposta de unidade didáctica para a análise da naonimia

en 2º da ESO 133

José Manuel Dopazo Entenza

Coloquio con Lucía López, Aarón Otero e Xosé Manuel Dopazo 145

III. Actuación

A ruta de Ulises de Fingal 155

Xurxo Souto



Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

Galicia ten preto de 1 500 quilómetros de litoral. Á riqueza da microtoponimia que presentan as terras ribeiregas, debemos engadir a dos nomes das áreas mergulladas, as realidades invisibles dos fondos mariños. Os pescadores coñecían ben eses nomes, pois advertíanos dos perigos que podían representar as pedras baixo as augas ou dos lugares onde había abundancia de determinado peixe. Do mesmo xeito que a microtoponimia do mundo rural está en grave risco de esquecemento, os topónimos do mar sofren aínda máis cos cambios profundos que trouxeron a tecnoloxía da navegación e a industrialización da pesca.

Dos nomes do mar, dos accidentes xeográficos e dos elementos relacionados con el, tratou a *X Xornada de Onomástica Galega*, concretamente da talasonimia e a naonimia.

Ana Boullón e Luz Méndez



REAL ACADEMIA GALEGA



**Deputación
Pontevedra**